



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 283
12 de novembro de 2025

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia [133425](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ **38374 (12/MOC-000089)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 37225, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 4 de novembro de 2025.)

[133441](#)

■ **38375 (12/MOC-000090)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36026, publicada no BOPG núm. 268f1, do 15 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 4 de novembro de 2025.)

[133445](#)

■ **38430 (12/MOC-000091)**

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35488, publicada no BOPG núm. 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 4 de novembro de 2025.)

[133430](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ **38507 (12/PNP-002832)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 13 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para divulgar a obra de Xosé Neira Vilas co gallo do décimo aniversario do seu pasamento [133452](#)

I 38520 (12/PNP-002834)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 13 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún

[133456](#)

I 38522 (12/PNP-002835)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 13 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que intensifique a información destinada aos titulares das explotacións avícolas verbo das medidas de prevención para evitar a transmisión da gripe aviaria

[133460](#)

Admisión a trámite e publicación

I 37983 (12/PNP-002788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias ambientais do incendio da comarca de Valdeorras iniciado en Larouco

[133466](#)

I 38003 (12/PNP-002789)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da dotación de radiólogos/as da Área Sanitaria de Vigo

[133471](#)

I 38034 (12/PNP-002790)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que tome a decisión de dotar o novo centro de saúde de Moaña dun servizo de urxencias desde o momento da súa apertura

[133475](#)

I 38044 (12/PNP-002791)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento da lexislación lingüística e da corrección das súas comunicacións que exclúan o galego ou nas que se use toponimia deturpada

[133479](#)

I 38061 (12/PNP-002792)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 9 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á remodelación da intersección da estrada N-550 na parroquia de Louredo, en Mos [133484](#)

I 38102 (12/PNP-002794)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo tendo en conta o estado da ponte da estrada AC-455 que atravesa o río Dubra no devandito concello [133488](#)

I 38108 (12/PNP-002795)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as demandas ao Goberno galego en relación coa planificación orzamentaria da mellora da seguridade viaria da estrada AC-455 no treito correspondente ao concello de Val do Dubra [133492](#)

I 38125 (12/PNP-002796)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego no que atinxe á regulación e planificación da produción de biogás e biometano [133496](#)

I 38131 (12/PNP-002797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que se comprometa co cumprimento da lexislación lingüística por parte dos cargos públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional [133502](#)

I 38148 (12/PNP-002798)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello [133507](#)

I 38153 (12/PNP-002799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que convoque este ano a liña de axudas ás entidades locais para a construción, rehabilitación ou mellora das instalacións deportivas municipais [133511](#)

I 38166 (12/PNP-002800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da redacción dun novo marco normativo para transformar o actual modelo de aproveitamento da enerxía eólica [133515](#)



I 38174 (12/PNP-002801)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos [133522](#)

I 38178 (12/PNP-002802)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de garantir a liberdade do profesorado e dos centros de ensino no uso de materiais didácticos que fomenten o pensamento crítico e o debate democrático [133527](#)

I 38187 (12/PNP-002803)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación cos incumprimentos dos contratos licitados no servizo público de transporte por estrada [133532](#)

I 38195 (12/PNP-002804)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que impulse un proceso negociador co Goberno central para acadar a transferencia a Galicia da xestión e da titularidade aeroportuarias [133537](#)

I 38209 (12/PNP-002805)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas para mellorar a calidade asistencial e a dotación de persoal médico e de enfermaría do Centro de Saúde de Cariño [133544](#)

I 38232 (12/PNP-002806)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego en relación cun problema de verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal [133548](#)

I 38239 (12/PNP-002807)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto lei 11/2025 para que todas as persoas enfermas de ELA se poidan beneficiar das axudas ás que se comprometeu [133553](#)

I 38242 (12/PNP-002808)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante a previsible redución por parte da Comisión Europea dos TAC e das cotas pesqueiras para 2026 e a súa afección á frota galega

[133557](#)**I 38249 (12/PNP-002809)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a proposta para a adopción dun acordo en defensa da liberdade de pensamento, da pluralidade e en contra do adoutramento ideolóxico ou partidista no ámbito educativo

[133562](#)**I 38255 (12/PNP-002810)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse os trámites precisos para equiparar as parellas de feito legalmente constituídas cos matrimonios para os efectos do IRPF

[133567](#)**I 38292 (12/PNP-002811)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

[133571](#)**I 38301 (12/PNP-002812)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 13 máis

Sobre as accións que debe promover a Xunta de Galicia co gallo do quincuaxésimo aniversario do pasamento de Ramón Otero Pedrayo

[133576](#)**I 38305 (12/PNP-002813)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que exclúa o sector pesqueiro da obriga da fichaxe dixital da xornada laboral

[133584](#)**I 38309 (12/PNP-002814)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 7 máis

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co fin de materializar a planificación hidrolóxica que incorpora solucións baseadas na natureza para a prevención de inundacións

[133589](#)**I 38319 (12/PNP-002815)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do traslado de información á Cámara galega respecto da xestión do Fondo Social polo Clima que está a levar a cabo o Goberno central

[133595](#)

I 38324 (12/PNP-002816)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento da súa colaboración coa UNED e as universidades públicas galegas co fin de mellorar a oferta de prazas para cursar o mestrado universitario en Formación do Profesorado

[133599](#)**I 38328 (12/PNP-002817)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de medidas para mellorar a cobertura de telecomunicacións no municipio de Ferrol, especialmente nas parroquias de Covas e Esmelle

[133603](#)**I 38339 (12/PNP-002818)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego nos espazos da comarca de Valdeorras afectados polos incendios de agosto de 2025 co obxectivo de restaurar o solo e evitar a contaminación das augas

[133609](#)**I 38343 (12/PNP-002819)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

[133614](#)**I 38345 (12/PNP-002820)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego ante a inminente caducidade do actual Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

[133617](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación****I 38496 (12/PNC-003356)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para divulgar a obra de Xosé Neira Vilas co gallo do décimo aniversario do seu pasamento

[133621](#)**I 38521 (12/PNC-003358)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún

[133625](#)

I 38523 (12/PNC-003359)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que intensifique a información destinada aos titulares das explotacións avícolas verbo das medidas de prevención para evitar a transmisión da gripe aviaria

[133629](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 38002 (12/PNC-003305)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da dotación de radiólogos/as da Área Sanitaria de Vigo

[133634](#)

I 38032 (12/PNC-003306)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que tome a decisión de dotar o novo centro de saúde de Moaña dun servizo de urxencias desde o momento da súa apertura

[133638](#)

I 38043 (12/PNC-003307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento da lexislación lingüística e da corrección das súas comunicacións que exclúan o galego ou nas que se use toponimia deturpada

[133642](#)

I 38055 (12/PNC-003308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para recuperar o monte queimado na comarca do Condado durante o verán de 2025

[133647](#)

I 38060 (12/PNC-003309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á remodelación da intersección da estrada N-550 na parroquia de Louredo, en Mos

[133653](#)

I 38082 (12/PNC-003310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria



Sobre as medidas inmediatas que debe tomar o Goberno galego co obxectivo de construír un novo modelo de atención primaria na sanidade pública galega [133657](#)

I 38103 (12/PNC-003311)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo tendo en conta o estado da ponte da estrada AC-455 que atravesa o río Dubra no devandito concello [133662](#)

I 38109 (12/PNC-003312)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as demandas ao Goberno galego en relación coa planificación orzamentaria da mellora da seguridade viaria da estrada AC-455 no treito correspondente ao concello de Val do Dubra [133667](#)

I 38110 (12/PNC-003313)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as demandas ao Goberno galego en relación coa planificación orzamentaria da mellora da seguridade viaria da estrada AC-455 no treito correspondente ao concello de Val do Dubra [133671](#)

I 38126 (12/PNC-003314)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego no que atinxe á regulación e planificación da produción de biogás e biometano [133675](#)

I 38132 (12/PNC-003315)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que se comprometa co cumprimento da lexislación lingüística por parte dos cargos públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional [133681](#)

I 38140 (12/PNC-003316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve a cabo unha inspección respecto do funcionamento e do nivel de cumprimento contractual da empresa concesionaria do SAF de Pontearreas [133686](#)

I 38149 (12/PNC-003317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello [133691](#)



I 38152 (12/PNC-003318)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que convoque este ano a liña de axudas ás entidades locais para a construción, rehabilitación ou mellora das instalacións deportivas municipais

[133695](#)**I 38167 (12/PNC-003319)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da redacción dun novo marco normativo para transformar o actual modelo de aproveitamento da enerxía eólica

[133699](#)**I 38173 (12/PNC-003320)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

[133706](#)**I 38179 (12/PNC-003321)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de garantir a liberdade do profesorado e dos centros de ensino no uso de materiais didácticos que fomenten o pensamento crítico e o debate democrático

[133711](#)**I 38188 (12/PNC-003322)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación cos incumprimentos dos contratos licitados no servizo público de transporte por estrada

[133716](#)**I 38194 (12/PNC-003323)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que impulse un proceso negociador co Goberno central para acadar a transferencia a Galicia da xestión e da titularidade aeroportuarias

[133721](#)**I 38201 (12/PNC-003324)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto da protección do patrimonio industrial da antiga baleeira de Caneliñas, no municipio de Cee

[133728](#)**I 38210 (12/PNC-003325)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas para mellorar a calidade asistencial e a dotación de persoal médico e de enfermaría do Centro de Saúde de Cariño [133733](#)

I 38229 (12/PNC-003326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Castro García, Daniel

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas para mellorar a cobertura telefónica e o sinal televisivo da TDT nas zonas rurais de Muxía [133738](#)

I 38233 (12/PNC-003327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego en relación cun problema de verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal [133743](#)

I 38238 (12/PNC-003328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto lei 11/2025 para que todas as persoas enfermas de ELA se poidan beneficiar das axudas ás que se comprometeu [133748](#)

I 38241 (12/PNC-003329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante a previsible redución por parte da Comisión Europea dos TAC e das cotas pesqueiras para 2026 e a súa afección á frota galega [133753](#)

I 38248 (12/PNC-003330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a proposta para a adopción dun acordo en defensa da liberdade de pensamento, da pluralidade e en contra do adoutramento ideolóxico ou partidista no ámbito educativo [133758](#)

I 38254 (12/PNC-003331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse os trámites precisos para equiparar as parellas de feito legalmente constituídas cos matrimonios para os efectos do IRPF [133763](#)

I 38291 (12/PNC-003332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA) [133767](#)



I 38300 (12/PNC-003333)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e 13 máis**

Sobre as accións que debe promover a Xunta de Galicia co gallo do quincuaxésimo aniversario do pasamento de Ramón Otero Pedrayo

[133772](#)**I 38303 (12/PNC-003334)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que exclúa o sector pesqueiro da obriga da fichaxe dixital da xornada laboral

[133779](#)**I 38308 (12/PNC-003335)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e 7 máis**

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co fin de materializar a planificación hidrolóxica que incorpora solucións baseadas na natureza para a prevención de inundacións

[133784](#)**I 38314 (12/PNC-003336)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández González, Ariadna**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que tome as medidas oportunas para garantir o horario de funcionamento da Escola Infantil Galiña Azul de Arzúa

[133790](#)**I 38320 (12/PNC-003337)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do traslado de información á Cámara galega respecto da xestión do Fondo Social polo Clima que está a levar a cabo o Goberno central

[133794](#)**I 38323 (12/PNC-003338)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento da súa colaboración coa UNED e as universidades públicas galegas co fin de mellorar a oferta de prazas para cursar o mestrado universitario en Formación do Profesorado

[133798](#)**I 38329 (12/PNC-003339)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de medidas para mellorar a cobertura de telecomunicacións no municipio de Ferrol, especialmente nas parroquias de Covas e Esmelle

[133802](#)**I 38338 (12/PNC-003340)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego nos espazos da comarca de Valdeorras afectados polos incendios de agosto de 2025 co obxectivo de restaurar o solo e evitar a contaminación das augas [133807](#)

I 38344 (12/PNC-003341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua [133813](#)

I 38346 (12/PNC-003342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego ante a inminente caducidade do actual Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 [133816](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 38366 (12/CPP-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da situación en que se atopan as residencias de maiores en Galicia e das actuacións do seu goberno fronte ás irregularidades detectadas [133820](#)

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 38265 (12/CPP-000073)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre o avance na igualdade e na loita contra a violencia de xénero en Galicia [133823](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

I 38266 (12/CPC-000124)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por petición propia, para informar sobre a implantación da Garantía Infantil Europea en Galicia e o seu impacto na loita contra a pobreza infantil [133825](#)



1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 38073 (12/INT-001386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a transparencia e a coherencia do Goberno galego nas súas subvencións, singularmente no caso das entregadas ao festival Ouren Sound Fest por parte da Dirección Xeral para o Deporte

[133827](#)

I 38104 (12/INT-001388)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a planificación e a execución por parte do Goberno galego da revisión e conservación de estradas, en concreto no que atinxe á ponte situada na AC-455 en Val do Dubra

[133831](#)

I 38127 (12/INT-001389)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a planificación prevista polo Goberno galego para o desenvolvemento da produción de biogás e biometano

[133835](#)

I 38151 (12/INT-001390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre as axudas do Goberno galego ao financiamento das instalacións deportivas municipais, en especial nos concellos da Costa da Morte

[133840](#)

I 38161 (12/INT-001391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política de normalización lingüística que está a impulsar o Goberno galego e o balance do programa orzamentario 151A Fomento da lingua galega

[133845](#)

I 38171 (12/INT-001392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a política de aproveitamento da enerxía eólica que desenvolve o Goberno galego e a sentenza que anula a autorización administrativa do parque Ruña III

[133849](#)

I 38172 (12/INT-001393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o retorno á sociedade galega da riqueza xerada polas instalacións eólicas e as modificacións introducidas na recente reforma do canon eólico

[133855](#)



I 38183 (12/INT-001394)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel**

Sobre o grao de desenvolvemento da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia e a creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural

[133860](#)**I 38192 (12/INT-001395)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a xestión do Goberno galego no ámbito do transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias deste sector

[133864](#)**I 38193 (12/INT-001396)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a postura do Goberno galego respecto da reclamación ao Goberno central da transferencia a Galicia da titularidade e xestión aeroportuarias

[133868](#)**I 38211 (12/INT-001397)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a planificación e a xestión sanitaria por parte da Xunta de Galicia no ámbito da atención primaria e as previsións para a mellora dos tempos de espera no Centro de Saúde de Cariño

[133874](#)**I 38237 (12/INT-001398)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre o control da contaminación das augas das rías galegas procedente das verteduras de residuos, como as rexistradas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal

[133878](#)**I 38240 (12/INT-001399)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as accións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os previsibles recortes de TAC e cotas para a frota pesqueira galega en 2026

[133882](#)**I 38290 (12/INT-001400)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a postura do Goberno galego no referido á actualización das condicións da Unidade de Policía Adscrita de Galicia (UPA)

[133887](#)**I 38307 (12/INT-001401)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e 7 máis**

Sobre o modelo de xestión hidrolóxica impulsado polo Goberno galego para a prevención das inundacións [133892](#)

I 38337 (12/INT-001402)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o labor da Xunta de Galicia desde agosto de 2025 na prevención da contaminación das augas derivada dos incendios forestais da comarca de Valdeorras [133898](#)

I 38350 (12/INT-001403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as estratexias e os obxectivos do Goberno galego en materia de vivenda ante a finalización do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 [133903](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o proxecto de lei do clima de Galicia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 31 de outubro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 33923 (12/PL-000009)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do clima de Galicia

BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

G. P. Popular de Galicia: Gonzalo Trenor López (titular) e Moisés Rodríguez Pérez (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Xosé Luis Bará Torres (titular) e Montserrat Valcárcel Armesto (suplente)

G. P. Socialista de Galicia: Paloma Castro Rey (titular) e Aitor Bouza Manso (suplente)

G. P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular)

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 38374 (12/MOC-000089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna



Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 37225, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 4 de novembro de 2025.)

- 38375 (12/MOC-000090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36026, publicada no BOPG núm. 268f1, do 15 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 4 de novembro de 2025.)

- 38430 (12/MOC-000091)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35488, publicada no BOPG núm. 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 4 de novembro de 2025.)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 38507 (12/PNP-002832)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 13 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para divulgar a obra de Xosé Neira Vilas co gallo do décimo aniversario do seu pasamento

- 38520 (12/PNP-002834)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 13 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún

- 38522 (12/PNP-002835)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 13 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que intensifique a información destinada aos titulares das explotacións avícolas verbo das medidas de prevención para evitar a transmisión da gripe aviaria

Admisión a trámite e publicación

- 37983 (12/PNP-002788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis



Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias ambientais do incendio da comarca de Valdeorras iniciado en Larouco

- 38003 (12/PNP-002789)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da dotación de radiólogos/as da Área Sanitaria de Vigo

- 38034 (12/PNP-002790)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que tome a decisión de dotar o novo centro de saúde de Moaña dun servizo de urxencias desde o momento da súa apertura

- 38044 (12/PNP-002791)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento da lexislación lingüística e da corrección das súas comunicacións que exclúan o galego ou nas que se use toponimia deturpada

- 38061 (12/PNP-002792)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á remodelación da intersección da estrada N-550 na parroquia de Louredo, en Mos

- 38102 (12/PNP-002794)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo tendo en conta o estado da ponte da estrada AC-455 que atravesa o río Dubra no devandito concello

- 38108 (12/PNP-002795)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as demandas ao Goberno galego en relación coa planificación orzamentaria da mellora da seguridade viaria da estrada AC-455 no treito correspondente ao concello de Val do Dubra

- 38125 (12/PNP-002796)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego no que atinxe á regulación e planificación da produción de biogás e biometano

- 38131 (12/PNP-002797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que se comprometa co cumprimento da lexislación lingüística por parte dos cargos públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

- 38148 (12/PNP-002798)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello

- 38153 (12/PNP-002799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que convoque este ano a liña de axudas ás entidades locais para a construción, rehabilitación ou mellora das instalacións deportivas municipais

- 38166 (12/PNP-002800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da redacción dun novo marco normativo para transformar o actual modelo de aproveitamento da enerxía eólica

- 38174 (12/PNP-002801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

- 38178 (12/PNP-002802)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de garantir a liberdade do profesorado e dos centros de ensino no uso de materiais didácticos que fomenten o pensamento crítico e o debate democrático

- 38187 (12/PNP-002803)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación cos incumprimentos dos contratos licitados no servizo público de transporte por estrada

- 38195 (12/PNP-002804)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que impulse un proceso negociador co Goberno central para acadar a transferencia a Galicia da xestión e da titularidade aeroportuarias

- 38209 (12/PNP-002805)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas para mellorar a calidade asistencial e a dotación de persoal médico e de enfermaría do Centro de Saúde de Cariño

- 38232 (12/PNP-002806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego en relación cun problema de verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal

- 38239 (12/PNP-002807)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto lei 11/2025 para que todas as persoas enfermas de ELA se poidan beneficiar das axudas ás que se comprometeu

- 38242 (12/PNP-002808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante a previsible redución por parte da Comisión Europea dos TAC e das cotas pesqueiras para 2026 e a súa afección á frota galega

- 38249 (12/PNP-002809)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a proposta para a adopción dun acordo en defensa da liberdade de pensamento, da pluralidade e en contra do adoutramento ideolóxico ou partidista no ámbito educativo

- 38255 (12/PNP-002810)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse os trámites precisos para equiparar as parellas de feito legalmente constituídas cos matrimonios para os efectos do IRPF

- 38292 (12/PNP-002811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA)



- 38301 (12/PNP-002812)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 13 máis

Sobre as accións que debe promover a Xunta de Galicia co gallo do quincuaxésimo aniversario do pasamento de Ramón Otero Pedrayo

- 38305 (12/PNP-002813)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que exclúa o sector pesqueiro da obriga da fichaxe dixital da xornada laboral

- 38309 (12/PNP-002814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 7 máis

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co fin de materializar a planificación hidrolóxica que incorpora solucións baseadas na natureza para a prevención de inundacións

- 38319 (12/PNP-002815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do traslado de información á Cámara galega respecto da xestión do Fondo Social polo Clima que está a levar a cabo o Goberno central

- 38324 (12/PNP-002816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento da súa colaboración coa UNED e as universidades públicas galegas co fin de mellorar a oferta de prazas para cursar o mestrado universitario en Formación do Profesorado

- 38328 (12/PNP-002817)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de medidas para mellorar a cobertura de telecomunicacións no municipio de Ferrol, especialmente nas parroquias de Covas e Esmelle

- 38339 (12/PNP-002818)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego nos espazos da comarca de Valdeorras afectados polos incendios de agosto de 2025 co obxectivo de restaurar o solo e evitar a contaminación das augas

- 38343 (12/PNP-002819)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

- 38345 (12/PNP-002820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego ante a inminente caducidade do actual Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 38496 (12/PNC-003356)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para divulgar a obra de Xosé Neira Vilas co gallo do décimo aniversario do seu pasamento

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38521 (12/PNC-003358)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38523 (12/PNC-003359)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que intensifique a información destinada aos titulares das explotacións avícolas verbo das medidas de prevención para evitar a transmisión da gripe aviaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 38002 (12/PNC-003305)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da dotación de radiólogos/as da Área Sanitaria de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 38032 (12/PNC-003306)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que tome a decisión de dotar o novo centro de saúde de Moaña dun servizo de urxencias desde o momento da súa apertura

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38043 (12/PNC-003307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento da lexislación lingüística e da corrección das súas comunicacións que exclúan o galego ou nas que se use toponimia deturpada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38055 (12/PNC-003308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para recuperar o monte queimado na comarca do Condado durante o verán de 2025

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38060 (12/PNC-003309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á remodelación da intersección da estrada N-550 na parroquia de Louredo, en Mos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38082 (12/PNC-003310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas inmediatas que debe tomar o Goberno galego co obxectivo de construír un novo modelo de atención primaria na sanidade pública galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38103 (12/PNC-003311)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo tendo en conta o estado da ponte da estrada AC-455 que atravesa o río Dubra no devandito concello

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38109 (12/PNC-003312)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis



Sobre as demandas ao Goberno galego en relación coa planificación orzamentaria da mellora da seguridade viaria da estrada AC-455 no treito correspondente ao concello de Val do Dubra
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38110 (12/PNC-003313)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre as demandas ao Goberno galego en relación coa planificación orzamentaria da mellora da seguridade viaria da estrada AC-455 no treito correspondente ao concello de Val do Dubra
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 38126 (12/PNC-003314)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego no que atinxe á regulación e planificación da produción de biogás e biometano
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38132 (12/PNC-003315)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que se comprometa co cumprimento da lexislación lingüística por parte dos cargos públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38140 (12/PNC-003316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve a cabo unha inspección respecto do funcionamento e do nivel de cumprimento contractual da empresa concesionaria do SAF de Ponteareas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38149 (12/PNC-003317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38152 (12/PNC-003318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que convoque este ano a liña de axudas ás entidades locais para a construción, rehabilitación ou mellora das instalacións deportivas municipais
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 38167 (12/PNC-003319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da redacción dun novo marco normativo para transformar o actual modelo de aproveitamento da enerxía eólica

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38173 (12/PNC-003320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38179 (12/PNC-003321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de garantir a liberdade do profesorado e dos centros de ensino no uso de materiais didácticos que fomenten o pensamento crítico e o debate democrático

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38188 (12/PNC-003322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación cos incumprimentos dos contratos licitados no servizo público de transporte por estrada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38194 (12/PNC-003323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que impulse un proceso negociador co Goberno central para acadar a transferencia a Galicia da xestión e da titularidade aeroportuarias

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38201 (12/PNC-003324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto da protección do patrimonio industrial da antiga baleeira de Caneliñas, no municipio de Cee

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38210 (12/PNC-003325)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas para mellorar a calidade asistencial e a dotación de persoal médico e de enfermaría do Centro de Saúde de Cariño
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38229 (12/PNC-003326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Castro García, Daniel

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas para mellorar a cobertura telefónica e o sinal televisivo da TDT nas zonas rurais de Muxía

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38233 (12/PNC-003327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego en relación cun problema de verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38238 (12/PNC-003328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto lei 11/2025 para que todas as persoas enfermas de ELA se poidan beneficiar das axudas ás que se comprometeu

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38241 (12/PNC-003329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante a previsible redución por parte da Comisión Europea dos TAC e das cotas pesqueiras para 2026 e a súa afección á frota galega

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38248 (12/PNC-003330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a proposta para a adopción dun acordo en defensa da liberdade de pensamento, da pluralidade e en contra do adoutramento ideolóxico ou partidista no ámbito educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38254 (12/PNC-003331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse os trámites precisos para equiparar as parellas de feito legalmente constituídas cos matrimonios para os efectos do IRPF

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 38291 (12/PNC-003332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38300 (12/PNC-003333)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 13 máis

Sobre as accións que debe promover a Xunta de Galicia co gallo do quincuaxésimo aniversario do pasamento de Ramón Otero Pedrayo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38303 (12/PNC-003334)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que exclúa o sector pesqueiro da obriga da fichaxe dixital da xornada laboral

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38308 (12/PNC-003335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 7 máis

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co fin de materializar a planificación hidrolóxica que incorpora solucións baseadas na natureza para a prevención de inundacións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38314 (12/PNC-003336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que tome as medidas oportunas para garantir o horario de funcionamento da Escola Infantil Galiña Azul de Arzúa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38320 (12/PNC-003337)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do traslado de información á Cámara galega respecto da xestión do Fondo Social polo Clima que está a levar a cabo o Goberno central

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38323 (12/PNC-003338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis



Sobre a demanda á Xunta de Galicia do reforzamento da súa colaboración coa UNED e as universidades públicas galegas co fin de mellorar a oferta de prazas para cursar o mestrado universitario en Formación do Profesorado
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38329 (12/PNC-003339)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da adopción de medidas para mellorar a cobertura de telecomunicacións no municipio de Ferrol, especialmente nas parroquias de Covas e Esmelle

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38338 (12/PNC-003340)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego nos espazos da comarca de Valdeorras afectados polos incendios de agosto de 2025 co obxectivo de restaurar o solo e evitar a contaminación das augas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38344 (12/PNC-003341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38346 (12/PNC-003342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego ante a inminente caducidade do actual Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 38366 (12/PPP-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da situación en que se atopan as residencias de maiores en Galicia e das actuacións do seu goberno fronte ás irregularidades detectadas



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 38265 (12/CPP-000073)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre o avance na igualdade e na loita contra a violencia de xénero en Galicia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 38266 (12/CPC-000124)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por petición propia, para informar sobre a implantación da Garantía Infantil Europea en Galicia e o seu impacto na loita contra a pobreza infantil

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 38073 (12/INT-001386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a transparencia e a coherencia do Goberno galego nas súas subvencións, singularmente no caso das entregadas ao festival Ouren Sound Fest por parte da Dirección Xeral para o Deporte

- 38104 (12/INT-001388)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a planificación e a execución por parte do Goberno galego da revisión e conservación de estradas, en concreto no que atinxe á ponte situada na AC-455 en Val do Dubra

- 38127 (12/INT-001389)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a planificación prevista polo Goberno galego para o desenvolvemento da produción de biogás e biometano

- 38151 (12/INT-001390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre as axudas do Goberno galego ao financiamento das instalacións deportivas municipais, en especial nos concellos da Costa da Morte



- 38161 (12/INT-001391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política de normalización lingüística que está a impulsar o Goberno galego e o balance do programa orzamentario 151A Fomento da lingua galega

- 38171 (12/INT-001392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a política de aproveitamento da enerxía eólica que desenvolve o Goberno galego e a sentenza que anula a autorización administrativa do parque Ruña III

- 38172 (12/INT-001393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o retorno á sociedade galega da riqueza xerada polas instalacións eólicas e as modificacións introducidas na recente reforma do canon eólico

- 38183 (12/INT-001394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre o grao de desenvolvemento da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia e a creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural

- 38192 (12/INT-001395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a xestión do Goberno galego no ámbito do transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias deste sector

- 38193 (12/INT-001396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a postura do Goberno galego respecto da reclamación ao Goberno central da transferencia a Galicia da titularidade e xestión aeroportuarias

- 38211 (12/INT-001397)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a planificación e a xestión sanitaria por parte da Xunta de Galicia no ámbito da atención primaria e as previsións para a mellora dos tempos de espera no Centro de Saúde de Cariño

- 38237 (12/INT-001398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre o control da contaminación das augas das rías galegas procedente das verteduras de residuos, como as rexistradas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal

- 38240 (12/INT-001399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os previsibles recortes de TAC e cotas para a frota pesqueira galega en 2026

- 38290 (12/INT-001400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego no referido á actualización das condicións da Unidade de Policía Adscrita de Galicia (UPA)

- 38307 (12/INT-001401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 7 máis

Sobre o modelo de xestión hidrolóxica impulsado polo Goberno galego para a prevención das inundacións

- 38337 (12/INT-001402)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o labor da Xunta de Galicia desde agosto de 2025 na prevención da contaminación das augas derivada dos incendios forestais da comarca de Valdeorras

- 38350 (12/INT-001403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as estratexias e os obxectivos do Goberno galego en materia de vivenda ante a finalización do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 5 de novembro, sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galiza (doc. núm 37225, [12/INT-001357]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Modificar o Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros residenciais de menores e os centros de atención á infancia, para adaptalo ás necesidades actuais do noso sistema de protección de menores e escolas infantís, con especial énfase na análise das rateos establecidas, acordando estas modificacións pertinentes cos profesionais do sector e cos seus usuarios e usuarias.
2. Reunirse cos traballadores e traballadoras das escolas infantís privadas, centros de atención á discapacidade e centros residenciais de menores, para escoitar as súas demandas e logo tomar medidas necesarias para mellorar as súas condicións laborais, feito que repercutirá na atención dos usuarios e usuarias.
3. Manter unha reunión coas traballadoras e traballadores das equipas técnicas do menor coa fin de escoitar as súas demandas e as eivas do sistema de

Asinado o día 07/11/2025 ás
11:13
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 07/11/2025 ás
11:13
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protección para garantir que todas as nenas, nenos e adolescentes teñan acceso ao sistema de protección de menores no momento de precisalo, duplicando a dotación de persoal do servizo.

4. Promover a elaboración de convenios galegos que establezan unhas condicións de traballo dignas e uns salarios xustos para todos aqueles traballadores e traballadoras do sistema de protección de menores, das escolas infantís e dos centros para atención á discapacidade.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/11/2025 11:13:06

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 11:13:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 11:13:45
Nº Rexistro: 38374
Data envío: 07/11/2025 11:13:45,542

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 11:13:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 11:13:45
Nº Rexistro: 38374
Data envío: 07/11/2025 11:13:45,542

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 5 de novembro, sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada (doc. núm **36026**, [12/INT-001321]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Encargar ao Consello de Contas unha auditoría de procedemento e de contido da contratación do SAEGAL desde o ano 2104.
2. Encargar ao Consello de Contas unha auditoría de procedemento e de contido da contratación do Plan de Transporte de Galiza e dos Proxectos de Explotación, con especial atención ás Actas de entrega e seguimento e aos traballos de campo relativos ás Paradas.
3. Enviar aos grupos con representación no Parlamento de Galiza a relación dos quilómetros da oferta realizados, concesión por concesión, os anos 2022 e 2023.
4. Enviar aos grupos con representación no Parlamento de Galiza a relación de penalidades aplicadas por incumprimento dos quilómetros obrigatorios concesión por concesión os anos 2022, 2023 e 2024.

Asinado o día 07/11/2025 ás
13:20
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 07/11/2025 ás
13:20
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Revisar os cálculos de compensacións adicionais, concesión por concesión, dos anos 2023 ata o 2025 mediante a presentación da documentación utilizada.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 07/11/2025 13:20:44

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 13:20:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:21:03
Nº Rexistro: 38375
Data envío: 07/11/2025 13:21:03,683

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:21:03
Nº Rexistro: 38375
Data envío: 07/11/2025 13:21:03,683

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 13:21:04

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 18:14:55
Nº Rexistro: 38430
Data envío: 07/11/2025 18:14:55.449

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Silvia Longueira Castro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 4 e 5 de novembro do 2025, sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo (12/INT-001294, doc. núm. 35488).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar unha campaña na que visibilice o que suporía a cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo.
2. Elaborar un dossier sobre a impronta da cultura galega e a súa incidencia no conxunto de España.
3. Realizar un informe sobre a xeración de emprego e fluxo económico que suporía que o galego fose lingua cooficial no Parlamento Europeo.
4. Impulsar un plan de relacións institucionais e diplomáticas cos representantes dos diferentes grupos políticos, especialmente os de orientación conservadora e liberal, dos Estados membros do Parlamento Europeo, co obxectivo de sumar apoios transversais á cooficialidade do galego como lingua europea, reforzando a idea de que a diversidade lingüística é unha riqueza compartida e un principio esencial da Unión Europea.

Santiago de Compostela, 7 de novembro do 2025

Asinado o día 07/11/2025 ás
18:14
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 07/11/2025 ás
18:13
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133449

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 07/11/2025 18:13:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 18:14:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 18:14:55
Nº Rexistro: 38430
Data envío: 07/11/2025 18:14:55,449

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 18:14:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 18:14:55
Nº Rexistro: 38430
Data envío: 07/11/2025 18:14:55,449

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:52:30
Nº Rexistro: 38507
Data envío: 10/11/2025 17:52:30.816

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:49
Por José Luis Ferro Iñ

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e Elena Candia López**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que adquire unha data tan especial como é o décimo aniversario do pasamento de Xosé Neira Vilas.

Exposición de motivos

Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces 1928-2015) foi un escritor, xornalista, ensaísta e poeta, que a través da narrativa foi quen de debuxar a realidade social da Galicia do século XX.

Nado nunha aldea do interior galego, viviu a súa nenez entre a escola e os traballos do agro, ata que a emigración o levou a Bos Aires. Alí puido combinar distintos empregos coas clases de literatura, historia ou economía galegas que impartían persoeiros como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste ou Ramón de Valenzuela, dentro da actividade formativa que desenvolvía a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGEA).

Despois de casar con Anisia Miranda, ámbolos dous fundaron Follas Novas, editorial e distribuidora do libro galego en toda América, que publicou a primeira edición da súa obra máis coñecida: *Memorias dun neno labrego*, que se convertería no libro máis lido, máis editado e máis traducido da literatura galega.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:49
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:49
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Desde entón, a súa obra non faría máis que medrar e, centrándose na realidade do rural, a vida da muller, a emigración ou o tempo da Guerra, publicou *Xente no rodicio* (1965), *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *A muller de ferro* (1969), *Cartas a Lelo* (1971), *Remuíño de sombras* (1973), *Aqueles anos do Moncho* (1977), *Nai* (1980) e *Querido Tomás* (1980). Ademais das obras de narrativa infantil *Espantallo amigo* (1971), *O cabaliño de buxo* (1971) e *A Marela Taravela* (1974).

Xa de volta en Galicia, Neira Vilas foi recoñecido pola súa gran aportación á cultura galega, recibindo importantes distincións como o Premio da Crítica de Galicia (1981), a Medalla Castelao (1988), o Premio Trasalba (2004), o Premio Laxeiro (2010), o Premio Otero Pedrayo (2013) e a Medalla de Ouro de Galicia (2015).

Agora, conscientes da importancia e do significado de toda a súa obra, co gallo do décimo aniversario do seu pasamento, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver accións divulgativas que axuden a difundir a obra de Xosé Neira Vilas, co gallo do décimo aniversario do seu pasamento”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 17:49:09
Carmen Pomar Tojo na data 10/11/2025 17:49:21
José Luis Ferro Iglesias na data 10/11/2025 17:49:33
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 17:49:44
Víctor Baladrón Lamas na data 10/11/2025 17:49:57
Julio García Comesaña na data 10/11/2025 17:50:06
Patricia García González na data 10/11/2025 17:50:29
Rubén Lorenzo Gómez na data 10/11/2025 17:50:41
María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/11/2025 17:50:52
Raúl Santamaría González na data 10/11/2025 17:51:04
Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/11/2025 17:51:18
Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/11/2025 17:51:30
Manuel Santos Costa na data 10/11/2025 17:51:42
Cristina Sanz Arias na data 10/11/2025 17:52:00
Elena Candia López na data 10/11/2025 17:52:14



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:52:30
Nº Rexistro: 38507
Data envío: 10/11/2025 17:52:30.816

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:52:31

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:23:37
Nº Rexistro: 38520
Data envío: 10/11/2025 18:23:37,341

Asinado o día 10/11/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Rio, Julio Garcia Comesaña, Cristina Sanz Arias e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia de adoptar medidas diante desta doenza que pode dar lugar a importantes prexuízos, tanto nas explotacións afectadas, como no sector bovino do territorio no que se notifique a súa presenza

Exposición de Motivos:

A dermatose nodular contaxiosa (DNC) é unha enfermidade vírica que afecta ó gando vacún e a algúns animais silvestres, pero non ás persoas. É unha virose grave que ten diversas manifestacións (febre, esgotamento, etc.), pero o síntoma máis característico son os nódulos na pel, que poden aparecer por todo o corpo (fociño, cabeza, pescozo, ubres, abdome, etc.). A transmisión da enfermidade prodúcese fundamentalmente a través de diversas especies de insectos.

A dermatose pode producir a morte do animal, pero a súa afección máis importante é a redución da produción, especialmente no vacún de leite. Galicia produce o 42% do leite de España, polo que as consecuencias da entrada desta patoloxía no noso territorio sería un desastre para o sector primario galego e o noso rural.

A evolución da situación epidemiolóxica desta enfermidade en países da Unión Europea próximos tanto territorial como comercialmente con España, así como a detección desta doenza nas primeiras datas do mes de outubro en territorio español, na provincia de Xirona, en Cataluña, e que ten continuado ata a data con sucesivas notificacións de novos focos nesa comunidade, supón un importante aumento do nivel de risco de aparición da DNC en Galicia.

Asinado o día 10/11/2025 ás
18:18
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 10/11/2025 ás
18:18
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Reclamar unha maior implicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na coordinación e liderado da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa, co fin de que todas as comunidades autónomas contén coa máxima información actualizada posible á hora de sopesar as actuacións de prevención e vixilancia que fosen precisas en cada territorio e que, por lóxica sanitaria e de non distorsión da normal actividade do sector, deberían ser actuacións consensuadas e homoxéneas.
- 2.- Propoñer e articular xurídica e economicamente desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e coa participación da Comisión Europea, as actuacións de investigación científica e técnica necesarias co fin de desenvolver unha vacina para esta enfermidade, que permita a protección do gando bovino, evite a necesidade de sacrificios masivos nas explotacións que puidesen estar afectadas, así como posibilite o movemento habitual dos animais sen trabas comerciais para os animais vacinados, que se poderían diferenciar dunha maneira sinxela dos animais infectados naturalmente.
- 3.- Instar á Empresa Nacional de Seguros Agrarios (ENESA) a que inclúa no seu catálogo de cobertura de sinistros a dermatose nodular contaxiosa, establecendo uns valores de pago axeitados aos valores de mercado para os casos de bovinos mortos ou para os que se resolva o seu sacrificio obrigatorio pola autoridade competente.
4. Establecer polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un baremo de indemnización adecuado e actualizado de aplicación para os casos de sacrificio obrigatorio de animais ordenados polas autoridades sanitarias competentes en sanidade animal. Este baremo deberá corresponderse cos valores reais de mercado do gando bovino e ser de homoxénea aplicación en todas as comunidades autónomas, co fin de evitar distorsións territoriais nesta materia.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 18:18:22
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/11/2025 18:18:45
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2025 18:19:15
José Mato Díaz na data 10/11/2025 18:19:29
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/11/2025 18:19:36
Cristina Campero Dorado na data 10/11/2025 18:20:09
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/11/2025 18:20:20
Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 18:20:35
Ángel Rodríguez Conde na data 10/11/2025 18:20:46
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 18:21:06
Elena Candia López na data 10/11/2025 18:21:30
Paula Prado del Río na data 10/11/2025 18:21:42
Julio García Comesaña na data 10/11/2025 18:21:57
Cristina Sanz Arias na data 10/11/2025 18:22:22
Moisés Rodríguez Pérez na data 10/11/2025 18:22:53



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:23:37
Nº Rexistro: 38520
Data envío: 10/11/2025 18:23:37,341

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 18:23:38

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Elena Candia López, Jesús Fernández Rosende e José Luis Ferro Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia de adoptar medidas diante desta doenza que pode dar lugar a importantes prexuízos, tanto nas explotacións afectadas, como no sector avícola galego.

Exposición de motivos

A influenza aviaria –coñecida coloquialmente como “gripe aviar”– é unha das patoloxías máis nocivas para as explotacións avícolas, tanto polos elevados niveis de morbilidade e mortalidade que producen, como polas importantes restricións comerciais que a súa presenza implica para o sector da avicultura.

Neste marco, desde 2003 lévase a cabo, tanto en Galicia como no resto do Estado, o *Programa de vixilancia da influenza aviaria en España* do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (en adiante, MAPA), que inclúe tanto as aves domésticas –en curral e en cativeiro– como as aves silvestres. A estes efectos, cómpre destacar que, desde o pasado ano 2021, o devandito *Programa de vixilancia* permitiu constatar un aumento do risco de difusión do virus en toda Europa.

Actualmente en Galicia hai medidas de prevención adoptadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas,





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:27:05
Nº Rexistro: 38522
Data envío: 10/11/2025 18:27:05.229

ante o incremento da influenza aviaria noutras zonas de España e como reforzo, por tanto, para protexer as explotacións avícolas galegas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Estas normas entraron en vigor hoxe nos territorios denominados Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV) de Galicia, definidas na Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, publicada polo Ministerio, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. Estas medidas que xa estaban vixentes nos 11 concellos ZER e refórzanse agora para as ZEV.

As ZER están conformadas por A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, na provincia de Pontevedra; Xove, na de Lugo; e Cerceda, Ordes e Tordoia, na da Coruña. En ZEV son Cariño, Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do, Son Rianxo, Ribeira, Vimianzo e Zas, na provincia da Coruña; Ribadeo e Trabada, en Lugo; Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia, en Ourense; e A Guarda, Marín, Meis, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa, en Pontevedra.

Polo tanto, nestes territorios queda prohibida a cría de aves de curral ao aire libre, aínda que cando isto non sexa posible en determinadas circunstancias, estará permitido sempre que existan medidas de bioseguridade que garantan a ausencia de contacto, directo ou indirecto a través da auga ou alimento, das aves de curral con aves silvestres. Tamén se prohibe a cría de patos e gansos conxuntamente con outras especies de aves de curral, así como o emprego de aves das ordes Anseriformes e Charadriiformes como reclamos nas actividades cinexéticas.

Outra das medidas é a prohibición de dar auga ás aves de curral procedente de depósitos aos que poidan acceder aves silvestres, agás no caso que sexa tratada con métodos que garantan a inactivación do virus da influenza aviaria. Ademais, os depósitos de auga situados no exterior requiridos por motivos de benestar animal para determinadas aves de curral, deben estar protexidos suficientemente contra as aves silvestres.

Por último, queda prohibida a presenza de aves de curral ou outro tipo de aves cautivas nos centros nos que se concentran animais como os mercados e certames gandeiros, mostras, exhibicións ou celebracións culturais, así como calquera concentración de aves de curral ou outro tipo de aves cativas. Como





excepción, determinadas concentracións de aves poderán ser autorizadas pola autoridade competente tras unha avaliación individual de risco.

Neste respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que é totalmente transcendental afondar, sempre que sexa necesario, potenciar aquelas iniciativas encamiñadas a achegar toda a información dispoñible e actualizada da situación epidemiolóxica e recordo da necesidade de reforzar as medidas de bioseguridade das granxas, sobre todo evitando o contacto con aves silvestres (isto é, charlas informativas, control e seguimento de zonas ZER e/ou ZEV, visitas periódicas, remisión de información aos concellos, etcétera).

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que mediante comunicados ou calquera medio de difusión intensifique a información que se traslada aos titulares das explotacións avícolas sobre as medidas a adoptar nas súas explotacións de cara a evitar a transmisión e o posible incremento de focos de gripe aviaria na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 18:24:05
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/11/2025 18:24:18
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2025 18:24:29
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/11/2025 18:24:38
Cristina Campero Dorado na data 10/11/2025 18:24:49
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/11/2025 18:24:56
Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 18:25:09
José Mato Díaz na data 10/11/2025 18:25:24
Ángel Rodríguez Conde na data 10/11/2025 18:25:35
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 18:25:49
Raquel Arias Rodríguez na data 10/11/2025 18:26:03
Víctor Baladrón Lamas na data 10/11/2025 18:26:14
Elena Candia López na data 10/11/2025 18:26:25
Jesús María Fernández Rosende na data 10/11/2025 18:26:39
José Luis Ferro Iglesias na data 10/11/2025 18:26:51



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:27:05
Nº Rexistro: 38522
Data envío: 10/11/2025 18:27:05.229

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 18:27:06

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o catastrófico incendio de Larouco-Valdeorras e as graves consecuencias económicas, ambientais, nos acuíferos e no subministro domiciliario de auga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Os graves incendios que levaron a esta catástrofe orixináronse nus poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais, e nin sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola negligencia da Xunta.

No mes de agosto de 2025, en Seadur no concello de Larouco, produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou preto de 40.000 hectáreas. Este incendio, o mais grande da historia de Galiza arrasou





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terras de Larouco, O Bolo, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda, O Barco, Rubiá, A Veiga, Quiroga e terras limítrofes da Castela León.

Ás consecuencias económicas directas dos lumes únense agora os danos causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes desta comarca, en tanto que a erosión e a perda de solo son moi importantes, véndose favorecidas pola orografía do territorio que se queimou.

Ademais, entre as consecuencias deste desastre temos agora outras no relativo as augas provocado polos arrastres nas zonas queimadas. Uns arrastres que chegan aos cursos de auga provocando unha contaminación que afecta a auga de consumo humano, tal e como foi manifestado polos alcaldes da zona afectada nos días pasados.

A administración da Xunta de Rueda bota balóns fóra querendo traspasar a súa responsabilidade como administración competente no relativo aos montes agricultura e gandería. Con esta actitude a Xunta pretende trasladar a súa responsabilidade aos concellos da comarca e a administración do Estado.

Ao BNG a actitude dos dirixentes da Xunta de Galiza parécelle unha negligencia de libro e un abandono das súas competencias. Unha actitude que trae consecuencias moi graves para o medio ambiente, que traen consigo unha situación moi perigosa para as persoas residentes nesta comarca que ven comprometido o subministro de auga domiciliaria.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pór en marcha un plan urxente de restauración hidrolóxico forestal e de control da erosión en Valdeorras.

- Pór en marcha de xeito inmediato todas as medidas precisas para evitar que os arrastres provocados polas chuvias nas zonas queimadas cheguen aos cursos de auga e sigan provocando a contaminación dos acuíferos.

- Xuntarse cos alcaldes e alcaidesas dos concellos afectados e demais administracións para solucionar o grave problema de subministro de auga as poboacións afectadas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 31/10/2025 12:26:42

Luis Bará Torres na data 31/10/2025 12:26:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2025 12:26:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 12:30:10
Nº Rexistro: 37983
Data envío: 31/10/2025 12:30:10.497

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 12:30:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 12:30:10
Nº Rexistro: 37983
Data envío: 31/10/2025 12:30:10.497

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38003
Data envío: 31/10/2025 14:43:30,109

Asinado o día 31/10/2025 ás 14:41
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Os radiólogos e radiólogas do Hospital Álvaro Cunqueiro de VIGO, levan en folga desde o pasado 6 de outubro para reclamar que haxa máis profesionais de garda.

Non é un tema novo, dado que o colectivo leva reclamando ao Sergas a incorporación de máis persoal de garda para facer fronte ao incremento da demanda asistencial que teñen, e que orixina unha sobrecarga de traballo nos facultativos.

E á situación de folga chegan porque a Consellería de Sanidade ignorou ata a citada data a súa petición, aínda que nas últimas semanas, tras a folga, Sanidade fixo un par de ofertas pero que consideran insuficientes.

Desde o Grupo Socialista, levamos tempo insistindo na sobrecarga de traballo dos profesionais da sanidade por parte da Xunta de Galicia. E este é un claro exemplo. Onde non poden máis, onde non piden incremento salarial, senón máis radiólogos e radiólogas.

Unha das medidas propostas pola xerencia do Área Sanitaria de Vigo, é a implantación dun filtro para determinar se cada proba urxente de imaxe é necesaria ou non, co obxectivo de eliminar as que se puideren considerar prescindibles. Pero os profesionais din que esta medida, xa se probou e non tivo éxito.

Asinado o día 31/10/2025 ás 14:41
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 31/10/2025 ás 14:41
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133471

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38003
Data envío: 31/10/2025 14:43:30.109

Son centos de argumentos os que os radiólogos teñen ao seu favor para pedir o incremento de persoal, e por citar só un é contrastar o incremento de probas radiolóxicas fronte á conxelación do persoal desde hai moitos anos.

É necesario que a Xunta recapacite e se sente a negociar co cadro de profesionais de radioloxía porque poden existir solucións mesmo sen incrementar os recursos humanos.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incrementar o número de radiólogos e radiólogas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, ou adoptar outras medidas, para que se axuste ás necesidades da demanda.
2. Que a Xunta de Galicia e, en concreto, a Xerencia do Área Sanitaria de Vigo, se sente a negociar co cadro de radiólogos e radiólogas para alcanzar un acordo que dea resposta ás súas necesidades.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133472

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 31/10/2025 14:41:01

Silvia Longueira Castro na data 31/10/2025 14:41:12

Carlos López Font na data 31/10/2025 14:41:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/10/2025 14:41:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38003
Data envío: 31/10/2025 14:43:30.109

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38003
Data envío: 31/10/2025 14:43:30,109

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 14:43:31

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:58
Nº Rexistro: 38034
Data envío: 03/11/2025 11:50:58,718

Asinado o día 03/11/2025 ás 11:48
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O novo centro de Moaña está en construción, e cremos que é o momento oportuno para reclamar que este centro debe contar cun servizo de urxencias. A construción do Centro de Saúde de Moaña era unha necesidade prioritaria para os veciños e veciñas do concello.

Non foi un camiño fácil, aínda que non imos facer historia, porque nos levaría a cambiar de década e facer un longo percorrido ata principios da actual.

Aínda que si nos imos a parar un pouco no ano 2020, para poder entender o contexto actual.

O 13 de xaneiro do ano 2020 o entón Conselleiro de Sanidade, o Sr. Almuiña, convoca a unha reunión á Alcaldesa de Moaña, para avanzar na redacción dun convenio de colaboración respecto ao Centro de saúde.

Dous días máis tarde, o Concello de Moaña, recibe o borrador de convenio enviado polo Sergas. No mesmo detéctase un problema, dado que non contempla manter o PAC no novo centro de Saúde, dado que textualmente di: “Así mesmo, valorarase ao finalizar as obras de construción do novo centro de saúde a posibilidade de manter un Punto de Atención Continuada no concello de Moaña”.

Asinado o día 03/11/2025 ás 11:48
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 03/11/2025 ás 11:48
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133475

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:58
Nº Rexistro: 38034
Data envío: 03/11/2025 11:50:58,718

E é por mor deste parágrafo do convenio cando pola mesa local da sanidade pídese a súa rectificación no sentido de que debe recoller explicitamente que o novo centro de saúde vai contar cun PAC, polo menos, ata que se constrúa o CIS do Morrazo.

Con todo, vemos que a decisión se atrasa e se entorpece e agora a Xunta de Galicia, expón o elaborar un estudo de necesidades antes de tomar a decisión de si o novo centro de Saúde de Moaña vai contar co servizo de urxencias ou non.

Non parece normal que expoñan agora un estudo de necesidades cando antes Moaña xa contaba cun servizo de urxencias, e cando as demandas non se modificaron desde o covid-19. Basta, como exemplo, comprobar a poboación que é estable desde o ano 2019 a hoxe.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte de forma inmediata a decisión de que o novo centro de saúde de Moaña, desde a súa apertura, conte cun servizo de urxencias.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133476

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 03/11/2025 11:48:02

Silvia Longueira Castro na data 03/11/2025 11:48:13

Carlos López Font na data 03/11/2025 11:48:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/11/2025 11:48:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:58
Nº Rexistro: 38034
Data envío: 03/11/2025 11:50:58,718

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 11:50:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:58
Nº Rexistro: 38034
Data envío: 03/11/2025 11:50:58,718

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a comunicación remitida pola Consellaría de Educación ao funcionariado en prácticas, que incumpre a lexislación lingüística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Normalización Lingüística dispón:

- Artigo 12. 1: “O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”.

- Artigo 13.2, “As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”.

Alén diso, no artigo 6.3, dispón: “Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

-“1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas



demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.

- 3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, ademais, estas tres estratexias:

“Oferta positiva. Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. (...) No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego”.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

A Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional remitiu un correo electrónico, no pasado mes de agosto, aos novos mestres e mestras



que superaron o último proceso de oposicións con instrucións unicamente en castelán, ademais de usar toponimia deturpada. A mensaxe incluía instrucións relacionadas cos trámites que debe levar a cabo este novo funcionariado para a súa toma de posesión, e non incluía versión en galego, a pesar da normativa citada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Corrixir todo tipo de comunicacións que exclúan o galego e nas que se use toponimia deturpada.
2. Comprometerse a non volver emitir ningunha comunicación ao profesorado na que se incumpra a lexislación lingüística”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/11/2025 12:48:13

Mercedes Queixas Zas na data 03/11/2025 12:48:24

Daniel Castro García na data 03/11/2025 12:48:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/11/2025 12:48:40

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2025 12:52:54



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 12:54:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 12:54:07
Nº Rexistro: 38044
Data envío: 03/11/2025 12:54:07,360

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Julio García Comesaña, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A estrada N-550, de titularidade estatal, constitúe un dos principais eixes viarios de Galicia, unindo O Porriño con Santiago de Compostela e atravesando concellos con elevada actividade económica e industrial, como é o caso de Mos.

O seu trazado presenta múltiples puntos conflictivos, especialmente no tramo comprendido entre a gasoleira de Os Valos e a entrada de Pombal-Tablado, na parroquia de Louredo. Trátase dun treito que soporta un intenso tráfico de vehículos pesados e lixeiros e que carece, nalgúns puntos, de beiravía, o que obriga aos peóns —moitos deles peregrinos do Camiño de Santiago— a circular pola calzada, incrementando o risco de accidentes e comprometendo a seguridade viaria.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana elaborou o proxecto “Remodelación da intersección da estrada N-550 no punto quilométrico 148+650 (Louredo, Mos)”, cun orzamento estimado de 582.432,27 euros, aprobado definitivamente no Boletín Oficial do Estado do 9 de outubro de 2024. Este proxecto permitiría mellorar os accesos aos barrios de Pombal, Pantaño e San Gregorio, garantindo a seguridade viaria e a convivencia entre o tráfico rodado e os peóns.

Porén, a pesar de estar aprobado, o proxecto non conta con partida económica nos Presupostos Xerais do Estado vixentes, o que impide a súa licitación e

Asinado o día 03/11/2025 ás
16:15
Por Alberto Pazos Couñago



execución. Esta situación supón un novo atraso nunha demanda histórica dos veciños e do propio Concello de Mos, que levan anos reclamando unha actuación tan necesaria como xusta.

Resulta incomprensible que o Goberno central non dea prioridade a unha obra xa aprobada, de baixo custo e alto impacto social, mentres destina fondos a actuacións de menor relevancia ou en territorios con menor necesidade obxectiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Incluir nos Presupostos Xerais do Estado a partida necesaria para a execución do proxecto “Remodelación da intersección da estrada N-550 no punto quilométrico 148+650, parroquia de Louredo, concello de Mos”, aprobado definitivamente no ano 2024.
2. Proceder á licitación e inicio das obras no menor prazo posible, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e peonil nun tramo que soporta un elevado tráfico de vehículos e peóns, especialmente peregrinos do Camiño de Santiago.
3. Dar traslado desta resolución ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e á Subdelegación do Goberno en Pontevedra.”

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/11/2025 16:15:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38061
Data envío: 03/11/2025 16:16:15.370

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 16:16:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38061
Data envío: 03/11/2025 16:16:15.370

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-455 constitúe unha vía de comunicación esencial para a veciñanza de Val do Dubra e para o conxunto da comarca, conectando diversos núcleos de poboación e servindo de acceso a servizos básicos e áreas de actividade económica.

Porén, o seu estado de conservación e seguridade presenta importantes deficiencias que preocupan á cidadanía e aos concellos afectados. En particular, o tramo da ponte situada sobre o río Dubra atópase nun estado de evidente deterioro: a estrutura amosa gretas visibles en varios puntos, carece dun mantemento axeitado, como se pode comprobar ante acumulación de maleza e restos vexetais.

Esta situación supón un risco potencial tanto para o tráfico rodado como para o propio estado estrutural da infraestrutura, polo que resulta imprescindible que o Goberno galego actúe con dilixencia e priorice a súa reparación e avaliación técnica.

A seguridade viaria é unha competencia fundamental da Xunta de Galicia e debe ser tratada como unha cuestión de prevención e de responsabilidade pública. A conservación adecuada das infraestruturas non só garante a seguridade das persoas usuarias, senón que tamén contribúe á cohesión territorial e á mellora da calidade de vida no rural galego.



As actuacións sobre a ponte deben considerarse de carácter urxente, tanto pola súa relevancia para a seguridade viaria como pola necesidade de garantir a continuidade das comunicacións na zona. Con todo, cómpre dar un paso máis e analizar de maneira planificada a posibilidade dun novo trazado alternativo da estrada AC-455 que permita desviar o tráfico máis intenso por unha zona con mellores condicións técnicas, reducindo a presión sobre a ponte actual e mellorando a mobilidade e a seguridade de conxunto.

Por todo o exposto e en atención ás demandas da veciñanza e do concello de Val do Dubra, considérase urxente que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para garantir o mantemento, a seguridade e a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455, incluíndo as actuacións que resulten precisas para a súa posta a punto e avaliación técnica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á limpeza integral e acondicionamento da ponte situada na estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra, eliminando a maleza e os restos acumulados que comprometen a seguridade da infraestrutura.
2. Realizar con carácter urxente unha avaliación técnica da estabilidade e capacidade estrutural da ponte, co fin de garantir que cumpre os requisitos de seguridade viaria.
3. Planificar e executar, se for o caso, as obras de reparación necesarias derivadas dese estudo técnico, incorporando medidas de mellora da seguridade e sinalización no contorno.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/11/2025 13:48:44

Carlos López Font na data 04/11/2025 13:48:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 13:48:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:55:00
Nº Rexistro: 38102
Data envío: 04/11/2025 13:55:00,917

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 13:55:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:55:00
Nº Rexistro: 38102
Data envío: 04/11/2025 13:55:00,917

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Carlos López Font**, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-455 constitúe unha vía de comunicación esencial para a veciñanza de Val do Dubra e para o conxunto da comarca, conectando diversos núcleos de poboación e servindo de acceso a servizos básicos e áreas de actividade económica.

Porén, o seu estado de conservación e seguridade presenta importantes deficiencias que preocupan á cidadanía e aos concellos afectados. En particular, o tramo da ponte situada sobre o río Dubra atópase nun estado de evidente deterioro: a estrutura amosa gretas visibles en varios puntos, carece dun mantemento axeitado, como se pode comprobar ante acumulación de maleza e restos vexetais.

Esta situación supón un risco potencial tanto para o tráfico rodado como para o propio estado estrutural da infraestrutura, polo que resulta imprescindible que o Goberno galego actúe con dilixencia e priorice a súa reparación e avaliación técnica.

A seguridade viaria é unha competencia fundamental da Xunta de Galicia e debe ser tratada como unha cuestión de prevención e de responsabilidade pública. A conservación adecuada das infraestruturas non só garante a seguridade das



persoas usuarias, senón que tamén contribúe á cohesión territorial e á mellora da calidade de vida no rural galego.

As actuacións sobre a ponte deben considerarse de carácter urxente, tanto pola súa relevancia para a seguridade viaria como pola necesidade de garantir a continuidade das comunicacións na zona. Con todo, cómpre dar un paso máis e analizar de maneira planificada a posibilidade dun novo trazado alternativo da estrada AC-455 que permita desviar o tráfico máis intenso por unha zona con mellores condicións técnicas, reducindo a presión sobre a ponte actual e mellorando a mobilidade e a seguridade de conxunto.

Por todo o exposto e en atención ás demandas da veciñanza e do concello de Val do Dubra, considérase urxente que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para garantir o mantemento, a seguridade e a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455, incluíndo as actuacións que resulten precisas para a súa posta a punto e avaliación técnica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar nos vindeiros Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada á mellora da seguridade viaria na estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra.
2. Priorizar, dentro desa planificación, as actuacións necesarias para garantir o mantemento, limpeza, conservación e avaliación estrutural da ponte sobre o río Dubra.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/11/2025 13:49:05

Carlos López Font na data 04/11/2025 13:49:17

Patricia Iglesias Rey na data 04/11/2025 13:49:26

Elena Espinosa Mangana na data 04/11/2025 13:49:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 13:49:43



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 13:58:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:58:24
Nº Rexistro: 38108
Data envío: 04/11/2025 13:58:24.713

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:31
Nº Rexistro: 38125
Data envío: 04/11/2025 16:47:31.407

Asinado o día 04/11/25
16:46
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España aprobou en maio de 2025 unha nova folia de ruta do biogas, que actualiza os obxectivos de produción de enerxía renovable de orixe biolóxica e establece medidas para impulsar a valorización enerxética dos residuos orgánicos, a redución das emisións e o aproveitamento circular dos subprodutos gandeiros e agroindustriais.

Asinado o día 04/11/2025 ás
16:46
Por Lara Méndez López

Esta estratexia estatal promove o desenvolvemento de proxectos de biogas e biometano sostibles, vinculados ao territorio e orientados á xestión eficiente dos residuos gandeiros, en especial nas zonas de elevada carga intensiva como A Limia, Terra Chá, Deza, Xallas ou Arzúa-Ulloa.

Así mesmo, insta as comunidades autónomas a aprobar plans territoriais específicos que avalíen a capacidade de carga agraria, a dispoñibilidade de solo e a compatibilidade ambiental e social destes proxectos.

Asinado o día 04/11/2025 ás
16:46
Por Patricia Iglesias Rey

Porén, en Galicia non se coñece a existencia dun plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, nin dunha normativa autonómica específica que regule con claridade os criterios de localización, capacidade máxima das instalacións, distancias mínimas a núcleos de poboación ou medidas de control sobre o transporte e a xestión do dixestato xerado.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133496

28071 Madrid



En distintas comarcas, especialmente na Limia, estanse a promover proxectos de grandes dimensións, moitos deles impulsados por capitais alleos ao sector agrogandeiro galego, xerando preocupación social e ambiental polo posible incremento da presión sobre o solo e as augas subterráneas, así como polo tránsito intensivo de camións e o impacto sobre a calidade de vida no medio rural.

Neste contexto, cómpre coñecer cal é a posición da Xunta de Galicia respecto da Folla de Ruta estatal e as medidas que prevé adoptar para garantir que o desenvolvemento do biogas en Galicia sexa ordenado, sostible e compatible co equilibrio territorial e ambiental.

En particular, resulta oportuno aclarar:

- Se ten previsto o Goberno galego elaborar e aprobar un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, en coherencia coa folla de ruta estatal.
- Se incluírá medidas específicas para o tratamento integral do purín na comarca da Limia, atendendo á súa elevada carga gandeira e ao risco de declaración como Zona Vulnerable a Nitratos (ZVN).
- Se o Goberno galego dispón dunha normativa autonómica específica sobre as plantas de biogas e biometano, e se contempla establecer limitacións de capacidade, distancias mínimas a vivendas e núcleos rurais, e restricións ao transporte pesado asociado.
- Se se vai regular de forma específica a xestión do dixestato resultante do proceso de biometanización.
- E finalmente, que coordinación mantén o Goberno galego co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) para a execución da folla de ruta estatal e o aproveitamento dos fondos europeos destinados ao desenvolvemento do biogas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:31
Nº Rexistro: 38125
Data envío: 04/11/2025 16:47:31.407

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e aprobar un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, que teña en conta a capacidade de carga do chan agrario, a ordenación territorial e os obxectivos fixados pola folla de ruta do bioga aprobada polo Goberno de España en maio de 2025.
2. Incorporar a este plan medidas específicas para o tratamento do purín na comarca da Limia, co obxectivo de reducir a contaminación por nitratos e garantir o cumprimento da Directiva europea de protección das augas.
3. Promover a aprobación dunha regulación autonómica das plantas de biogas e biometano, que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:
 - a) Limitación da capacidade máxima das instalacións a 200.000 toneladas anuais.
 - b) Distancia mínima de ≥ 500 metros respecto dos núcleos rurais e ≥ 250 metros respecto de vivendas illadas, cando se sitúen en solo rústico.
 - c) Avaliación caso por caso en solo industrial, mediante Estudo de Impacto Ambiental (EIA).
 - d) Establecemento de distancias máximas para o transporte dos residuos e restrición do tráfico pesado asociado polos núcleos rurais e urbanos.
 - e) Regulación clara da xestión e destino do dixestato resultante do proceso de biometanización.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

133498

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:31
Nº Rexistro: 38125
Data envío: 04/11/2025 16:47:31.407

4. Reforzar a coordinación co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) co fin de garantir a coherencia entre a planificación autonómica e a folla de ruta estatal, así como o acceso eficaz aos fondos europeos destinados a proxectos de biogas sostibles.

Santiago de Compostela, a 3 de novembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133499

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/11/2025 16:46:27

Lara Méndez López na data 04/11/2025 16:46:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 16:46:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:31
Nº Rexistro: 38125
Data envío: 04/11/2025 16:47:31.407



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:31
Nº Rexistro: 38125
Data envío: 04/11/2025 16:47:31.407

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 16:47:32

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu en Pleno**, sobre uso da lingua galega nos actos públicos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Normalización Lingüística dispón:

- Artigo 4. 1: "Artigo 12. 1: "O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos".
- Artigo 13.2, "As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino".

Alén diso, no artigo 6.3, dispón: "Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns".

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

- "1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentárase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente".



- 3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, ademais, estas tres estratexias:

“**Oferta positiva.** Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. (...) No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego”.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

Nunha xornada de benvida que tivo lugar na Cidade da Cultura para dar a benvida ao funcionariado en prácticas, algúns cargos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional interviron unicamente en castelán.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a comprometerse a que os cargos públicos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cumpran a lexislación lingüística.”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/11/2025 17:02:10

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2025 17:02:15

Mercedes Queixas Zas na data 04/11/2025 17:02:25

Daniel Castro García na data 04/11/2025 17:02:33

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2025 17:02:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 17:04:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 17:04:29
Nº Rexistro: 38131
Data envío: 04/11/2025 17:04:29.975

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García Fernández, Julio García Comesaña, Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago é unha das rutas de peregrinación máis importantes e recoñecidas a nivel mundial, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. O seu percorrido atrae cada ano a miles de peregrinos e turistas, quen busca non só a experiencia espiritual da peregrinación, senón tamén a posibilidade de descubrir o patrimonio cultural, histórico e natural das diferentes localidades que atravesa.

Vigo é a única cidade europea sen sinalización oficial do Camiño de Santiago pola cerrazón do seu alcalde. A Xunta, os Hostaleiros, o Partido Popular de Vigo e toda a cidade reclama a súa instalación pero o alcalde négase a dar permiso para que a Xunta o sinalice.

A cidade de Vigo, como punto de paso do Camiño Portugués, presenta unha oportunidade única para potenciar o turismo e a visibilidade do patrimonio local. Con todo, actualmente a sinalización do camiño nesta cidade é insuficiente, o que pode dificultar a orientación dos peregrinos e restar atractivo á experiencia de percorrer esta ruta.

A falta de sinalización non só afecta os peregrinos, senón que tamén priva a Vigo dos beneficios económicos e culturais que leva o turismo asociado ao Camiño.

A Xunta tivo que recorrer á Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra para instalar a sinalización homologada do Camiño de Santiago en locais hostaleiros de Vigo que se sitúen na ruta do Camiño Portugués da Costa.

A posibilidade de que a Xunta de Galicia instale a sinalización foi rexeitada innumerables veces polo alcalde de Vigo, quen realizou declaracións desafortunadas que minimizan a importancia desta tura e as súas repercusións para a cidade.

Asinado o día 04/11/2025 ás
19:22
Por Alberto Pazos Couñago





Os datos reflicten que o Camiño Portugués da Costa bate todos os récords con case 75.000 peregrinos en 2024 e máis de 32.000 persoas aloxadas no albergue de Vigo desde 2021.

Unha correcta sinalización do Camiño de Santiago non só facilitaría o tránsito dos peregrinos, senón que tamén contribuiría á promoción do turismo, beneficiando aos comercios locais, a hostalería e a cultura da cidade.

En resumen, é fundamental que o Concello de Vigo tome medidas para recoñecer e apoiar esta ruta histórica, permitindo a sinalización oficial que facilitará o tránsito dos peregrinos e fomentará o turismo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Concello de Vigo para:

1. Permitir a sinalización oficial do Camiño de Santiago ao seu paso pola cidade, coordinándose coa Xunta de Galicia para a instalación de indicadores claros e visibles en puntos estratéxicos.
2. Revisar a postura do alcalde sobre o Camiño de Santiago, promovendo unha comprensión máis ampla dos beneficios culturais e económicos que este ruta achega a Vigo.
3. Fomentar a colaboración entre o Concello, a Xunta de Galicia e as asociacións de hostaleiros e de peregrinos para desenvolver unha estratexia de promoción do Camiño de Santiago en Vigo”

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/11/2025 19:22:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38148
Data envío: 04/11/2025 19:23:03.106

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 19:23:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38148
Data envío: 04/11/2025 19:23:03.106

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:22
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de convocar axudas para acometer reformas nas instalacións deportivas municipais da Costa da Morte.

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:22
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas das instalacións deportivas da costa da morte se atopan nun estado lamentable, debido á falla dun sistema de financiación local, que segue sen actualizarse dende hai máis de vinte anos, e que provoca que os concellos teñan que recorrer ás axudas doutras administracións, por non poder facer fronte a reformas das súas instalacións deportivas, xa que contan con moi poucos recursos propios para facer obras de investimento, e namentres, seguen mantendo as competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Unha das instalacións deportivas máis utilizadas na costa da morte son os campos de fútbol, e cada ano fan uso deles máis xente, tanto equipas de fútbol da categoría masculino como feminino, e nalgúns deles teñen instalacións para practicar outras disciplinas deportivas como por exemplo o atletismo. Existen varios campos de fútbol como de As Lombans, en Carnota, o Cubeleiro en Corcubión, o Arasolis de Fisterra, o Vicente Carril de Camariñas ou o campo da Arliña en Muxía que precisan reformas dos vestiarios, por atoparse en mal estado. Pero tamén é necesario renovar o céspede en moito deles, ou adecentar ou ampliar os aparcamentos ou os accesos a ditas

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:22
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións, custes que na maioría dos casos non se poden realizar con fondos propios dos concellos.

Dende o ano 2023 a Consellería non volveu a convocar as axudas a entidades locais para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable. Este ano tivo que ser a Deputación da Coruña, a que financiara tanto as obras de renovación e remodelación do complexo municipal de Cee, o San Paio de refoxos con case 500.000€ como o novo campo municipal de Vimianzo “os irmandiños”, cun importe similar. No caso do campo municipal “Platas Reinoso”, o concello de Baio tivo que facer un esforzo e tirar de remanente para financiarlo con fondos propios, dado que ningunha outra administración prestouse a axudar a este concello.

Á vista deste panorama de parálise total, é necesario convocar canto antes as axudas para que os concellos da costa da morte que non dispoñen de fondos propios, e de toda Galiza en xeral, poidan acometer as reformas necesarias nas instalacións deportivas municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a convocar este ano a liña de axudas a entidades locais para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 9:22:19

Iago Suárez Fernández na data 05/11/2025 9:22:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/11/2025 9:22:33

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 9:22:43



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 9:24:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38153
Data envío: 05/11/2025 09:24:23.289

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:13:26
Nº Rexistro: 38166
Data envío: 05/11/2025 11:13:26.408

Asinado o día 05/11/25
11:10
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Rosana Pérez Fernández, Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización administrativa do parque eólico Ruña III, e o modelo eólico da Galiza.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:09
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise da recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización administrativa do parque eólico Ruña III, e a urxente necesidade de reformar a normativa galega relativa ao aproveitamento eólico, de modo que garanta verdadeira protección ambiental, participación cidadá efectiva e retorno social e económico para o país.

Nas últimas dúas décadas, Galiza consolidouse como un dos territorios onde a produción de enerxía eólica ten un protagonismo singular. O rural galego, foi testemuña dunha auténtica revolución tecnolóxica, con centos de parques eólicos instalados e proxectos en permanente tramitación. Non obstante, esta integración no territorio non sempre se realizou exenta de conflitos: afeccións ambientais, presións sobre hábitats sensibles, afectación ao patrimonio cultural, ausencia de consensos veciñais e unha escasa repercusión económica para a poboación local e para as administracións galegas.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:09
Por José Manuel Golpe Acuña

Nos últimos anos, vemos dúcias de proxectos que chegan ao territorio sen orde nin concerto, mesmamente superpoñéndose uns a outros dentro dunha mesma localización.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A sentenza do TSXG sobre Ruña III pon de manifesto prácticas que se teñen xeneralizado no sector: fragmentación artificial dos proxectos; en tódalas súas vertentes, ben separando o parque e a súa evacuación eléctrica, ben fraccionando o proxecto en varios para non superar o límite de potencia que obriga á tramitación estatal. Tamén o emprego de avaliacións ambientais incompletas, participación pública limitada a procedementos formais e retorno económico insuficiente para Galiza.

A fragmentación dos proxectos eólicos, tal e como se recolle na sentenza da Ruña III, supón separar legalmente a tramitación do parque e das infraestruturas eléctricas asociadas, como as liñas de evacuación ou subestacións colectoras. Esta práctica, como denuncia a sentenza, impide unha avaliación ambiental integral dos impactos: considéranse só as afeccións locais de cada proxecto por separado, excluindo efectos sinérxicos ou acumulativos sobre territorio, biodiversidade e paisaxe.

Diversas sentenzas da xurisdición estatal e europea confirman que esta separación artificial é contraria ao espírito das Directivas europeas sobre impacto ambiental e á propia lexislación do sector eléctrico e galego, que exigen valorar conxuntamente todas as infraestruturas necesarias para o funcionamento dos parques eólicos. O Tribunal advirte que isto pode derivar en fraudes de lei e supón un menoscabo das esixencias medioambientais, facilitando autorizacións en lugares sensibles da Rede Natura 2000 ou espazos de alto valor ecolóxico polo simple feito de "trocear" os impactos.

A sentenza evidencia que a declaración de impacto ambiental formulada para Ruña III foi insuficiente: non valorou as afeccións directas e indirectas sobre especies protexidas, humedais, regatos, Red Natura 2000, nin analizou os efectos acumulativos cos parques próximos nin coas infraestruturas compartidas.

Ademais, reconécese que a lexislación actual permite modificar proxectos sen esixir necesariamente nova información pública ou consultas á cidadanía, a menos que se xulgue que existen "efectos significativos" diferentes dos previstos. Esta



discrecionalidade administrativa facilita que as modificacións non sexan debidamente sometidas a control social nin ambiental. Como resultado, licéncianse proxectos con impactos non avaliados e en condicións que desatenden obxectivos de protección do territorio, da paisaxe e da biodiversidade.

Un dos déficits máis graves subliñados polo Tribunal reside na participación pública efectiva. Aínda que se realiza formalmente a exposición de proxectos e avaliacións ambientais, numerosos cidadáns e colectivos denuncian dificultades reais para acceder á documentación, presentar alegacións e obter respostas motivadas. O propio proceso de información pública acostuma ser complexo e pouco accesible, con prazos reducidos, publicacións dispersas e falta de información nos casos de modificacións sobre proxectos en tramitación.

A sentenza recolle incluso vulneracións de directivas europeas sobre o dereito de acceso á información ambiental e á participación pública. En resumen, na práctica actual, a cidadanía é relegada a un papel secundario fronte aos intereses das promotoras e a aparente urxencia administrativa por "despachar" proxectos.

Galiza, a pesar de ser un dos territorios que máis enerxía achega á produción eólica do Estado, apenas percibe retorno económico directo: o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental resultan insuficientes para cubrir custos ambientais, sociais e de infraestruturas municipais. As comunidades afectadas non participan realmente na toma de decisións nin reciben compensación xusta polo papel estratéxico que desempeñan na transición enerxética. Os parques instálanse fundamentalmente no rural, quedando moitas veces como meros soportes industriais, sen que os beneficios enerxéticos e económicos repercutan na dinamización local nin na xestión do patrimonio xerado.

O tribunal chama a atención sobre a ausencia de coherencia da política eólica galega cos obxectivos da Rede Natura 2000, a protección de hábitats e especies





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

prioritarias e a salvagarda do patrimonio natural e cultural. Licenzas concedidas sen valorar completamente as afeccións ao medio, impactos sobre zonas de paso de especies migratorias ou proximidade a espazos catalogados vulneran o principio de sustentabilidade que debería rexer toda política enerxética e territorial.

A sentenza sobre Ruña III marca un punto de inflexión: amosa que o modelo actual non cumpre nin co rigor ambiental, nin cos principios de equidade territorial, nin coas demandas da cidadanía galega. Galiza precisa unha nova política eólica que asegure a sostibilidade, o progreso e a xustiza, sen converter o rural nun mero soporte industrial, sen hipotecar o futuro e garantindo que a transición enerxética reverta verdadeiramente no país.

Á vista destes antecedentes, resulta imprescindible acometer unha profunda reforma da lexislación galega sobre parques eólicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a redactar un novo marco garantista, que poña o territorio e as persoas no centro da planificación, esixindo avaliacións ambientais únicas e integrais, valorando todos os impactos conxuntos e acumulativos. Este marco lexislativo basearase nos seguintes principios:

- Participación pública real: facilitar acceso á información, ampliar prazos de alegación, crear mecanismos de consulta social e sectorial e participación activa dos concellos e comunidades afectadas.

- Retorno económico xusto para Galiza: modificando o canon eólico, promovendo a participación pública nos beneficios, facilitando proxectos cooperativos e comunitarios,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

e asegurando inversións directas en infraestruturas locais e en biodiversidade. Creación dunha empresa pública de enerxía galega como vehículo para a participación e fiscalización destes proxectos.

- Protección efectiva da paisaxe, do patrimonio e da biodiversidade, prohibindo proxectos en zonas sensibles e impulsando restauración e monitorización dos espazos afectados. Derrogación de tanta disposición legal permita o avance de instalacións eólicas diante da protección social, ambiental e patrimonial.

Estes principios serán os que rexan o desenvolvemento do plan eólico de Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:09:50

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2025 11:09:59

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:10:07

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:10:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:13:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:13:26
Nº Rexistro: 38166
Data envío: 05/11/2025 11:13:26.408

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:24
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Luis Bará Torres** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás modificacións introducidas no canon eólico e a incidencia neste das repotenciacións.

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:23
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O canon eólico foi creado pola Lei 8/2009 coa finalidade de repercutir parte da riqueza xerada pola actividade eólica na sociedade galega, compensando o impacto ambiental que sofre o territorio. Desde a súa implantación, e malia as sucesivas modificacións, o seu funcionamento ten demostrado importantes eivas: o retorno para os municipios afectados é moi insuficiente, xa que reciben menos do 30% do recadado polos aeroxeradores no seu territorio, mentres o resto se reparte por vía competitiva entre todos os concellos ou se destina a investimentos da Xunta noutras áreas que non gardan relación directa co impacto do sector eólico.

A recente reforma do canon, que grava agora a altura dos aeroxeradores en vez do seu número, supón unha perda alarmante da recadación para concellos afectados polas repotenciacións e para as administracións locais. De feito, as estimacións indican que os municipios deixarán de percibir arredor dun 82% das achegas nesta nova etapa, agravando a escasa compensación polo impacto ambiental e territorial das instalacións eólicas.

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:23
Por Xosé Manuel Golpe Acuña

Pola contra, os parques non sometidos a repotenciación, coas novas máquinas de maior altura e potencia, quedarán suxeitos a unha carga impositiva diferente, pero sen garantir que ese incremento repercuta realmente nas facendas locais.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación evidencia un modelo de reparto que non responde nin a criterios xustos nin á lóxica compensatoria que debería presidir toda política tributaria ambiental. Ademais, o canon eólico non ten en conta os ingresos reais que os promotores obteñen do vento galego, nin promove que as comunidades locais participen no negocio ou na toma de decisións sobre o aproveitamento destes recursos naturais. O modelo actual dificulta o investimento social, a xestión racional dos recursos e a equidade territorial, e perpetúa debilidades históricas do sector, mesmo dende a reforma estatal de 2013 que penalizou Galiza cun incremento da tarifa eléctrica polo suplemento territorial.

Por todo isto, resulta imprescindible abordar unha reforma profunda do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental, que garanta beneficio directo, equidade e retorno social para os territorios afectados, poñendo fin ao actual sistema deseñado de xeito unilateral polo Executivo galego e pouco eficiente para a sociedade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Modificar o canon eólico co obxectivo de garantir que o montante recadado polas instalacións de cada municipio se destine directamente ao concello afectado, restablecendo así a xustiza compensatoria fronte ao impacto ambiental e territorial das instalacións.

2. Ampliar os destinos posibles dos fondos do Fondo de Compensación Ambiental, permitindo que os concellos poidan dedicar estes recursos a políticas de emprego, apoio á economía circular, desenvolvemento rural, transición enerxética e fortalecemento dos servizos básicos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Establecer mecanismos de transparencia e rendición de contas sobre o uso, distribución e impacto dos fondos do canon eólico, garantindo información pública completa e accesible para todas as comunidades locais.

4. Promover a participación pública e comunitaria na xestión e aproveitamento dos recursos eólicos, facilitando a entrada dos concellos, Pemes e colectivos sociais na titularidade dos proxectos eólicos, como prevé a Lei 2/2024.

5. Impulsar, de maneira urxente, unha reforma do modelo de reparto do canon eólico para asegurar a equidade territorial, a xustiza social e o auténtico retorno para Galicia do aproveitamento dos seus recursos naturais”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:23:41

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:23:50

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:24:09

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 11:24:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:33
Nº Rexistro: 38174
Data envío: 05/11/2025 11:27:33,578

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:27:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:33
Nº Rexistro: 38174
Data envío: 05/11/2025 11:27:33,578

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:33:47
Nº Rexistro: 38178
Data envío: 05/11/2025 11:33:47,788

Asinado o día 05/11/25
11:32
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as declaracións realizadas o 23 de outubro de 2025 pola Secretaría Xeral do PP en Galiza sobre o uso de unidades didácticas polo profesorado galego que fomentan a protección do medio ambiente ou a educación para a paz no ensino público.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:32
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 23 de outubro na Coruña, a Secretaría Xeral do PP na Galiza, Paula Prado, realizou unhas declaracións impresentables, partidistas e baseadas nun presunto envío por parte do sindicato maioritario do ensino galego, a CIG-Ensino, dunha carta aos centros educativos, cuestión totalmente falseada.

Nesas presuntas cartas, segundo Prado, a CIG propuña aos centros educativos materiais que buscaban “adotrinar ao alumnado nas aulas” para “provocar unha conflitividade social” e que o seu partido non ía consentir que sindicato e BNG o fixeran.

A realidade era ben distinta da descrita pola Secretaría Xeral do PP, xa que os materiais foron difundidos pola propia CIG-Ensino a través da súa páxina web, onde xa explica que as propostas didácticas están a disposición do profesorado para “traballar co alumnado a situación do medioambiente galego”. Material que foi realizado polo

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:32
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivo Profesorado Diverxente que plantexan diferentes tarefas baixo os títulos de “Altri, as novas Encrobas?” e “Lumes, nunca máis”.

De feito, é unha das peticións reiteradas polo profesorado dende a pandemia a de dispoñer dunha plataforma habilitada pola Consellería de Educación para que os e as docentes galegas poidan subir unidades didácticas elaboradas por eles mesmos para utilizar por todo profesorado que o precise en calquera centro educativo.

Como debiera coñecer a Sra. Prado, nesta ocasión é o sindicato maioritario o que está a exercer o seu papel de fornecer de materiais didácticos que fomenten a protección do medio ambiente e a educación para a paz no ensino público. Malia isto a Secretaria Xeral do PP tentou poñer ás familias en contra do profesorado que está a utilizar os materiais, o que demostra unha gran irresponsabilidade, voltando a censurar ao persoal docente, faltándolles ao respecto, coartando a súa liberdade e cuestionando a súa profesionalidade e prestixio.

De feito, a CIG o que fixo foi enviar un correo ao profesorado ofrecendo o uso dos materiais didácticos nas aulas para abordar temas de actualidade que pretenden fomentar a perspectiva crítica do profesorado cun carácter didáctico, embuídos plenamente dentro dos contidos curriculares e forman parte dos obxectivos marcados pola actual Lei Educativa LOMLOE.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Rectificar as declaracións realizadas pola Secretaria Xeral do PP na Galiza, Paula Prado, pedindo desculpas publicamente pola súa falsidade e ao profesorado galego, a quen pretendía enfrontar coas familias.

2.- Respetar o sentido crítico do persoal docente galego para utilizar os materiais postos a súa disposición polo sindicato maioritario do ensino no País, CIG-Ensino, dentro do marco legal da Lei Educativa LOMLOE, que fomenta unha maior participación dos movementos sociais atendendo ao desenvolvemento sostible de acordo co establecido na Axenda 2030.

3.- Garantir a liberdade dentro dos centros de ensino, así como a do profesorado, coa finalidade de impartir un ensino integral que fomente no alumnado o pensamento crítico, o debate democrático, a creatividade, a solidariedade, a diversidade, a igualdade, a inclusión, etc.

4.- Retirar as medidas amordazantes de “control ideolóxico” incluídas nas instrucións da Consellería de Educación para o desenvolvemento do curso escolar reclamado por toda a comunidade educativa dende a súa publicación.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/11/2025 11:32:01

Daniel Castro García na data 05/11/2025 11:32:06

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 11:32:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:33:47
Nº Rexistro: 38178
Data envío: 05/11/2025 11:33:47,788

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:33:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:33:47
Nº Rexistro: 38178
Data envío: 05/11/2025 11:33:47,788

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas oportunas a tomar ante os graves e reiterados incumprimentos no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Lonxe de dar un servizo que responda ás necesidades de mobilidade e vertebración do noso país, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes concesionarias do transporte público en detrimento dos usuarios e usuarias, dos traballadores e das traballadoras destas grandes concesión e das pequenas e medianas empresas do sector.

Estamos pois ante un servizo onde os incumprimentos por parte das grandes concesionarias son norma.

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:05
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:05
Por Paulo Ríos Santomé



Se estudamos o proceso de deseño, adxudicación e execución do Plan de Transporte levado a cabo pola Xunta de Galiza nos últimos anos, podemos advertir un deseño totalmente desastroso no relativo aos diferentes proxectos de explotación das diferentes licitacións do servizo, así pois, nas propias ofertas das empresas concesionarias se advirte a baixa calidade destes proxectos, con moitas paradas mal localizadas ou percorridos, itinerarios e horarios irreais ou irrealizábeis. A todo isto debemos engadir a desastrosa planificación en termos de cálculos económicos que están a provocar o rescate de varios contratos nos últimos tempos.

Se pasamos á parte da adxudicación debemos facer referencia á utilización perversa das fórmulas de UTE utilizadas por algunhas grandes empresas concesionarias co fin de acaparar o mercado co consentimento da Xunta de Galiza, ou o xa tratado caso de colusión entre Alsa e Monbus co fin de repartirse o mercado.

Se falamos da fase de execución do Plan de Transporte debemos falar dos notábeis incumprimentos que tiveron e teñen lugar desde a posta en marcha dos novos contratos de transporte. Incumprimentos en horarios, itinerarios, número de vehículos, repetición de matrículas, falta de persoal condutor, irregularidades na acreditación de bases operativas e un incumprimento moi elevado dos quilómetros a realizar por parte das empresas marcados nos diferentes contratos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno Galego a:

1. Cumprir e facer cumprir a totalidade das obrigas nos diferentes contratos licitados no servizo público de transporte por estrada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Trasladar ao Parlamento Galego a totalidade da documentación referida aos contratos licitados no servizo de transporte público por estrada, en termos de incumprimentos detectados, sancións impostas, quilometraxe básica e ofertada a maiores por contrato e o número efectivo de quilómetros efectuados por cada concesionaria en cada un dos contratos que compoñen o Plan de Transporte.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2025 12:05:05

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 12:05:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:07:12
Nº Rexistro: 38187
Data envío: 05/11/2025 12:07:12.712

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:07:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:07:12
Nº Rexistro: 38187
Data envío: 05/11/2025 12:07:12.712

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á transferencia da xestión e titularidade aeroportuaria a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os aeroportos son unha infraestrutura esencial para contribuír ao desenvolvemento económico e social dun territorio. A súa importancia vai alén de facilitar a mobilidade con conexións áxiles entre lugares remotos, dado que un uso eficaz e integrador con outras infraestruturas de transporte permite establecer sinerxias entre diversos sectores económicos e dinamizar as economías do seu contorno.

O modelo aeroportuario do Estado español, no que se insire Galiza, está baseado nunha concepción centralizada que resta autonomía na xestión dos aeroportos. Porén, existen outros modelos de éxito que, partindo da vinculación co territorio que teñen estas infraestruturas e polo tanto da súa condición como axentes económicos, implantaron modelos de xestión aeroportuaria con maior descentralización para unha maior asociación cos intereses económicos do territorio onde se asentan.

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:27
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:27
Por Paulo Ríos Santomé



Estes modelos, baseados na proximidade e conciliación entre as operacións de enlaces aéreos e as actividades terrestres vinculadas a esa mobilidade que facilita e promove o transporte áereo, requiren dunha coordinación e vinculación coas políticas económicas propias de cada territorio e para iso deben contar unha presenza, representación e capacidade de decisión relevantes das institucións propias.

O Estado español permanece alleo a esta tendencia de dotar de autonomía aos aeroportos para establecer políticas de xestión diferenciada que permitan establecer estratexias que non se centren exclusivamente na implementación dunha rede de enlaces aéreos en prol de intereses centralistas que se afanan en afortalar a creación de varios polos de transporte aéreos de referencia -moi dependentes das grandes cidades ou zonas con maior actividade turística- deixando nun papel secundario a maior parte das infraestruturas aeroportuarias.

No caso de Galiza, esta visión política execútase na actualidade por AENA, e implica que a xestión aeroportuaria estea afastada da realidade territorial e dos intereses económicos galegos. Os tres aeroportos galegos non contan cunha estratexia coordinada, definida e clara para poder tecer unha rede de enlaces aéreos que responda aos intereses e prioridades reais de Galiza, senón que están sometidos a unha planificación que prima o fortalecemento de grandes aeroportos aos cales se subordina a actividade dos restantes.

Isto resta de xeito evidente a capacidade de aproveitar todo o potencial das infraestruturas aeroportuarias en Galiza e mesmo implica que se vexan sometidas a incertidumes derivadas de mudanzas na programación das compañías aéreas. Segundo os datos de AENA os tres aeroportos de Galiza pecharon 2024 cunha





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cifra próxima aos 5,93 millóns de persoas usuarias que, sendo unha cifra similar aos que empregaron ditas instalacións no ano anterior á irrupción da pandemia da COVID, aínda fica a case tres millóns de persoas pasaxeiras do seu límite operativo.

Este déficit á hora de procurar un aproveitamento do potencial óptimo dos aeroportos galegos non se vai corrixir de seguir mantendo unha xestión baixo os parámetros do modelo actual, porque as prioridades do mesmo non se establecen en función de procurar obxectivos integradores coa economía do territorio onde se asentan senón en función de potenciar unha rede de enlaces que favoreza a rendibilidade dos operadores aéreos.

E tampouco semella que se obtiveran resultados positivos desde a regulación legal (a través do Real decreto-Lei 20/2012) e constitución formal (en 2014) dos denominados Comités de Coordinación Aeroportuaria, vinculados a AENA, que soamente permiten unha participación testemuñal e parcialmente colaborativa de institucións autonómicas e locais, mais que limitan claramente que se poidan establecer estratexias propias e acaídas en función dos intereses, no noso caso, de Galiza que se aparten das directrices centralizadoras xerais que establece AENA.

A importancia do tráfico aeroportuario en Galiza é cada vez máis relevante, non só polo aumento de persoas viaxeiras e mercadorías que se rexistra cada ano, senón porque é preciso considerar aos aeroportos non simplemente como a instalación que facilita enlaces de transporte aéreo senón como un axente económico que tamén opera para fortalecer e desenvolver outros sectores do tecido económico de Galiza. Por iso, é unha necesidade urxente que as propias





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

institucións de autogoberno de Galiza poidan asumir as competencias en materia de aeroportos de interese xeral a fin de deseñar unha política propia que ademais é oportuna tendo en conta a peculiar ubicación xeográfica galega, coa competencia próxima doutros aeroportos internacionais.

O vixente artigo do Estatuto de Autonomía contempla unicamente a competencia exclusiva nos aeroportos e heliportos non clasificados de interese xeral (artigo 27.9).

Porén, a marxe das previsións estatutarias, o artigo 150.2 da Constitución habilita ao Estado para transferir ou delegar ás Comunidades Autónomas, mediante Lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación.

Así, a vía legal habilitada polo citado artigo 150.2, constitúe unha técnica de intervención extraordinaria do lexislador orgánico para trasladar o exercicio de facultades competenciais de titularidade estatal ás Comunidades Autónomas. Ao tempo de permitir modificar a repartición competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas deducido da Constitución, flexibiliza os límites que a Constitución impón a esa repartición de maneira indefinida, co fin de ampliar o teito competencial das Comunidades Autónomas a medida que se van asentado, tanto xurídica como socialmente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a impulsar un proceso negociador co estado español para acadar a transferencia da xestión e titularidade aeroportuaria a Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2025 12:27:05

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 12:27:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:28:08
Nº Rexistro: 38195
Data envío: 05/11/2025 12:28:08,872

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:28:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:28:08
Nº Rexistro: 38195
Data envío: 05/11/2025 12:28:08,872

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:01:34
Nº Rexistro: 38209
Data envío: 05/11/2025 18:01:34.617

Asinado o día 05/11/2025 ás 18:00
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do Benestar e un dereito recoñecido no artigo 43 da Constitución Española. Garantir unha atención sanitaria universal, gratuíta e de calidade é unha obriga das administracións públicas, e especialmente da Xunta de Galicia, como responsable da xestión do sistema sanitario galego.

Asinado o día 05/11/2025 ás 18:00
Por Elena Espinosa Mangana

A atención primaria constitúe a porta de entrada ao sistema e o nivel asistencial máis próximo á cidadanía. É o espazo onde se prevén enfermidades, se atenden os primeiros síntomas e se realiza o seguimento das patoloxías crónicas. Cando a atención primaria falla, todo o sistema sanitario se resinte: medran as urxencias hospitalarias, agrávanse os problemas de saúde e aumenta a desigualdade no acceso á asistencia.

Porén, a realidade actual amosa que o Goberno galego leva anos desatendendo este nivel asistencial, sen planificación nin investimento suficiente. A falta de profesionais, a precariedade laboral e a escasa reposición de prazas están a provocar unha situación de colapso en moitos centros de saúde de Galicia.

Asinado o día 05/11/2025 ás 18:00
Por Aitor Bouza Manso

O caso do Centro de Saúde de Cariño é unha mostra especialmente grave desta situación. As veciñas e veciños do municipio están a sufrir demoras de máis de 13 días para poder acceder a unha cita coa médica ou médico de cabeceira. Esta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

133544



espera, absolutamente inasumible, supón unha vulneración do dereito á atención sanitaria en tempo e forma, e pon en risco a saúde das persoas que precisan atención urxente ou seguimento continuado.

A situación é particularmente preocupante nun concello como Cariño, onde moitos pacientes son persoas maiores con enfermidades crónicas e con dificultades de mobilidade. A ausencia dunha resposta inmediata pola parte da Xunta de Galicia supón unha discriminación territorial evidente e unha mostra máis do deterioro progresivo da atención primaria en todo o país.

É imprescindible que o Goberno galego actúe de maneira inmediata, reforzando o cadro de persoal médico e de enfermaría, mellorando a organización interna e garantindo que ningunha persoa teña que agardar máis de 48 horas para ser atendida pola súa médica ou médico de cabeceira. A saúde non pode esperar, e a igualdade de acceso aos servizos públicos tampouco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar con carácter inmediato as medidas necesarias para garantir que as persoas usuarias do Centro de Saúde de Cariño poidan acceder a unha cita coa súa médica ou médico de cabeceira nun prazo máximo de 48 horas, conforme ás recomendacións da OMS e aos estándares de calidade asistencial.
2. Reforzar de maneira urxente o cadro de persoal médico e de enfermaría do devandito centro, asegurando a cobertura de todas as prazas estruturais e substitucións.

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/11/2025 18:00:21

Elena Espinosa Mangana na data 05/11/2025 18:00:28

Silvia Longueira Castro na data 05/11/2025 18:00:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/11/2025 18:00:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:01:34
Nº Rexistro: 38209
Data envío: 05/11/2025 18:01:34.617

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:01:34
Nº Rexistro: 38209
Data envío: 05/11/2025 18:01:34.617

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 18:01:35

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:16:05
Nº Rexistro: 38232
Data envío: 06/11/2025 10:16:05.839

Asinado o día 06/11/25
10:13
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar polo goberno galego diante das verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal.

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:13
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre finais do pasado mes de setembro e primeiros do mes de outubro producíronse verteduras durante varios días entre a praia dos Raposiños e o porto, na Pobra do Caramiñal.

Os vertidos foron detectados polo propio sector marisqueiro, quen manifestou publicamente que se viñan realizando de noite e que sospeita que puideran proceder da limpeza de instalacións industriais adicadas á transformación de alimentos.

A administración galega é a competente en materia de vertidos á ría de Arousa e, lamentablemente, estes episodios veñen sendo recorrentes sen que sexa capaz de poñerlles freo e actuar coa determinación que requiren casos desta índole.

Non é a primeira vez que, incluso diante de calquera denuncia, non fai seguemento ou non sanciona, tal e como o fixo constar a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña, nunha denuncia presentada no Xulgado de Instrución de Ribeira no ano 2021, por mor das verteduras reiteradas á ría dunha empresa conserveira do concello de Boiro.

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:13
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais da falta de seguimento ou de sancións, a Xunta de Galiza practica a este respecto o arquivo continuado de denuncias, tamén constatado nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, de febreiro de 2024 sobre vertidos da mesma empresa, ou non abre os correspondentes expedientes de investigación.

O Goberno galego ten a obriga de protexer rigorosamente ao medio e ás persoas diante deste tipo de prácticas, de controlar exhaustivamente os vertidos ás rías que neste caso ademais poderían afectar gravemente ao sector marisqueiro, xa moi prexudicado pola incesante perda de produtividade nos seus bancos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a

. Atender sen demora a denuncia realizada polo colectivo de traballadores e traballadoras do mar sobre as verteduras producidas entre finais de setembro e primeiros de outubro deste ano na Pobra do Caramiñal.

. Levar a cabo as investigacións necesarias para determinar a orixe dos vertidos, as súas consecuencias no medio mariño e nos bancos marisqueiros da praia dos Raposiños, e proceder contra os responsábeis dos mesmos.

. Actuar rigorosamente no exercicio da potestade sancionadora, neste e noutro caso que se produza, e establecer as medidas cautelares que contempla a normativa vixente para evitar que as actuacións irregulares e/ou ilegais se sigan a producir mentres non haxa resolución dos expedientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Atender con inmediatez todas as queixas e/denuncias, sen dilación de prazos, que se produzan relativas a vertidos, nomeadamente industriais, ás rías galegas e en particular á ría de Arousa.

. Intensificar a vixilancia e os controis de vertidos ás rías galegas, sinaladamente os vertidos industriais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2025 10:13:23

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 10:13:30

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2025 10:13:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:16:05
Nº Rexistro: 38232
Data envío: 06/11/2025 10:16:05.839

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:16:05
Nº Rexistro: 38232
Data envío: 06/11/2025 10:16:05.839

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:16:08

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

En outubro de 2024 aprobábase definitivamente a Lei ELA (*Lei 3/2024, do 30 de outubro, para mellorar a calidade de vida de persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible*).

Naquel momento este texto acadou o apoio de todas as forzas políticas pero, logo de tres anos de tramitación e 40 solicitudes de aprazamento por parte do Congreso dos Deputados, demostrando dende o primeiro momento unha enorme falta de empatía por parte do goberno de Pedro Sánchez.

Os enfermos e as súas familias definían ese 30 de outubro como un día histórico pero, unha vez máis, a lei estatal non estaba dotada de orzamento, e pasaban os meses sen que a lei se traducise nunha soa medida efectiva a favor destes enfermos, polo que a esperanza transformábase en tristeza e indignación.

Hai uns días, xusto cando se cumpría o aniversario da aprobación deste texto legal, un tempo no que preto de 1.000 enfermos quedaron xa polo camiño, o Goberno de España avanzaba o Real Decreto Lei 11/2025 que, por fin, desenvolvía as primeiras medidas.

E unha vez máis a esperanza dos primeiros momentos converteuse en frustración, porque tal como recolle a norma as axudas chegarán só ao 5% dos enfermos. De feito, o real decreto lei citado establece que os apoios económicos derivados da lei ELA só estarán destinados aos enfermos que obteñan o grado III de dependencia

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:35
Por Alberto Pazos Couñago



extrema, reservado para as persoas que se atopan nun estado moi avanzado da enfermidade.

Por unha decisión firme, explícita, insensible do Executivo que preside Pedro Sánchez, quedan fóra todos aqueles enfermos que se atopan en fases iniciais e intermedias da enfermidade que, sen embargo, necesitan de moita axuda para seguir mantendo calidade de vida ou adaptándose ás limitacións físicas provocados por esta enfermidade.

Este desleixo contrasta coa actitude da Xunta de Galicia. A nosa comunidade foi a primeira comunidade, vai xa para 4 anos, en dar unha axuda directa anual de 12.000 euros aos enfermos de ELA. E nos orzamentos de 2026 contéplase a exención fiscal para estas axudas.

Tamén Galicia foi pioneira, en 2018, en crear o proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao amparo deste procedemento de actuación búscase axilizar a atención establecendo vías preferentes:

1. A nivel sanitario para axilizar o diagnóstico
2. A nivel social para a tramitación da dependencia e a discapacidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que modifique, con carácter urxente, o Real Decreto Lei 11/2025, de xeito que todas as persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrofica (ELA) independentemente do grao no que se atopen, teñan acceso ás axudas comprometidas polo Executivo central e previstas na lexislación vixente”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 10:35:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:07
Nº Rexistro: 38239
Data envío: 06/11/2025 10:36:07.147

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:07
Nº Rexistro: 38239
Data envío: 06/11/2025 10:36:07.147

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:36:07

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 06/11/2025 10:36:50

Nº Rexistro: 38242

Data envío: 06/11/2025 10:36:50.612

Asinado o día 06/11/25
10:38
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás accións a desenvolver polo goberno galego para evitar unha grave afectación á frota pesqueira galega polos previsíbeis recortes de TACs e cotas para 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada ano, a Comisión Europea deu a coñecer recentemente a súa proposta de Totais Admisíbeis de Captura (TAC) e cotas pesqueiras, neste caso para 2026. A negociación das cotas pesqueiras é un momento de grande importancia para a frota de pesca galega que leva anos padecendo recortes e vedas por parte da UE que fan insostíbel o mantemento da actividade pesqueira, con cada vez máis limitacións e con custos que superan aos ingresos.

A proposta da Comisión Europea ten a ver, entre outras, coas posibilidades de pesca de distintas poboacións pesqueiras no Atlántico en augas ibéricas, nas zonas IXa, de Fisterra ao Golfo de Cádiz, e VIIIC, de Fisterra para o norte, que afectan a Galiza, e que se decidirán na cimeira do Consello de ministros de Pesca da UE, a celebrar os días 11 e 12 do vindeiro mes de decembro.

En principio, o organismo europeo propón manter a cota de pesca en augas ibéricas. Para o rapante indica unha suba do 12% e para o peixe sapo un recorte do 2%, cando neste ano experimentaron incrementos na cota do 22,8% e do 16,8% respectivamente.

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:30
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:30
Por Rosana Pérez Fernández



Para o xurelo prevén unha redución da cota do 5% na zona que vai de Fisterra ata o Golfo de Cádiz e preocupan ao sector pesqueiro galego as previsións de recorte do 26% na cota de abadexo e a rebaixa nun 28% da cota de linguado, dúas especies de moito interese para as frotas galegas.

Quedando aínda pendentes por coñecer as cotas de pesca de especies en augas compartidas co Reino Unido, nomeadamente no Gran Sol, a maior inquietude para a frota galega, nomeadamente a do cerco, vén da man da proposta do ICES respecto do recorte do 70% na cota da xarda e do 41% na do lirio, que afectaría principalmente ao arrastre de litoral.

Con carácter xeral, hai que sinalar que a escaseza de cotas nas principais especies para a frota galega dos últimos anos non se vai mellorar para o 2026. Moi ao contrario, os recortes que se prognostican para o abadexo, o linguado, a xarda ou o lirio, supoñerían un durísimo golpe para o sector pesqueiro galego.

As perspectivas pois volven ser alarmantes de cara ao vindeiro ano para a frota galega que con esta proposta volve ver comprometida a súa viabilidade futura. Por un lado, as vedas nas 87 zonas que poden incluso aumentar, e por outro, o mesmo guión ou aínda peor para a distribución dos TACs para o 2026, non ofrecen garantías de futuro ao sector da pesca de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1 – Reclamar do Goberno do Estado que, diante do Consello de Ministros de Pesca da UE do vindeiro mes de decembro,

. Manteña un posicionamento que asegure a viabilidade e a sostibilidade da actividade e da frota pesqueira galega.



. Reclame o cumprimento do dictado pola sentenza do Tribunal de Xustiza da UE do 11 de xaneiro de 2024, na que se reconece a importancia de atender as cuestións sociais e económicas e non só as medioambientais á hora da fixación das cotas nas distintas especies.

. Vete calquera redución de cotas que non vaia na liña da sentenza do TXUE mencionada ou que afecten gravemente á frota pesqueira galega, nomeadamente á de baixura.

. Que avance nas medidas de cobertura económica da frota que se vexa afectada pola posíbel redución de cotas.

. Que inste á UE a tomar medidas dunha vez por todas para impedir a entrada no mercado europeo de xarda e xurelo procedente dos países do norte de Europa que se autoasignan cotas desas especies.

. Que leve a cabo unha xestión interna das cotas que correspondan en cada caso que impida a distorsión que se dá na actualidade entre as distintas zonas do Estado e que non sexa causa da especulación das posibilidades de pesca e da discriminación que se vén producindo ata o de agora

2 – Que, en previsión de novos recortes pola escaseza de cotas para 2026 que provoquen paros na nosa frota pesqueira, planifique o seu propio plan de axudas económicas para o sector afectado polas posíbeis decisións do Consello de decembro, como complemento ás que puidera convocar o Goberno do Estado”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2025 10:30:49

Carmela González Iglesias na data 06/11/2025 10:30:59

Daniel Castro García na data 06/11/2025 10:33:35

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 10:33:46

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2025 10:34:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:50
Nº Rexistro: 38242
Data envío: 06/11/2025 10:36:50.612



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:50
Nº Rexistro: 38242
Data envío: 06/11/2025 10:36:50.612

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:36:51

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A liberdade é un dos piares fundamentais de toda sociedade democrática e o principio que garante a convivencia, o respecto e o progreso común. A educación e a formación da xuventude deben basearse neses mesmos valores, fomentando o espírito crítico, a autonomía persoal e a capacidade de análise fronte a calquera forma de imposición ideolóxica.

As institucións públicas teñen o deber de asegurar que o proceso educativo se desenvolva en condicións de neutralidade e pluralidade, garantindo que o alumnado reciba unha educación libre de calquera intento de manipulación ou adoutramento. A escola debe ser un espazo de encontro, diálogo e liberdade, no que todas as ideas poidan expresarse con respecto e sen imposicións.

A xuventude galega constitúe o alicerce do futuro da nosa sociedade. Por iso, é imprescindible protexer o seu dereito a formarse de maneira libre, obxectiva e crítica, e a desenvolver unha conciencia propia baseada na información obxectiva, na diversidade e no respecto polas opinións.

Entendemos que a defensa da liberdade e da neutralidade ideolóxica no ámbito educativo e xuvenil é esencial para o fortalecemento da democracia e da sociedade en xeral. Ningunha organización, entidade nin persoa debe interferir no dereito da xuventude a pensar por si mesma, a decidir con autonomía e a construír o seu propio criterio libremente.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:44:26
Nº Rexistro: 38249
Data envío: 06/11/2025 10:44:26.247

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





“O Parlamento de Galicia manifesta:

- 1.- O seu rexeitamento ante calquera intento de adoutramento político, ideolóxico ou partidista que poida producirse nos ámbitos educativos, culturais ou sociais, especialmente aqueles que afecten á xuventude galega.
- 2.- O seu apoio firme á liberdade individual, á liberdade de pensamento e á formación crítica da xuventude, como base indispensable para o progreso, a convivencia e o fortalecemento da democracia.
- 3.- O seu compromiso coa neutralidade institucional e coa pluralidade, principios que deben guiar a acción de todas as administracións públicas, garantindo que o proceso educativo da mocidade se desenvolva nun clima de respecto, pluralidade e liberdade”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 10:44:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:44:26
Nº Rexistro: 38249
Data envío: 06/11/2025 10:44:26.247

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:44:26
Nº Rexistro: 38249
Data envío: 06/11/2025 10:44:26.247

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:44:26

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

As parellas de feito, na actualidade, son unha forma de convivencia recoñecida pola lexislación en distintos países, incluíndo España. Os que deciden acollerse a esta figura xurídica, na maior parte dos casos, aspiran a formalizar unha unión estable con recoñecemento legal sen necesidade de pasar polo matrimonio.

As parellas de feito deben inscribirse nun rexistro de unións de feito, que varía segundo a comunidade autónoma na que residan. A normativa aplicable e os trámites administrativos poden diferir xa que cada comunidade ten a súa propia normativa ao respecto.

En contraste, o matrimonio é unha institución legal que se celebra mediante unha cerimonia pública e que aparece regulado nunha normativa común a nivel estatal. A inscrición no rexistro civil é un procedemento estándar no conxunto de España.

No que respecta a dereitos e obrigacións, as parellas de feito teñen algúns efectos xurídicos similares aos do matrimonio, pero tamén notables diferencias, por exemplo, a efectos económicos ou familiares.

No caso particular da nosa Comunidade, o texto vixente da Lei de dereito civil de Galicia, sinala no seu artigo 2 que terán a condición de parellas de feito “as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:01
Por Alberto Pazos Couñago





que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio”.

Ata tal punto ese é obxectivo perseguido pola normativa galega, que para que esta unión teña efectos xurídicos similares ao matrimonio é necesario que ambas persoas dean testemuña expresa a súa “vontade de equiparación ao matrimonio no momento da inscrición no rexistro autonómico”.

Con todo, cómpre seguir avanzando na equiparación fiscal destas dúas figuras xurídicas que, por exemplo, en Galicia xa están igualadas á hora de aplicar algúns efectos de relevancia económica como é o caso do Imposto sobre Sucesións e Doazóns e no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados ou o acceso ao dereito a pensión de viuvez, entre outros.

A pesar disto, en termos do Imposto da Renda das Persoas Físicas, (IRPF) as parellas de feito sen vínculo matrimonial non poden formar unidade familiar. É mais, dáse o paradoxo de que unha parella de feito con fillos, un dos membros poderá facer unidade familiar cos fillos e o outro membro deberá declarar de forma individual.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a demandar ao Goberno de España que impulse os trámites precisos no senso de equiparar, en termos do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) ás parellas de feito legalmente constituídas cos matrimonios”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 11:01:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:01:22
Nº Rexistro: 38255
Data envío: 06/11/2025 11:01:22.673

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 11:01:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:01:22
Nº Rexistro: 38255
Data envío: 06/11/2025 11:01:22.673

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as previsión para a mellora da policía dependente da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galiza prevé, no seu art.27.25 a creación dun corpo de policía propio, previsión que non se chegou a efectivizar, malia que en 2007 chegouse aprobar a Lei de Policía de Galiza, pendente de desenvolvemento pola contumaz negativa do actual Partido Popular de permitir que Galiza conte cun corpo de policía propio, e que sexa a Xunta quen poda determinar a organización, estrutura e medios dunha forza de seguridade e protección dos dereitos fundamentais en Galiza.

No canto de contar co corpo de policía propio previsto no Estatuto, Galiza dispón dunha sección da policía do estado, que organicamente segue a depender do ministerio do interior, e que funcionalmente está adscrita á Xunta de Galiza.

A Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia foi creada mediante Orde do Ministerio do Interior de 19 de xuño de 1991, tras un acordo administrativo entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galiza en outubro de 1990 no que se determinaban, p.e. as condicións e recursos cos que contaría a unidade. Este Convenio foi puntualmente renovado cada tres anos, agás o subscrito o día 17 de outubro de 2005 que vencido ao final do 2008 a Xunta de Galiza non foi quen de acordar





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

un novo Acordo que permita actualizar as condicións da Unidade de Policía Adscrita a Galiza.

A falla de vontade do PP de dotar a Galiza cun corpo de policía propio, e a incapacidade para durante 17 anos chegar a acordos co goberno do estado -de diferente cor política, tanto do PSOE, como do propio PP- están a provocar unha grave deterioro da UPA, que ve como mingua o seu cadro de persoal dende 2013, sen que sequera en ningún momento da súa historia chegara a cubrir as previsións do seu catálogo, hoxe obsoleto.

Nas últimas semanas o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, con competencias tamén en materia de interior, ven ameazando coa privatización da seguridade en edificios públicos, que deixaría de ser atendida por da UPA e pasaría a ser prestado por empresas de seguridade privada. Novamente o Partido Popular aposta pola privatización da atención en servizos esenciais para a poboación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Creación efectiva do Corpo de Policía Galega previsto na Lei 8/2007 de 13 de xuño.

2º.- En tanto non se fai efectivo o acordado no parágrafo anterior e de acordo co Goberno do Estado realizar as actuacións necesarias para:

a) A sinatura dun novo Acordo Administrativo de Colaboración co Ministerio do Interior do Goberno do Estado en materia policial, que substitúa ao asinado en outubro de 2005, vencido no ano 2008.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

b) A actualización do catálogo de postos de traballo da Unidade do denominado Corpo Nacional de Policía adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A cobertura da totalidade dos postos de traballo contemplados no catálogo.

d) A convocatoria dun concurso específico de méritos para a provisión da totalidade das prazas vacantes baseado exclusivamente en criterios obxectivos, excluindo a valoración de probas subxectivas e discrecionais como a entrevista persoal.

3º.- Comprometerse a non privatización e externalización dos servizos públicos de seguridade que actualmente prestan efectivos da UPA”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/11/2025 11:58:27

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 11:58:37

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 11:58:45

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2025 11:58:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:54
Nº Rexistro: 38292
Data envío: 06/11/2025 12:00:54.568



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:00:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:54
Nº Rexistro: 38292
Data envío: 06/11/2025 12:00:54.568

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Miguel A. Santalices Vieira, Víctor Baladrón Lamas, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Miguel A. Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O vindeiro ano 2026 cumpriranse cincuenta anos do pasamento de Don Ramón Otero Pedrayo (1888– 1976), figura esencial das letras, do pensamento e da identidade galega contemporánea, así como o centenario da publicación dunha das súas grandes obras, a *“Guía de Galicia”*.

Profesor, ensaísta, xeógrafo, novelista, político e membro destacado das Irmandades da Fala e máis tarde do Partido Galeguista, Otero Pedrayo foi un dos piares do florecemento cultural e intelectual de Galicia, representante dunha xeración que soubo vincular o galeguismo coa defensa da cultura universal e co compromiso coa nosa terra.

A súa obra literaria e científica —que abrangue a narrativa, o ensaio, a historia, a xeografía, a filosofía e o pensamento político— segue a ser un referente de estudo e inspiración. O seu exemplo de dedicación a Galicia, á lingua e á cultura galega merece, neste marco conmemorativo, un recoñecemento institucional amplo e transversal.

Dende o seu prolífico labor non deixou xénero literario sen cultivar, o que lle valeu a designación como “Patriarca das Letras Galegas” desde o ensaio á novela, desde a poesía ao teatro; o artigo xornalístico ou o traballo científico, tanto histórico como xeográfico, constitúen o inmenso, case inabarcable mundo literario de Don

Asinado o día 06/11/2025 ás
12:31
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:31:27
Nº Rexistro: 38301
Data envío: 06/11/2025 12:31:27.972

Ramón, ao que hai que engadir a parte máis sobresaínte da súa figura intelectual, por ter sido un dos máis grandes oradores da historia de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Formouse no galeguismo da man de Antón Losada Diéguez, xunto con Risco e Cuevillas formando parte do Ateneo Ourense en 1914 e tamén do Grupo NÓS cos intelectuais máis sobranceiros daquel tempo, con todo o que significou este grupo no mundo cultural galego. A Real Academia Galega, nomeouno membro de número en 1929.

Foi tamén un reputado mestre de vocación pois accede xa a cátedra de instituto no ano 1919 ao tempo que tamén inicia a súa implicación na vida política galega, empezando en 1918 pola participación na candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea, membro das Irmandades da Fala de Compostela e, tres anos máis tarde, viaxa a Vigo, en abril de 1921, con Vicente Risco e Nogueira para participar na asemblea anual das Irmandades.

Coa chegada da República, Otero con outros galeguistas ven a posibilidade de acadar a autonomía de Galicia, polo que comeza en 1930 a percorrer a provincia de Ourense dando mitins de carácter nacionalista e fundando o Partido Nazionalista Republicán de Ourense do que foi seu presidente, defendendo a cooficialidade das linguas e a autonomía de Galicia. Acada entón a acta de Deputado, xunto con Castelao e Suárez Picallo, e en decembro de 1931 participa na fundación do Partido Galeguista, de cuxo Consello Executivo formou parte.

Nunca abandonou o Partido Galeguista, aínda que polo seu profundo catolicismo e pensamento político de corte liberal e conservador disentiu en ocasións das súas propostas. Participou moi activamente na campaña do plebiscito do Estatuto de Galicia, compartindo coma todos os galeguistas a ledicia polo triunfo do 28 de xuño de 1936. Este percorrido político fixo que fose vítima de represión unha vez sobrevido o levantamento militar que trunca todas as súas ilusións, e no ano 1937 foi destituído e apartado do ensino, ao que non volverá a incorporarse ata 1948. En 1950 oposita á cátedra da xeografía da Universidade de Santiago, converténdose no primeiro catedrático desta materia na USC.

Entregado a unha actividade intelectual intensa, representou naquel momento a resistencia do galeguismo histórico levando a cabo os primeiros discursos públicos en galego, foi o derradeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos,





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:31:27
Nº Rexistro: 38301
Data envío: 06/11/2025 12:31:27.972

participando logo na fundación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento no que traballou en infinidade de proxectos e investigacións.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Nesa época colabora con estudantes mozos inquedados e desexosos de escoitalo cada tarde no Café Español que popularizaron os seus poemas polo grupo Brais Pinto (Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Bautista Álvarez, Ramón Lorenzo, Raimundo Patiño, Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro,) do libro *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*.

Hoxe a Fundación Otero Pedrayo ubicada en Trasalba – Amoeiro vela pola proxección da súa figura e obra, que están presentes na produción editorial , cultural e docente por todo o país.

Por todo isto, e considerando a transcendencia da súa figura na construción da Galicia moderna, propónse que a Xunta de Galicia declare o ano 2026 como Ano Oteriano, promovendo actividades de investigación, difusión e posta en valor da súa vida e obra en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Declarar o ano 2026 como Ano Oteriano, con motivo do cincuenta aniversario do pasamento de Don Ramón Otero Pedrayo así como do centenario da publicación da súa histórica obra *“Guía de Galicia”*, un libro fundamental para coñecer os nosos aspectos xeográficos, históricos, económicos, artísticos e culturais.
2. Promover, en colaboración coas institucións culturais, educativas e científicas galegas, un programa de actividades conmemorativas, divulgativas e académicas que contribúan a difundir o seu legado.
3. Fomentar a participación dos concellos, deputacións e entidades culturais galegas na conmemoración, favorecendo a celebración das actividades por todo o territorio galego”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:31:27
Nº Rexistro: 38301
Data envío: 06/11/2025 12:31:27.972

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 12:31:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:31:27
Nº Rexistro: 38301
Data envío: 06/11/2025 12:31:27.972

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:31:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:31:27
Nº Rexistro: 38301
Data envío: 06/11/2025 12:31:27.972

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O traballo no mar ten unhas características propias que o fan dificilmente comparable con calquera outro, por iso non, se entende que o Goberno de España se empeñe en querer aplicar as mesmas regras que a calquera outra actividade máis convencional.

O mariñeiro non sabe a que hora pode aparecer o peixe, nin canto poden durar as manobras de captura, nin prever con seguridade o estado do mar, nin as posibles avarías.

Porén, o Ministerio de Traballo e Economía Social pretende implantar o fichaxe dixital en todos os sectores, coma se un mariñeiro en alta mar fose un oficinista ou un empregado de banca, por poñer dous simples exemplos.

Descoñecer estas evidencias é tanto como ignorar que a implantación deste sistema será inviable no mundo do mar.

Ninguén cuestiona que tamén na pesca deben cumprirse as horas de traballo e de descanso, este requisito non só é imperativo, senón tamén necesario para unha maior seguridade na navegación.

Os descansos mínimos están teoricamente establecidos no Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo (OIT), que constitúe a referencia das xornadas laborais e que na frota española se rexistran en papel.

Asinado o día 06/11/2025 ás
12:48
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:49:07
Nº Rexistro: 38305
Data envío: 06/11/2025 12:49:07.398

Agora o Ministerio de Traballo e Economía Social pretende implantar o fichaxe dixital en todos os sectores, o que non só parece un despropósito, senón que os propios representantes do sector o consideran inviable.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





É necesario garantir a adecuación das medidas á realidade operativa dos buques e ás condicións laborais dos seus traballadores. Mesmo o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) ten recoñecido nalgunha ocasión a excepción da pesca polo seu carácter singular e complexo.

Para reforzar esta posición abonda con lembrar que o Convenio 180 da OIT, sobre as xornadas laborais da mariña mercante, permite estender as súas disposicións ao sector pesqueiro se se considera factible e sempre escoitando ás asociacións máis representativas do sector.

O sector sinala exemplos de regulación dos horarios da frota de maneira absolutamente pragmática, como o Reino Unido, onde en lugar de rexistrar cada xornada, só se documentan as desviacións ou incumprimentos dos límites de descanso; cando se compensan, o patrón e o mariñeiro asinan o informe de excepcións.

Así mesmo, países como Noruega non recorren ao fichaxe individual, senón que o fan por días ou mareas e contabilízanse a través dos diarios de bordo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que exclúa ao sector pesqueiro da obriga xeral do rexistro dixital da xornada laboral, que prepara o Ministerio de Traballo e Economía Social, en recoñecemento á singularidade desta actividade, e a continuar aplicando o previsto no Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo para o ámbito da pesca”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 12:48:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:49:07
Nº Rexistro: 38305
Data envío: 06/11/2025 12:49:07,398

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:49:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:49:07
Nº Rexistro: 38305
Data envío: 06/11/2025 12:49:07,398

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 13:52:08
Nº Rexistro: 38309
Data envío: 06/11/2025 13:52:08,521

Asinado o día 06/11/2025 ás 13:48
Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Montserrat Prado Cores, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a que Augas de Galiza incorpore solucións baseadas na natureza en todas as novas actuacións.

Asinado o día 06/11/2025 ás 13:48
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza vive un ciclo recorrente de inundacións que afectan significativamente a poboación rural e urbana. Os episodios de crecidas extraordinarias nos ríos Umia, Bispo, Lagares e noutros cursos fluviais deixan perdas económicas importantes, danos en infraestruturas e, en ocasións, risco para a vida das persoas. A Xunta de Galiza ten obriga de implementar estratexias de mitigación eficaces e duradeiras.

Fronte a isto, o modelo tradicional de xestión hidrolóxica en Galiza segue ancorado nas chamadas infraestruturas grises: represas, canalizacións, muros de contención e obras de formigón que pretenden "domesticar" os ríos mediante intervencións estruturais. Ese enfoque concentra a inmensa maioría dos recursos públicos e persiste malia o consenso internacional sobre as súas limitacións técnicas e ambientais. As represas teñen ciclo de vida limitado, requiren mantemento constante, alteran permanentemente os ecosistemas fluviais e non resoven o problema de fondo: a restauración da capacidade natural dos ríos de absorber e regular caudais.

Asinado o día 06/11/2025 ás 13:47
Por Montserrat Valcárcel Armesto





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Augas de Galiza, organismo autónomo da Xunta con competencias en xestión de recursos hídricos, anunciou publicamente un cambio de paradigma cara a "solucións verdes" e "corredores ecolóxicos" para a xestión do risco de inundacións. Esa declaración de intencións é benvida; porén, a realidade orzamentaria e executiva amosa un desacoplamento alarmante entre o discurso político e a acción real. As solucións verdes seguen sendo investimentos residuais, mentres que as obras de canalización e as infraestruturas convencionais continúan a recibir a maioría dos fondos.

Análise da situación actual.

A restauración fluvial, elemento central das solucións baseadas na natureza, apenas ocupa un lugar periférico nos orzamentos de Augas de Galiza. O exemplo máis emblemático é o río Umia: a restauración do bosque de ribeira, fundamental para manter a estabilidade do cauce, regular os caudais e proporcionar servizos ecolóxicos, dispón unicamente de 150.000 euros. Esa cantidade é completamente desproporcionada fronte a varios millóns de euros que se dedican a obras de canalización e consolidación de marxes mediante formigón. A biodiversidade fluvial, os hábitats de fauna e flora, e a calidade ecolóxica dos ríos quedan relegadas a un segundo plano.

As chamadas áreas de inundación controlada representan outro exemplo ilustrativo. Augas de Galiza anunciou un programa con investimento de 5 millóns de euros en catro localizacións: Ponteceso, Río Bispo, Lagares e Vilagarcía. Esas zonas húmidas de infiltración son ferramentas comprobadas para reducir a velocidade das avenidas, retardar os caudais de punta e permitir a infiltración natural da auga no terreo. Son, en definitiva, solucións verdes de primeira orde. Non obstante, eses 5 millóns de euros corresponden maioritariamente a estudos técnicos e proxectos de enxeñeira, non a execución real. Meses despois do anuncio, esas áreas de inundación controlada permanecen sobre o papel, sen intervención real no territorio.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Paralelamente, a restauración de corredores fluviais —especialmente mediante reforestación con especies autóctonas— segue recibindo financiación anecdótica. Os bosques de ribeira son infraestruturas verdes de máxima importancia: reducen a erosión das marxes, estabilizan o leito fluvial, retardan os caudais de avenida, facilitan a infiltración e, fundamentalmente, mantén os caudais ecolóxicos que son vitais para a vida das comunidades bióticas fluviais. A súa restauración non é un capricho ambiental, senón unha medida estrutural de xestión do risco.

O contraste coas solucións baseadas na natureza.

A ciencia hidrolóxica e a experiencia internacional demostran que as solucións baseadas na natureza ofrecen resultados moito máis duradeiros, resilientes e de menor impacto ambiental que as infraestruturas grises. Os bosques de ribeira, as zonas húmidas, os prados inundables e a restauración de cauce actúan simultaneamente como infraestruturas de protección fronte a inundacións e como rehábítats que recuperan a biodiversidade acuática e terrestre. A inversión en natureza é, ademais, máis económica a longo prazo: o mantemento dunha zona húmida restaurada é infinitamente máis baixo que o da manutención e reparación de obras de formigón sometidas a sete anos de estrés hídrico.

Galiza dispón de amplas oportunidades de implementación: ríos cunha vexetación ribeirá degradada, antigos bosques de ribeira que desapareceron por aproveitamentos forestais intensivos, e zonas potencialmente inundables que poderían actuar como amortecedores naturais de crecidas. A restauración deses espazos non require apenas máis diñeiro, senón, fundamentalmente, vontade política de priorizar a natureza fronte ao cemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Comprometerse cun cronograma claro e vinculante para a execución —non a fase de estudos— das zonas húmidas de infiltración anunciadas nas catro localizacións de Ponteceso, Río Bispo, Lagares e Vilagarcía, con financiamento efectivo e calendario de traballo verificable antes do final do exercicio 2026.

2. Incrementar substancialmente as partidas orzamentarias destinadas á restauración e protección dos bosques de ribeira, considerándoas actuacións prioritarias dentro da planificación hidrolóxica. A restauración de corredores fluviais debe deixar de ser unha medida residual para converterse nunha estratexia central de prevención fronte a inundacións.

3. Aplicar criterios de solucións baseadas na natureza en todas as novas actuacións de Augas de Galiza, reducindo progresivamente a dependencia de obras de canalización e infraestruturas grises. Os estudos de impacto ambiental de futuros proxectos deben incluír, obrigatoriamente, unha análise comparativa coas alternativas de restauración fluvial.

4. Elaborar un plan integrado de xestión hídrica que estableza as prioridades investidoras entre infraestruturas grises e solucións verdes, establecendo metas anuais de hectáreas restauradas, orzamento dedicado a natureza, e indicadores de éxito ecolóxico mesurables.

5. Garantir a participación de comunidades locais e organizacións ambientais no deseño e implementación das solucións verdes, xa que o coñecemento territorial e a acción colectiva son imprescindibles para o éxito dunha transición real cara a un modelo de xestión hídrica máis natural e resiliente”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/11/2025 13:47:55

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 13:48:02

Carmela González Iglesias na data 06/11/2025 13:48:13

Alexandra Fernández Gómez na data 06/11/2025 13:48:20

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 13:48:29

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/11/2025 13:48:37

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 13:48:47

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2025 13:48:54



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 13:52:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 13:52:08
Nº Rexistro: 38309
Data envío: 06/11/2025 13:52:08,521

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O acceso de Galicia aos recursos dispoñibles no Fondo Social polo Clima (FSC) está en risco pola mala xestión do Goberno de Pedro Sánchez. Trátase dunha mostra máis da incoherencia do Executivo de coalición entre o PSOE e SUMAR, que di favorecer unha axenda verde, pero logo chega con atraso cando se trata de axudar aos fogares vulnerables e ás empresas no proceso de transición enerxética.

En concreto, vén de coñecerse que o Goberno de España incumpriu o prazo para enviar ás autoridades comunitarias o Plan Social para o Clima, que era o documento no que se debían recoller as propostas españolas -e, entre elas, as galegas- a financiar con cargo a esta iniciativa europea. O prazo remataba o pasado 30 de xuño e, tal e como confirmou por carta a directora de Mercados de Carbono e Mobilidade Sostible da Comisión Europea, Beatriz Yordi, o Goberno central aínda non presento o devandito plan, o que pode derivar na perda de 6.800 millóns de euros asignados a España ao abeiro do FSC e que se complementarían co 25%, uns 2.000 millóns, que debería aportar o Estado.

En total, España podería dispoñer dun total de 9.000 millóns de euros para avanzar cara a unha transición enerxética máis xusta para os sectores máis vulnerables da sociedade a través de axudas temporais e directas á renda e de investimentos que permitan reducir a dependencia dos combustibles fósiles no eido do transporte, as microempresas e os fogares vulnerables.

Ademais do atraso na presentación do Plan nacional que debe presentar o Goberno de España á Comisión Europea para acceder a estes fondos, tamén está pendente de transposición, desde o 30 de xuño de 2024, a Directiva ETS2. Isto é especialmente relevante, xa que, ao abeiro do disposto na Guía para a implementación do Plan Social polo Clima, a Comisión non pode avaliar os plans nacionais se o Estado membro non traspoñe previamente dita directiva.

Asinado o día 06/11/2025 ás
16:56
Por Alberto Pazos Couñago





A deixades de funcións do Executivo central no cumprimento do Dereito europeo está a converterse nun auténtico tapón entre Europa e Galicia, unha barreira que impide que a nosa Comunidade acceda a uns fondos tan importantes para os galegos.

Por outra banda esta falta de interese do Executivo Sánchez demostra que é un erro persistir na idea de centralizar toda a xestión dos programas europeos nos gobernos estatais. Mentres Galicia xa fixo os deberes e presentou ante o Goberno central máis de 60 proxectos por importe de preto de 2.000 millóns de euros para obter financiamento do FSC, o Goberno de Sánchez non só entorpece e pon atrancos ás comunidades, senón que ademais pode deixar a Galicia sen opción a recursos millonarios que beneficiarían directamente ás familias e ao sector da construción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, logo de trasladar á Unión Europea os proxectos galegos que optan a financiamento do Fondo Social polo Clima, e ante o deixamento de funcións do Goberno central, dar conta á Cámara galega de toda a información que reciba das autoridades comunitarias e estatais en relación con esta iniciativa.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 16:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:57:36
Nº Rexistro: 38319
Data envío: 06/11/2025 16:57:36.696

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:57:36
Nº Rexistro: 38319
Data envío: 06/11/2025 16:57:36.696

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 16:57:37

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O Máster Universitario en Formación do Profesorado é unha titulación habilitante e imprescindible para o exercicio da docencia nos niveis de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Trátase dun programa académico que garante que os futuros docentes adquiren as competencias pedagóxicas, didácticas e profesionais necesarias para desenvolver con solvencia a súa labor educativa.

Nos últimos anos, a demanda deste máster aumentou de maneira notable, especialmente as modalidade a distancia, debido ás vantaxes que ofrecen en termos de conciliación laboral e familiar, así como ao avance da dixitalización, que facilita un acceso máis amplo e descentralizado á formación superior.

Sen embargo, este incremento da demanda non sempre viu acompasado cun aumento suficiente da oferta de prazas por parte das universidades públicas, especialmente na modalidade a distancia.

No caso de Galicia, o Goberno galego colabora desde hai anos coa UNED para ofertar estas ensinanzas a distancia. Recentemente, o conselleiro de Educación reuniuse co reitor da UNED en Madrid para trasladarlle unha proposta concreta de ampliación de prazas nesta modalidade na nosa comunidade.

Ademais, a Xunta mantén un diálogo permanente coas tres universidades públicas galegas co obxectivo de acordar un incremento da oferta de prazas, especialmente nas áreas de maior demanda, garantindo así unha formación accesible, de calidade e adaptada ás necesidades actuais do sistema educativo galego.

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:11
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Reforzar os lazos de colaboración coa UNED para incrementar a oferta de prazas a distancia do máster de profesorado que, actualmente, ofrece esta institución en Galicia.
2. Solicitar, en diálogo coas tres universidades galegas, o aumento equilibrado no número de prazas públicas do máster de profesorado.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 17:11:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:11:43
Nº Rexistro: 38324
Data envío: 06/11/2025 17:11:43,744

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:11:43
Nº Rexistro: 38324
Data envío: 06/11/2025 17:11:43,744

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:11:44

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza das parroquias ferrolás de Covas e Esmelle leva tempo denunciando as constantes deficiencias na cobertura de televisión e telefonía, tanto fixa como móbil. Tal e como recollen os medios de comunicación locais e así vén denunciando o Partido Socialista na cidade, a situación é especialmente grave nos últimos meses, con interrupcións frecuentes, cortes prolongados e unha calidade do servizo claramente insuficiente.

Estas deficiencias afectan á vida cotiá das persoas residentes, dificultan o acceso á información, limitan as comunicacións e mesmo condicionan o funcionamento de pequenos negocios e servizos esenciais. Non se trata dun feito illado, senón dun síntoma da fenda dixital que persiste en moitas zonas do rural galego, onde a cobertura de telecomunicacións continúa sendo deficiente malia os anuncios reiterados da Xunta de Galicia.

A situación é especialmente preocupante tendo en conta que Covas e Esmelle son parroquias con actividade económica e social significativa, que combinan poboación residente todo o ano con unha importante presenza estacional vinculada ao turismo e ás segundas residencias. A falta de cobertura axeitada prexudica tanto á veciñanza como aos servizos públicos, que dependen cada vez máis das novas tecnoloxías para ofrecer unha atención eficaz.



Cómpre lembrar que o acceso universal á comunicación e á información é hoxe un dereito básico e unha condición imprescindible para o desenvolvemento económico, a igualdade de oportunidades e a fixación de poboación no territorio. Non pode haber cohesión territorial nin verdadeira igualdade entre o rural e o urbano se persisten zonas sen cobertura de televisión, telefonía ou internet.

A Xunta de Galicia ten a obriga de garantir unha planificación e coordinación axeitadas coas operadoras para asegurar a cobertura integral do territorio galego, especialmente nas parroquias e núcleos periféricos das cidades. Resulta inaceptable que no ano 2025 sigan existindo zonas sen servizos de telecomunicacións dignos, o que supón unha discriminación para os seus habitantes e un freo ao desenvolvemento local.

Por todo o anterior, considérase urxente que o Goberno galego interveña de inmediato para garantir a cobertura de telecomunicacións en Covas e Esmelle, adoptando as medidas técnicas e administrativas necesarias para resolver a situación e evitar que se repita no futuro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para restablecer un servizo adecuado e estable de televisión e telefonía, fixa e móbil, nas parroquias de Covas e Esmelle na cidade de Ferrol.
2. Elaborar no prazo de 3 meses un plan de supervisión e control da cobertura de telecomunicacións no conxunto do municipio de Ferrol e, nomeadamente, nas zonas rurais da cidade, co fin de garantir o acceso efectivo da cidadanía a estes servizos básicos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:15:24
Nº Rexistro: 38328
Data envío: 06/11/2025 17:15:24.760

3. Dar conta perante o Parlamento galego das actuacións realizadas e do calendario previsto para a resolución definitiva dos problemas detectados.

Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

133605

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/11/2025 17:12:32

Paloma Castro Rey na data 06/11/2025 17:12:39

Patricia Iglesias Rey na data 06/11/2025 17:12:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/11/2025 17:12:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:15:24
Nº Rexistro: 38328
Data envío: 06/11/2025 17:15:24.760

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:15:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:15:24
Nº Rexistro: 38328
Data envío: 06/11/2025 17:15:24.760

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:41:09
Nº Rexistro: 38339
Data envío: 06/11/2025 17:41:09,649

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

No verán de 2025, Galicia sufriu o maior incendio forestal da súa historia recente, que devastou amplas zonas da comarca de Valdeorras, na provincia de Ourense.

As lapas afectaron a máis de 30.000 hectáreas, espallándose polos concellos do Barco, A Rúa, Vilamartín, Petín, Rubiá, Carballada de Valdeorras, Larouco e A Veiga, e deixando tras de si un territorio profundamente alterado, tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Durante días, os veciños e veciñas viviron situacións de extremo perigo, con aldeas rodeadas polo lume e perdas ambientais irreparables. Mais a traxedia non rematou co lume: tras o incendio chegou a segunda destrución, a das augas contaminadas e os solos desfeitos.

As primeiras chuvias de outono provocaron arrastres masivos de cinza, terra e lodo dende os montes queimados cara aos ríos, regatos e depósitos de captación de auga, ocasionando turbidez, contaminación e interrupcións nos sistemas de abastecemento municipal.

Fontes municipais informaron de restricións no consumo humano en varios lugares, así como da presenza visible de cinza nas traídas e depósitos.

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:37
Por Lara Méndez López

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:37
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133608

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:41:09
Nº Rexistro: 38339
Data envío: 06/11/2025 17:41:09.649

Os medios de comunicación cualificaron a situación como “o chapapote de monte”, en alusión ao estado dos ríos Sil, Cigüeño e Bibeí, cubertos por lodos e sedimentos escuros que fan imposible o tratamento da auga. Houbo aldeas enteiras do Barco, A Rúa, Vilamartín e Petín que quedaron sen auga potable durante días, mentres outros concellos como Rubiá, Carballeda, Larouco e A Veiga rexistraron captacións alteradas e risco de contaminación.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil, organismo dependente do Goberno de España, actuou de inmediato enviando 17 brigadas de cinco compoñentes cada unha (un total de 85 profesionais), das que 12 operan en Ourense e 3 en Lugo, dedicadas á estabilización de solos, á limpeza de ribeiras e á protección de mananciais e captacións.

Grazas a estas intervencións, púidose reducir parcialmente o impacto, mais a situación segue a ser delicada e con risco de novos episodios de contaminación se volven as choivas intensas.

Pola contra, a Xunta de Galicia non adoptou medidas de urxencia nin elaborou un plan integral de restauración posterior aos lumes. Limitouse a escusarse en cuestións competenciais e a derivar a responsabilidade cara á Confederación Hidrográfica, mentres os concellos —de todas as cores políticas— advertían da gravidade da situación e pedían axuda.

A Xunta de Galicia non pode permanecer impasible nin limitarse a comunicados.

Ten a obriga de liderar, financiar e coordinar as actuacións necesarias para restaurar o solo, rexenerar os montes, protexer os recursos hídricos e garantir o dereito á auga limpa dos veciños e veciñas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133609

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:41:09
Nº Rexistro: 38339
Data envío: 06/11/2025 17:41:09.649

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia, logo de oír as explicacións do Goberno galego, acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e poñer en marcha, con carácter urxente, un plan integral de restauración hidrolóxico-forestal da comarca de Valdeorras, e cos concellos afectados, que inclúa:

- a) Actuacións inmediatas de estabilización de solos e control da erosión.
- b) Protección e recuperación das captacións e mananciais de auga.
- c) Creación de barreiras naturais e filtros vexetais para frear o arrastre de cinzas e lodos.
- d) Restauración da vexetación autóctona e recuperación dos hábitats fluviais.
- e) Axudas directas aos concellos para limpeza, reparación e mellora das infraestruturas hidráulicas danadas.

2. Poñer en marcha un sistema permanente de seguimento ambiental e sanitario, con publicación transparente dos resultados das análises de auga e informes periódicos sobre a evolución dos solos queimados.

3. Habilitar unha liña de financiamento plurianual específica para a comarca de Valdeorras, destinada á restauración ambiental, á mellora dos sistemas de abastecemento e á prevención de riscos asociados á erosión e contaminación de augas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133610

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:41:09
Nº Rexistro: 38339
Data envío: 06/11/2025 17:41:09.649

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133611

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/11/2025 17:37:13

Lara Méndez López na data 06/11/2025 17:37:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/11/2025 17:37:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:41:09
Nº Rexistro: 38339
Data envío: 06/11/2025 17:41:09.649

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:41:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:41:09
Nº Rexistro: 38339
Data envío: 06/11/2025 17:41:09.649

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O PERTE Nova Economía da Lingua foi presentado polo Goberno central como unha oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais en áreas como a intelixencia artificial, a tradución, a aprendizaxe, a divulgación cultural, a produción audiovisual, a investigación e a ciencia. Para iso, anunciouse un orzamento de 1.100 millóns de euros de investimento público, co obxectivo de mobilizar outros 1.000 millóns de investimento privado.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, puxo en marcha o Proxecto Nós, unha iniciativa presentada aos Fondos Next Generation, cun orzamento de 15 millóns de euros e coa previsión de mobilizar máis de 45 millóns de euros.

Da cantidade solicitada, o Goberno central tan só achegou a día de hoxe 3,5 millóns de euros, unha cantidade absolutamente insuficiente para un proxecto que aspira a situar o galego na sociedade e na economía dixital.

Dada esta situación e ante o remate en 2026 do Programa ALIA, que financia o devandito proxecto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central a transferencia da totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 17:45:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:27
Nº Rexistro: 38343
Data envío: 06/11/2025 17:46:27.909

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:46:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:27
Nº Rexistro: 38343
Data envío: 06/11/2025 17:46:27.909

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Pacto de Vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 chega ao seu fin, sen que lograra mellorar a situación no acceso á vivenda. Tratábase dun Pacto de Vivenda que nacía morto por carecer de análise e de obxectivos concretos e por reducirse a un panfleto xeralista con declaracións de intencións vagas.

Os informes de seguimento deste pacto tampouco aportaron claridade sobre a evolución e os resultados obtidos, por seren excesivamente ambiguos en aspectos centrais.

En 2026 debería entrar en vigor o vindeiro Plan de Vivenda galego sen que se teña presentado por parte do goberno galego ningunha conclusión do anterior, ningunha análise da situación actual e dos retos e obxectivos inmediatos, nin tampouco ningún avance nin borrador público.

Resulta especialmente chamativo que mentres se produce a tramitación dos vindeiros orzamentos 2026 non exista nin unha soa referencia nos mesmos ao vindeiro plan galego de vivenda. Semella que a Xunta de Galiza carece de toda visión estratéxica en cuanto á súa política de vivenda.

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:58
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:58
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O problema de acceso á vivenda e a planificación do parque inmobiliario debe abordarse atendendo a múltiples factores. Igualmente a solución pasa por combinar de forma adecuada respostas múltiples. Porén a Xunta de Galiza neste momento non ten análise e reduce as súas propostas a unhas poucas promesas vagas, que nin tan sequera sabemos cando e como pretende executar.

Tendo en conta a inminente caducidade do actual plan de vivenda, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

- Presentar un informe de execución do actual Plan de Vivenda 2021-2025 no prazo máximo dun mes.
- Abrir un proceso de participación previo á aprobación do vindeiro Plan de Vivenda de Galiza en que se someta o seu borrador a exposición pública e a debate no Parlamento de Galiza antes de que finalice o ano.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/11/2025 17:58:19

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 17:58:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:59:40
Nº Rexistro: 38345
Data envío: 06/11/2025 17:59:40,369

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:59:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:59:40
Nº Rexistro: 38345
Data envío: 06/11/2025 17:59:40,369

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:48:04
Nº Rexistro: 38496
Data envío: 10/11/2025 17:48:04.540

Asinado o día 10/11/25
17:46
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que adquire unha data tan especial como é o décimo aniversario do pasamento de Xosé Neira Vilas.

Exposición de motivos

Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces 1928-2015) foi un escritor, xornalista, ensaísta e poeta, que a través da narrativa foi quen de debuxar a realidade social da Galicia do século XX.

Nado nunha aldea do interior galego, viviu a súa nenez entre a escola e os traballos do agro, ata que a emigración o levou a Bos Aires. Alí puido combinar distintos empregos coas clases de literatura, historia ou economía galegas que impartían persoeiros como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste ou Ramón de Valenzuela, dentro da actividade formativa que desenvolvía a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGEA).

Despois de casar con Anisia Miranda, ámbolos dous fundaron Follas Novas, editorial e distribuidora do libro galego en toda América, que publicou a primeira edición da súa obra máis coñecida: *Memorias dun neno labrego*, que se convertería no libro máis lido, máis editado e máis traducido da literatura galega.

Asinado o día 10/11/2025 ás
17:46
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 10/11/2025 ás
17:46
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Desde entón, a súa obra non faría máis que medrar e, centrándose na realidade do rural, a vida da muller, a emigración ou o tempo da Guerra, publicou *Xente no rodicio* (1965), *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *A muller de ferro* (1969), *Cartas a Lelo* (1971), *Remuíño de sombras* (1973), *Aqueles anos do Moncho* (1977), *Nai* (1980) e *Querido Tomás* (1980). Ademais das obras de narrativa infantil *Espantallo amigo* (1971), *O cabaliño de buxo* (1971) e *A Marela Taravela* (1974).

Xa de volta en Galicia, Neira Vilas foi recoñecido pola súa gran aportación á cultura galega, recibindo importantes distincións como o Premio da Crítica de Galicia (1981), a Medalla Castelao (1988), o Premio Trasalba (2004), o Premio Laxeiro (2010), o Premio Otero Pedrayo (2013) e a Medalla de Ouro de Galicia (2015).

Agora, conscientes da importancia e do significado de toda a súa obra, co gallo do décimo aniversario do seu pasamento, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver accións divulgativas que axuden a difundir a obra de Xosé Neira Vilas, co gallo do décimo aniversario do seu pasamento”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 17:46:07
Carmen Pomar Tojo na data 10/11/2025 17:46:19
José Luis Ferro Iglesias na data 10/11/2025 17:46:29
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 17:46:44
Víctor Baladrón Lamas na data 10/11/2025 17:46:56
Julio García Comesaña na data 10/11/2025 17:47:06
Patricia García González na data 10/11/2025 17:47:17
Rubén Lorenzo Gómez na data 10/11/2025 17:47:29
María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/11/2025 17:47:40
Raúl Santamaría González na data 10/11/2025 17:47:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:48:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:48:04
Nº Rexistro: 38496
Data envío: 10/11/2025 17:48:04.540

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:26:45
Nº Rexistro: 38521
Data envío: 10/11/2025 18:26:45.122

Asinado o día 10/11/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia de adoptar medidas diante desta doenza que pode dar lugar a importantes prexuízos, tanto nas explotacións afectadas, como no sector bovino do territorio no que se notifique a súa presenza

Asinado o día 10/11/2025 ás
18:24
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Exposición de Motivos:

A dermatose nodular contaxiosa (DNC) é unha enfermidade vírica que afecta ó gando vacún e a algúns animais silvestres, pero non ás persoas. É unha virose grave que ten diversas manifestacións (febre, esgotamento, etc.), pero o síntoma máis característico son os nódulos na pel, que poden aparecer por todo o corpo (fociño, cabeza, pescozo, ubres, abdome, etc.). A transmisión da enfermidade prodúcese fundamentalmente a través de diversas especies de insectos.

A dermatose pode producir a morte do animal, pero a súa afección máis importante é a redución da produción, especialmente no vacún de leite. Galicia produce o 42% do leite de España, polo que as consecuencias da entrada desta patoloxía no noso territorio sería un desastre para o sector primario galego e o noso rural.

A evolución da situación epidemiolóxica desta enfermidade en países da Unión Europea próximos tanto territorial como comercialmente con España, así como a detección desta doenza nas primeiras datas do mes de outubro en territorio español, na provincia de Xirona, en Cataluña, e que ten continuado ata a data con sucesivas notificacións de novos focos nesa comunidade, supón un importante aumento do nivel de risco de aparición da DNC en Galicia.

Asinado o día 10/11/2025 ás
18:24
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Reclamar unha maior implicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na coordinación e liderado da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa, co fin de que todas as comunidades autónomas contén coa máxima información actualizada posible á hora de sopesar as actuacións de prevención e vixilancia que fosen precisas en cada territorio e que, por lóxica sanitaria e de non distorsión da normal actividade do sector, deberían ser actuacións consensuadas e homoxéneas.
- 2.- Propoñer e articular xurídica e economicamente desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e coa participación da Comisión Europea, as actuacións de investigación científica e técnica necesarias co fin de desenvolver unha vacina para esta enfermidade, que permita a protección do gando bovino, evite a necesidade de sacrificios masivos nas explotacións que puidesen estar afectadas, así como posibilibite o movemento habitual dos animais sen trabas comerciais para os animais vacinados, que se poderían diferenciar dunha maneira sinxela dos animais infectados naturalmente.
- 3.- Instar á Empresa Nacional de Seguros Agrarios (ENESA) a que inclúa no seu catálogo de cobertura de sinistros a dermatose nodular contaxiosa, establecendo uns valores de pago axeitados aos valores de mercado para os casos de bovinos mortos ou para os que se resolva o seu sacrificio obrigatorio pola autoridade competente.
- 4.- Establecer polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un baremo de indemnización adecuado e actualizado de aplicación para os casos de sacrificio obrigatorio de animais ordenados polas autoridades sanitarias competentes en sanidade animal. Este baremo deberá corresponderse cos valores reais de mercado do gando bovino e ser de homoxénea aplicación en todas as comunidades autónomas, co fin de evitar distorsións territoriais nesta materia”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 18:24:02
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/11/2025 18:24:12
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2025 18:24:21
José Mato Díaz na data 10/11/2025 18:24:34
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/11/2025 18:24:42
Cristina Campero Dorado na data 10/11/2025 18:24:53
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/11/2025 18:25:01
Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 18:25:28
Ángel Rodríguez Conde na data 10/11/2025 18:25:45
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 18:25:56



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:26:45
Nº Rexistro: 38521
Data envío: 10/11/2025 18:26:45.122

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 18:26:45

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia de adoptar medidas diante desta doenza que pode dar lugar a importantes prexuizos, tanto nas explotacións afectadas, como no sector avícola galego.

Exposición de motivos

A influenza aviaria –coñecida coloquialmente como “gripe aviar”– é unha das patoloxías máis nocivas para as explotacións avícolas, tanto polos elevados niveis de morbilidade e mortalidade que producen, como polas importantes restricións comerciais que a súa presenza implica para o sector da avicultura.

Neste marco, desde 2003 lévase a cabo, tanto en Galicia como no resto do Estado, o *Programa de vixilancia da influenza aviaria en España* do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (en adiante, MAPA), que inclúe tanto as aves domésticas –en curral e en cativeiro– como as aves silvestres. A estes efectos, cómpre destacar que, desde o pasado ano 2021, o devandito *Programa de vixilancia* permitiu constatar un aumento do risco de difusión do virus en toda Europa.

Actualmente en Galicia hai medidas de prevención adoptadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas, ante o incremento da influenza aviaria noutras zonas de España e como reforzo, por tanto, para protexer as explotacións avícolas galegas.



Estas normas entraron en vigor hoxe nos territorios denominados Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV) de Galicia, definidas na Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, publicada polo Ministerio, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. Estas medidas que xa estaban vixentes nos 11 concellos ZER e refórzanse agora para as ZEV.

As ZER están conformadas por A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, na provincia de Pontevedra; Xove, na de Lugo; e Cerceda, Ordes e Tordoia, na da Coruña. En ZEV son Cariño, Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do, Son Rianxo, Ribeira, Vimianzo e Zas, na provincia da Coruña; Ribadeo e Trabada, en Lugo; Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia, en Ourense; e A Guarda, Marín, Meis, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa, en Pontevedra.

Polo tanto, nestes territorios queda prohibida a cría de aves de curral ao aire libre, aínda que cando isto non sexa posible en determinadas circunstancias, estará permitido sempre que existan medidas de bioseguridade que garantan a ausencia de contacto, directo ou indirecto a través da auga ou alimento, das aves de curral con aves silvestres. Tamén se prohibe a cría de patos e gansos conxuntamente con outras especies de aves de curral, así como o emprego de aves das ordes Anseriformes e Charadriiformes como reclamos nas actividades cinexéticas.

Outra das medidas é a prohibición de dar auga ás aves de curral procedente de depósitos aos que poidan acceder aves silvestres, agás no caso que sexa tratada con métodos que garantan a inactivación do virus da influenza aviaria. Ademais, os depósitos de auga situados no exterior requiridos por motivos de benestar animal para determinadas aves de curral, deben estar protexidos suficientemente contra as aves silvestres.

Por último, queda prohibida a presenza de aves de curral ou outro tipo de aves cautivas nos centros nos que se concentran animais como os mercados e certames gandeiros, mostras, exhibicións ou celebracións culturais, así como calquera concentración de aves de curral ou outro tipo de aves cativas. Como





excepción, determinadas concentracións de aves poderán ser autorizadas pola autoridade competente tras unha avaliación individual de risco.

Neste respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que é totalmente transcendental afondar, sempre que sexa necesario, potenciar aquelas iniciativas encamiñadas a achegar toda a información dispoñible e actualizada da situación epidemiolóxica e recordo da necesidade de reforzar as medidas de bioseguridade das granxas, sobre todo evitando o contacto con aves silvestres (isto é, charlas informativas, control e seguimento de zonas ZER e/ou ZEV, visitas periódicas, remisión de información aos concellos, etcétera).

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que mediante comunicados ou calquera medio de difusión intensifique a información que se traslada aos titulares das explotacións avícolas sobre as medidas a adoptar nas súas explotacións de cara a evitar a transmisión e o posible incremento de focos de gripe aviaria na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 18:27:51
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/11/2025 18:28:04
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2025 18:28:16
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/11/2025 18:28:23
Cristina Campero Dorado na data 10/11/2025 18:28:35
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/11/2025 18:28:44
Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 18:28:54
José Mato Díaz na data 10/11/2025 18:29:14
Ángel Rodríguez Conde na data 10/11/2025 18:29:25
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 18:29:38



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 18:29:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:29:51
Nº Rexistro: 38523
Data envío: 10/11/2025 18:29:51.151

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38002
Data envío: 31/10/2025 14:43:07,346

Asinado o día 31/10/2025 ás 14:40
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Os radiólogos e radiólogas do Hospital Álvaro Cunqueiro de VIGO, levan en folga desde o pasado 6 de outubro para reclamar que haxa máis profesionais de garda.

Non é un tema novo, dado que o colectivo leva reclamando ao Sergas a incorporación de máis persoal de garda para facer fronte ao incremento da demanda asistencial que teñen, e que orixina unha sobrecarga de traballo nos facultativos.

E á situación de folga chegan porque a Consellería de Sanidade ignorou ata a citada data a súa petición, aínda que nas últimas semanas, tras a folga, Sanidade fixo un par de ofertas pero que consideran insuficientes.

Desde o Grupo Socialista, levamos tempo insistindo na sobrecarga de traballo dos profesionais da sanidade por parte da Xunta de Galicia. E este é un claro exemplo. Onde non poden máis, onde non piden incremento salarial, senón máis radiólogos e radiólogas.

Unha das medidas propostas pola xerencia do Área Sanitaria de Vigo, é a implantación dun filtro para determinar se cada proba urxente de imaxe é necesaria ou non, co obxectivo de eliminar as que se puideren considerar prescindibles. Pero os profesionais din que esta medida, xa se probou e non tivo éxito.

Asinado o día 31/10/2025 ás 14:40
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 31/10/2025 ás 14:40
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133634

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38002
Data envío: 31/10/2025 14:43:07,346

Son centos de argumentos os que os radiólogos teñen ao seu favor para pedir o incremento de persoal, e por citar só un é contrastar o incremento de probas radiolóxicas fronte á conxelación do persoal desde hai moitos anos.

É necesario que a Xunta recapacite e se sente a negociar co cadro de profesionais de radioloxía porque poden existir solucións mesmo sen incrementar os recursos humanos.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incrementar o número de radiólogos e radiólogas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, ou adoptar outras medidas, para que se axuste ás necesidades da demanda.
2. Que a Xunta de Galicia e, en concreto, a Xerencia do Área Sanitaria de Vigo, se sente a negociar co cadro de radiólogos e radiólogas para alcanzar un acordo que dea resposta ás súas necesidades.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133635

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 31/10/2025 14:40:30

Silvia Longueira Castro na data 31/10/2025 14:40:37

Carlos López Font na data 31/10/2025 14:40:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/10/2025 14:40:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38002
Data envío: 31/10/2025 14:43:07,346

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 14:43:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38002
Data envío: 31/10/2025 14:43:07,346

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:36
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/11/2025 11:50:36,253

Asinado o día 03/11/2025 ás 11:47
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O novo centro de Moaña está en construción, e cremos que é o momento oportuno para reclamar que este centro debe contar cun servizo de urxencias. A construción do Centro de Saúde de Moaña era unha necesidade prioritaria para os veciños e veciñas do concello.

Non foi un camiño fácil, aínda que non imos facer historia, porque nos levaría a cambiar de década e facer un longo percorrido ata principios da actual.

Aínda que si nos imos a parar un pouco no ano 2020, para poder entender o contexto actual.

O 13 de xaneiro do ano 2020 o entón Conselleiro de Sanidade, o Sr. Almuiña, convoca a unha reunión á Alcaldesa de Moaña, para avanzar na redacción dun convenio de colaboración respecto ao Centro de saúde.

Dous días máis tarde, o Concello de Moaña, recibe o borrador de convenio enviado polo Sergas. No mesmo detéctase un problema, dado que non contempla manter o PAC no novo centro de Saúde, dado que textualmente di: “Así mesmo, valorarase ao finalizar as obras de construción do novo centro de saúde a posibilidade de manter un Punto de Atención Continuada no concello de Moaña”.

Asinado o día 03/11/2025 ás 11:47
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 03/11/2025 ás 11:47
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133638

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:36
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/11/2025 11:50:36,253

E é por mor deste parágrafo do convenio cando pola mesa local da sanidade pídese a súa rectificación no sentido de que debe recoller explicitamente que o novo centro de saúde vai contar cun PAC, polo menos, ata que se constrúa o CIS do Morrazo.

Con todo, vemos que a decisión se atrasa e se entorpece e agora a Xunta de Galicia, expón o elaborar un estudo de necesidades antes de tomar a decisión de si o novo centro de Saúde de Moaña vai contar co servizo de urxencias ou non.

Non parece normal que expoñan agora un estudo de necesidades cando antes Moaña xa contaba cun servizo de urxencias, e cando as demandas non se modificaron desde o covid-19. Basta, como exemplo, comprobar a poboación que é estable desde o ano 2019 a hoxe.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte de forma inmediata a decisión de que o novo centro de saúde de Moaña, desde a súa apertura, conte cun servizo de urxencias.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133639

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 03/11/2025 11:47:21

Silvia Longueira Castro na data 03/11/2025 11:47:31

Carlos López Font na data 03/11/2025 11:47:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/11/2025 11:47:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:36
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/11/2025 11:50:36,253

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 11:50:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 11:50:36
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/11/2025 11:50:36,253

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a comunicación remitida pola Consellaría de Educación ao funcionariado en prácticas, que incumpre a lexislación lingüística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Normalización Lingüística dispón:

- Artigo 12. 1: “O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”.

- Artigo 13.2, “As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”.

Alén diso, no artigo 6.3, dispón: “Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

-“1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas



demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.

- 3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, ademais, estas tres estratexias:

“Oferta positiva. Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. (...) No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego”.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

A Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional remitiu un correo electrónico, no pasado mes de agosto, aos novos mestres e mestras



que superaron o último proceso de oposicións con instrucións unicamente en castelán, ademais de usar toponimia deturpada. A mensaxe incluía instrucións relacionadas cos trámites que debe levar a cabo este novo funcionariado para a súa toma de posesión, e non incluía versión en galego, a pesar da normativa citada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Corrixir todo tipo de comunicacións que exclúan o galego e nas que se use toponimia deturpada.
2. Comprometerse a non volver emitir ningunha comunicación ao profesorado na que se incumpra a lexislación lingüística”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/11/2025 12:45:49

Mercedes Queixas Zas na data 03/11/2025 12:45:57

Daniel Castro García na data 03/11/2025 12:46:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/11/2025 12:47:59

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2025 12:52:46



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 12:53:44
Nº Rexistro: 38043
Data envío: 03/11/2025 12:53:44.258

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 12:53:47

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 13:27:32
Nº Rexistro: 38055
Data envío: 03/11/2025 13:27:32.475

Asinado o día 03/11/2025
Por Secundino Fernández
Por Secundino Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para recuperar o monte queimado na comarca do Condado no verán de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este verán os lumes volveron a afectar territorio da comarca do Condado, en concreto dos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, As Neves e Arbo. Estas zonas foron declaradas afectadas por unha emerxencia (antes catastróficas) polo Estado o pasado 24 de agosto, considerando estes lumes unha das catástrofes medioambientais máis graves dos últimos anos. Esta declaración está baseada na existencia de danos persoais ou destrucións graves en infraestruturas e bens públicos e privados.

Os incendios de Batalláns, nas Neves, e a Picoña, en Salceda de Caselas, arraxaron no seu conxunto máis de 180 has. a comezos de agosto. No lume de Batalláns, a Xunta, ante a proximidade das lapas ás vivendas, veuse obrigada a decretar a Situación 2 como medida preventiva. Mobilizáronse aquí 6 técnicos, 17 axentes forestais, 26 brigadas, 20 motobombas, 4 pas, 3 unidades técnicas de apoio, 6 helicópteros e 2 avións.

Na Picoña a Xunta tamén activou o grao de emerxencia Situación 2 como medida preventiva debido á proximidade do lume ao núcleo de poboación de Pedrapinta e mobilizou 4 técnicos, 15 axentes, 26 brigadas, 18 motobombas, 2 pas, 4 helicópteros e 2 avións. Ademais, tamén participou nas labores de extinción efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME).

Asinado o día 03/11/2025 ás
13:25
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 03/11/2025 ás
13:25
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 13:27:32
Nº Rexistro: 38055
Data envío: 03/11/2025 13:27:32.475

O incendio de Salvaterra de Miño no Lugar de Pesqueiras, malia queimarse 30 has., tivo que ser activada tamén a Situación 2 pola proximidade do lume ás vivendas do núcleo de Castelo e Moreiras, coincidindo cun pequeno foco na localidade de Mondariz.

O incendio forestal de Arbo, ameazou os núcleos do Urzal, Fontedevila e da Aldea, activando a Situación 2 como nos casos anteriores.

Estes lumes afectaron a zonas que xa foran queimadas pola vaga de lumes de 2017 ou do 2022, polo tanto a recuperación do monte queimado non vai ser espontánea se non se adoptan as medidas necesarias por parte da Consellería do Medio Rural. No caso da Picoña, arrasada no 2017, a Comunidade de Montes foi quen de reforestar e coidar toda a área durante todos estes anos (unhas 36 has.), no 2025 ardeu toda esa masa forestal renovada, pero a Xunta non incluíu as zonas rexeneradas nas súas axudas, como se non ocasionara gastos e traballos esta acción.

A Xunta de Galiza non asume a súa completa responsabilidade e deriva a mesma, como outras moitas veces, ao Goberno do Estado ou aos concellos, malia que ostenta as competencias plenas en prevención e defensa contra os incendios.

Por outra banda, estudos e series estatísticas amosan que Galiza é un dos territorios máis afectados en Europa, cun aumento constante na área queimada ao longo das décadas. A comarca do Condado, é un deses lugares nos que se combate o lume practicamente cada ano e esta cualificada como Zona de Alto Risco Incendiario.

Polo tanto é urxente poñer en marcha medidas como:

- Maior investimento en accións preventivas durante todo o ano, incidindo nas zonas de máis risco.
- Ordenación do territorio.
- Apostar por un monte multifuncional con distintas actividades económicas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 13:27:32
Nº Rexistro: 38055
Data envío: 03/11/2025 13:27:32.475

- Intensificar a cooperación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

- Garantir unha xestión pública e comunal do monte

- Recuperar e dimensionar as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).

É necesario un pulo decidido a políticas estruturais que preserven a biodiversidade natural, restauren os ecosistemas danados coa maior urxencia antes de que cheguen as choivas intensas e recuperen os usos tradicionais e multifuncionais dos montes, como o pastoreo, que contribúen a fixar poboación no rural e a afastar os lumes.

O PP debe cesar de por o monte galego ao servizo da especulación, ofrecéndoo a grandes multinacionais enerxéticas, pasteiras e mineiras e que esta vaga de lumes de lugar a un cambio de rumbo cara a solventar problemas como a mudanza climática, o despoboamento do territorio, a desertización, o abandono da actividade agraria e gandeira, un servizo de prevención e extinción de incendios precario e estacionalizado, e unha actividade forestal de monocultivo de especies pirófitas que dan lugar a unha biomasa descontrolada que favorece ao lume. Temas que deben ser abordados con urxencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Dotar de medios e orzamento para poñer en marcha os traballos necesarios de prevención durante todo o ano, adaptado ás características da comarca, concello a concello, sempre coordinados coas comunidades de montes de cada parroquia. Contando, así mesmo, coa participación das Brigadas do Distrito Forestal e dos Servizos de Emerxencias na delimitación desas áreas máis perigosas, actuando tanto nas faixas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 13:27:32
Nº Rexistro: 38055
Data envío: 03/11/2025 13:27:32.475

secundarias arredor de núcleo, como nas parcelas situadas no seu interior que se atopen en abandono, e que actualmente constitúen o máis elevado risco de incendio para as vivendas e sitúan en risco vital ás persoas, e, ademais, son as que normalmente provocan a declaración de nivel 2 nos incendios forestais que acaban converténdose en incendios de espazos urbanos.

2.- Facer un investimento urxente, e cos orzamentos precisos, para iniciar o ciclo dunha restauración completa nas zonas afectadas dos Concellos da Comarca do Condado que tamén sufriron continuos lumes na última década e que xa están recollidas nos PEIFOGA e dentro dos anexos (baremables) do Convenio subscrito coa Fegamp en materia de xestión forestal de parcelas en faixas secundarias.

3.- Crear cortalumes naturais de frondosas, ou incorporación doutro tipo de cultivos en función do tipo de terreos, nos perímetros de núcleos habitados para a protección das propiedades e das persoas.

4.- Activar de xeito urxente todas as axudas que permitan aos concellos e á veciñanza recuperar os bens perdidos no incendio, incluíndo as zonas xa rexeneradas despois dos lumes de 2017 e que volveron arder en 2025.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/11/2025 13:25:29

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/11/2025 13:25:36

Secundino Fernández Fernández na data 03/11/2025 13:25:50

Luis Bará Torres na data 03/11/2025 13:25:57



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 13:27:32
Nº Rexistro: 38055
Data envío: 03/11/2025 13:27:32.475

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 13:27:33

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Julio García Comesaña, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A estrada N-550, de titularidade estatal, constitúe un dos principais eixes viarios de Galicia, unindo O Porriño con Santiago de Compostela e atravesando concellos con elevada actividade económica e industrial, como é o caso de Mos.

O seu trazado presenta múltiples puntos conflictivos, especialmente no tramo comprendido entre a gasolinera de Os Valos e a entrada de Pombal-Tablado, na parroquia de Louredo. Trátase dun treito que soporta un intenso tráfico de vehículos pesados e lixeiros e que carece, nalgúns puntos, de beiravía, o que obriga aos peóns —moitos deles peregrinos do Camiño de Santiago— a circular pola calzada, incrementando o risco de accidentes e comprometendo a seguridade viaria.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana elaborou o proxecto “Remodelación da intersección da estrada N-550 no punto quilométrico 148+650 (Louredo, Mos)”, cun orzamento estimado de 582.432,27 euros, aprobado definitivamente no Boletín Oficial do Estado do 9 de outubro de 2024. Este proxecto permitiría mellorar os accesos aos barrios de Pombal, Pantaño e San Gregorio, garantindo a seguridade viaria e a convivencia entre o tráfico rodado e os peóns.

Asinado o día 03/11/2025 ás
16:14
Por Alberto Pazos Couñago





Porén, a pesar de estar aprobado, o proxecto non conta con partida económica nos Presupostos Xerais do Estado vixentes, o que impide a súa licitación e execución. Esta situación supón un novo atraso nunha demanda histórica dos veciños e do propio Concello de Mos, que levan anos reclamando unha actuación tan necesaria como xusta.

Resulta incomprensible que o Goberno central non dea prioridade a unha obra xa aprobada, de baixo custo e alto impacto social, mentres destina fondos a actuacións de menor relevancia ou en territorios con menor necesidade obxectiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Incluir nos Presupostos Xerais do Estado a partida necesaria para a execución do proxecto “Remodelación da intersección da estrada N-550 no punto quilométrico 148+650, parroquia de Louredo, concello de Mos”, aprobado definitivamente no ano 2024.
2. Proceder á licitación e inicio das obras no menor prazo posible, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e peonil nun tramo que soporta un elevado tráfico de vehículos e peóns, especialmente peregrinos do Camiño de Santiago.
3. Dar traslado desta resolución ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e á Subdelegación do Goberno en Pontevedra.”

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/11/2025 16:14:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38060
Data envío: 03/11/2025 16:15:01.358

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38060
Data envío: 03/11/2025 16:15:01.358

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 16:15:04

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38082
Data envío: 04/11/2025 09:16:37.563

Asinado o día 04/11/25
09:15
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación de alarma permanente na que se encontra a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en situación de alerta permanente, o seu deterioro non cesa, consecuencia das políticas de acoso do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs con déficits de profesionais, as crianzas sen pediatras...

Pola contra todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle d@s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Asinado o día 04/11/2025 ás
09:15
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 04/11/2025 ás
09:15
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe unha alerta xeneralizada polas consecuencias negativas ao longo de toda a cadea asistencial. Listas de espera tanto en atención primaria como hospitalaria, sobrecarga de profesionais, diagnósticos tardíos, de xeito que as enfermidades que puideron ser detectadas precozmente progresan sen control, reducindo as opcións de tratamento eficaces. Isto xera ansiedade, incerteza e carga emocional insoportábel nas persoas doentes. Cada atraso en consultas, cada diagnóstico tardío é unha condena ao sufrimento e nicho de negocio para a sanidade privada.

A consecuencia directa e a cada vez máis baixa calidade asistencial, a pesares do esforzo dxs profesionais, que non teñen mans abondo para atender a demanda, e tamén a perda de confianza no sistema sanitario.

A realidade é que a continuidade asistencial está seriamente ameazada, nunha situación límite, do nivel asistencial fundamental que é a Atención Primaria, onde se resolven entre o 80 e 90 por cento dos procesos de saúde. É preciso poñer en marcha un cambio de modelo, un plan real que a faga atractiva e deixe de estar secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, convertida en despacho de doentes.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.-Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible...

3.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

4.- Incorporación de categorías novas en número suficiente para formar auténticos equipos multidisciplinares: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas...

5.- Derogación da Lei 2/2022, de 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2025 9:15:34

Iria Carreira Pazos na data 04/11/2025 9:15:41

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2025 9:15:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38082
Data envío: 04/11/2025 09:16:37,563

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 9:16:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38082
Data envío: 04/11/2025 09:16:37.563

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-455 constitúe unha vía de comunicación esencial para a veciñanza de Val do Dubra e para o conxunto da comarca, conectando diversos núcleos de poboación e servindo de acceso a servizos básicos e áreas de actividade económica.

Porén, o seu estado de conservación e seguridade presenta importantes deficiencias que preocupan á cidadanía e aos concellos afectados. En particular, o tramo da ponte situada sobre o río Dubra atópase nun estado de evidente deterioro: a estrutura amosa gretas visibles en varios puntos, carece dun mantemento axeitado, como se pode comprobar ante acumulación de maleza e restos vexetais.

Esta situación supón un risco potencial tanto para o tráfico rodado como para o propio estado estrutural da infraestrutura, polo que resulta imprescindible que o Goberno galego actúe con dilixencia e priorice a súa reparación e avaliación técnica.

A seguridade viaria é unha competencia fundamental da Xunta de Galicia e debe ser tratada como unha cuestión de prevención e de responsabilidade pública. A conservación adecuada das infraestruturas non só garante a seguridade das



persoas usuarias, senón que tamén contribúe á cohesión territorial e á mellora da calidade de vida no rural galego.

As actuacións sobre a ponte deben considerarse de carácter urxente, tanto pola súa relevancia para a seguridade viaria como pola necesidade de garantir a continuidade das comunicacións na zona. Con todo, cómpre dar un paso máis e analizar de maneira planificada a posibilidade dun novo trazado alternativo da estrada AC-455 que permita desviar o tráfico máis intenso por unha zona con mellores condicións técnicas, reducindo a presión sobre a ponte actual e mellorando a mobilidade e a seguridade de conxunto.

Por todo o exposto e en atención ás demandas da veciñanza e do concello de Val do Dubra, considérase urxente que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para garantir o mantemento, a seguridade e a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455, incluíndo as actuacións que resulten precisas para a súa posta a punto e avaliación técnica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á limpeza integral e acondicionamento da ponte situada na estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra, eliminando a maleza e os restos acumulados que comprometen a seguridade da infraestrutura.
2. Realizar con carácter urxente unha avaliación técnica da estabilidade e capacidade estrutural da ponte, co fin de garantir que cumpre os requisitos de seguridade viaria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:55:39
Nº Rexistro: 38103
Data envío: 04/11/2025 13:55:39.253

3. Planificar e executar, se for o caso, as obras de reparación necesarias derivadas dese estudo técnico, incorporando medidas de mellora da seguridade e sinalización no contorno.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

133664

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/11/2025 13:46:35

Carlos López Font na data 04/11/2025 13:46:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 13:46:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:55:39
Nº Rexistro: 38103
Data envío: 04/11/2025 13:55:39.253

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 13:55:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:55:39
Nº Rexistro: 38103
Data envío: 04/11/2025 13:55:39.253

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-455 constitúe unha vía de comunicación esencial para a veciñanza de Val do Dubra e para o conxunto da comarca, conectando diversos núcleos de poboación e servindo de acceso a servizos básicos e áreas de actividade económica.

Porén, o seu estado de conservación e seguridade presenta importantes deficiencias que preocupan á cidadanía e aos concellos afectados. En particular, o tramo da ponte situada sobre o río Dubra atópase nun estado de evidente deterioro: a estrutura amosa gretas visibles en varios puntos, carece dun mantemento axeitado, como se pode comprobar ante acumulación de maleza e restos vexetais.

Esta situación supón un risco potencial tanto para o tráfico rodado como para o propio estado estrutural da infraestrutura, polo que resulta imprescindible que o Goberno galego actúe con dilixencia e priorice a súa reparación e avaliación técnica.

A seguridade viaria é unha competencia fundamental da Xunta de Galicia e debe ser tratada como unha cuestión de prevención e de responsabilidade pública. A conservación adecuada das infraestruturas non só garante a seguridade das



persoas usuarias, senón que tamén contribúe á cohesión territorial e á mellora da calidade de vida no rural galego.

As actuacións sobre a ponte deben considerarse de carácter urxente, tanto pola súa relevancia para a seguridade viaria como pola necesidade de garantir a continuidade das comunicacións na zona. Con todo, cómpre dar un paso máis e analizar de maneira planificada a posibilidade dun novo trazado alternativo da estrada AC-455 que permita desviar o tráfico máis intenso por unha zona con mellores condicións técnicas, reducindo a presión sobre a ponte actual e mellorando a mobilidade e a seguridade de conxunto.

Por todo o exposto e en atención ás demandas da veciñanza e do concello de Val do Dubra, considérase urxente que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para garantir o mantemento, a seguridade e a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455, incluíndo as actuacións que resulten precisas para a súa posta a punto e avaliación técnica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar nos vindeiros Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada á mellora da seguridade viaria na estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra.
2. Priorizar, dentro desa planificación, as actuacións necesarias para garantir o mantemento, limpeza, conservación e avaliación estrutural da ponte sobre o río Dubra.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/11/2025 13:47:22

Carlos López Font na data 04/11/2025 13:47:28

Patricia Iglesias Rey na data 04/11/2025 13:47:36

Elena Espinosa Mangana na data 04/11/2025 13:47:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 13:47:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 13:58:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:58:49
Nº Rexistro: 38109
Data envío: 04/11/2025 13:58:49.106

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamento**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-455 constitúe unha vía de comunicación esencial para a veciñanza de Val do Dubra e para o conxunto da comarca, conectando diversos núcleos de poboación e servindo de acceso a servizos básicos e áreas de actividade económica.

Porén, o seu estado de conservación e seguridade presenta importantes deficiencias que preocupan á cidadanía e aos concellos afectados. En particular, o tramo da ponte situada sobre o río Dubra atópase nun estado de evidente deterioro: a estrutura amosa gretas visibles en varios puntos, carece dun mantemento axeitado, como se pode comprobar ante acumulación de maleza e restos vexetais.

Esta situación supón un risco potencial tanto para o tráfico rodado como para o propio estado estrutural da infraestrutura, polo que resulta imprescindible que o Goberno galego actúe con dilixencia e priorice a súa reparación e avaliación técnica.

A seguridade viaria é unha competencia fundamental da Xunta de Galicia e debe ser tratada como unha cuestión de prevención e de responsabilidade pública. A conservación adecuada das infraestruturas non só garante a seguridade das



persoas usuarias, senón que tamén contribúe á cohesión territorial e á mellora da calidade de vida no rural galego.

As actuacións sobre a ponte deben considerarse de carácter urxente, tanto pola súa relevancia para a seguridade viaria como pola necesidade de garantir a continuidade das comunicacións na zona. Con todo, cómpre dar un paso máis e analizar de maneira planificada a posibilidade dun novo trazado alternativo da estrada AC-455 que permita desviar o tráfico máis intenso por unha zona con mellores condicións técnicas, reducindo a presión sobre a ponte actual e mellorando a mobilidade e a seguridade de conxunto.

Por todo o exposto e en atención ás demandas da veciñanza e do concello de Val do Dubra, considérase urxente que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para garantir o mantemento, a seguridade e a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455, incluíndo as actuacións que resulten precisas para a súa posta a punto e avaliación técnica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar nos vindeiros Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada á mellora da seguridade viaria na estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra.
2. Priorizar, dentro desa planificación, as actuacións necesarias para garantir o mantemento, limpeza, conservación e avaliación estrutural da ponte sobre o río Dubra.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/11/2025 13:48:03

Carlos López Font na data 04/11/2025 13:48:09

Patricia Iglesias Rey na data 04/11/2025 13:48:16

Elena Espinosa Mangana na data 04/11/2025 13:48:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 13:48:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:59:11
Nº Rexistro: 38110
Data envío: 04/11/2025 13:59:11.343



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 13:59:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:59:11
Nº Rexistro: 38110
Data envío: 04/11/2025 13:59:11.343

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:51
Nº Rexistro: 38126
Data envío: 04/11/2025 16:47:51.988

Asinado o día 04/11/25
16:46
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España aprobou en maio de 2025 unha nova folia de ruta do biogas, que actualiza os obxectivos de produción de enerxía renovable de orixe biolóxica e establece medidas para impulsar a valorización enerxética dos residuos orgánicos, a redución das emisións e o aproveitamento circular dos subprodutos gandeiros e agroindustriais.

Esta estratexia estatal promove o desenvolvemento de proxectos de biogas e biometano sostibles, vinculados ao territorio e orientados á xestión eficiente dos residuos gandeiros, en especial nas zonas de elevada carga intensiva como A Limia, Terra Chá, Deza, Xallas ou Arzúa-Ulloa.

Así mesmo, insta as comunidades autónomas a aprobar plans territoriais específicos que avalíen a capacidade de carga agraria, a dispoñibilidade de solo e a compatibilidade ambiental e social destes proxectos.

Porén, en Galicia non se coñece a existencia dun plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, nin dunha normativa autonómica específica que regule con claridade os criterios de localización, capacidade máxima das instalacións, distancias mínimas a núcleos de poboación ou medidas de control sobre o transporte e a xestión do dixestato xerado.

Asinado o día 04/11/2025 ás
16:46
Por Lara Méndez López

Asinado o día 04/11/2025 ás
16:46
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133675

28071 Madrid



En distintas comarcas, especialmente na Limia, estanse a promover proxectos de grandes dimensións, moitos deles impulsados por capitais alleos ao sector agrogandeiro galego, xerando preocupación social e ambiental polo posible incremento da presión sobre o solo e as augas subterráneas, así como polo tránsito intensivo de camións e o impacto sobre a calidade de vida no medio rural.

Neste contexto, cómpre coñecer cal é a posición da Xunta de Galicia respecto da Folla de Ruta estatal e as medidas que prevé adoptar para garantir que o desenvolvemento do biogas en Galicia sexa ordenado, sostible e compatible co equilibrio territorial e ambiental.

En particular, resulta oportuno aclarar:

- Se ten previsto o Goberno galego elaborar e aprobar un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, en coherencia coa folla de ruta estatal.
- Se incluírá medidas específicas para o tratamento integral do purín na comarca da Limia, atendendo á súa elevada carga gandeira e ao risco de declaración como Zona Vulnerable a Nitratos (ZVN).
- Se o Goberno galego dispón dunha normativa autonómica específica sobre as plantas de biogas e biometano, e se contempla establecer limitacións de capacidade, distancias mínimas a vivendas e núcleos rurais, e restricións ao transporte pesado asociado.
- Se se vai regular de forma específica a xestión do dixestato resultante do proceso de biometanización.
- E finalmente, que coordinación mantén o Goberno galego co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) para a execución da folla de ruta estatal e o aproveitamento dos fondos europeos destinados ao desenvolvemento do biogas.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:51
Nº Rexistro: 38126
Data envío: 04/11/2025 16:47:51.988

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e aprobar un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, que teña en conta a capacidade de carga do chan agrario, a ordenación territorial e os obxectivos fixados pola folla de ruta do bioga aprobada polo Goberno de España en maio de 2025.
2. Incorporar a este plan medidas específicas para o tratamento do purín na comarca da Limia, co obxectivo de reducir a contaminación por nitratos e garantir o cumprimento da Directiva europea de protección das augas.
3. Promover a aprobación dunha regulación autonómica das plantas de biogas e biometano, que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:
 - a) Limitación da capacidade máxima das instalacións a 200.000 toneladas anuais.
 - b) Distancia mínima de ≥ 500 metros respecto dos núcleos rurais e ≥ 250 metros respecto de vivendas illadas, cando se sitúen en solo rústico.
 - c) Avaliación caso por caso en solo industrial, mediante Estudo de Impacto Ambiental (EIA).
 - d) Establecemento de distancias máximas para o transporte dos residuos e restrición do tráfico pesado asociado polos núcleos rurais e urbanos.
 - e) Regulación clara da xestión e destino do dixestato resultante do proceso de biometanización.
4. Reforzar a coordinación co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) co fin de garantir a coherencia entre a





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:51
Nº Rexistro: 38126
Data envío: 04/11/2025 16:47:51.988

planificación autonómica e a folla de ruta estatal, así como o acceso eficaz aos fondos europeos destinados a proxectos de biogas sostibles.

Santiago de Compostela, a 3 de novembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133678

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/11/2025 16:46:03

Lara Méndez López na data 04/11/2025 16:46:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/11/2025 16:46:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:51
Nº Rexistro: 38126
Data envío: 04/11/2025 16:47:51.988

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:47:51
Nº Rexistro: 38126
Data envío: 04/11/2025 16:47:51.988

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 16:47:52

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre uso da lingua galega nos actos públicos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Normalización Lingüística dispón:

- Artigo 4. 1: "Artigo 12. 1: "O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos".
- Artigo 13.2, "As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino".

Alén diso, no artigo 6.3, dispón: "Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns".

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

- "1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente".



- 3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, ademais, estas tres estratexias:

“**Oferta positiva.** Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. (...) No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego”.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

Nunha xornada de benvida que tivo lugar na Cidade da Cultura para dar a benvida ao funcionariado en prácticas, algúns cargos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional interviron unicamente en castelán.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a comprometerse a que os cargos públicos da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cumpran a lexislación lingüística.”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/11/2025 17:02:47

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2025 17:02:52

Mercedes Queixas Zas na data 04/11/2025 17:02:58

Daniel Castro García na data 04/11/2025 17:03:04

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2025 17:03:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 17:04:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 17:04:53
Nº Rexistro: 38132
Data envío: 04/11/2025 17:04:53,942

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación das traballadoras/es do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no Concello de Ponteareas e como está a afectar a atención das persoas usuarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de febreiro o goberno tripartito de Ponteareas, aprobou en Pleno Municipal, cos votos en contra de toda a oposición e o rexeitamento do persoal do servizo, o contrato do servizo de axuda no fogar (SAF), sendo a empresa adxudicataria Óbolo, única participante no proceso de licitación.

A prestación do servizo iníciase o 15 de abril de 2025, non facendo a empresa acto de presenza nin contacto de ningún tipo coas traballadoras/es dende entón, pese as súas queixas constantes.

Tras moitas reclamacións do persoal do servizo ante o Concello de Ponteareas, en concreto ante a súa Alcaldesa e Concelleira de Benestar Social, foi o Concelleiro de Facenda a persoa interlocutora ante as traballadoras/es, despois de numerosos escritos e denuncias, nas que se advertía que de continuar as irregularidades coa nova empresa, pararían o servizo, sobre todo pola falta de pago e por non poder atender como correspondía as persoas usuarias. O Concelleiro, lonxe de reclamarlle a empresa o cumprimento do contrato dende o primeiro aviso, realizou o primeiro informe sobre a situación do servizo no verán e acaba de abrírlle un expediente de penalidades o pasado 28

Asinado o día 04/11/2025 ás
17:35
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 04/11/2025 ás
17:34
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de outubro. En ningún momento se plantexaron reclamar a rescisión do contrato por incumprimento do mesmo.

A empresa incumpriu durante estes meses a practica totalidade das condicións esenciais do contrato desde non dotar ao persoal de coordinacion do necesario material de traballo até non respectar os descansos legais, diarios e semanais ou mesmo cotizar ou pagar incorrectamente ás traballadoras/es.

Os responsables do contrato no Goberno do Concello de Ponteareas fixeron ouvidos xordos e incluso aportaron parte do material que o servizo precisaba para evitar a apertura dun expediente de resolución de contrato. As traballadoras están en situación de folga indefinida dende o 26 de setembro e teñen presentado denuncias ante Inspección de Traballo, a Valedora do Pobo e solicitada unha mediación no Consello Galego de Relacións Laborais (AGA) obrigando á empresa a sentar negociar.

Con data 1 de outubro de 2025, a representación sindical denunciou todos os incumprimentos da empresa ante a Inspección de Servizos Sociais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, solicitando a comprobación dos feitos denunciados, así como a emisión dun informe ao que piden acceso. Neste escrito informan a esta Inspección das denuncias presentadas previamente no Concello con datas 8 e 25 de agosto e 16 de setembro.

O 14 de outubro celébrase un Pleno extraordinario a petición dos grupos da oposición onde o goberno aproba o seguinte:

- 1.- aceptar a solicitude de extinción voluntaria do contrato no caso de producirse,
2. - abrir un expediente no caso de incumprimentos e
- 3.- proceder ao contrato dunha nova empresa no caso de cese do contrato por algunha das causas anteriores.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Con todo, o Concelleiro insiste na desconvocatoria da folga, xa que afirma ter todo solucionado polos acordos acadados entre a empresa e o Concello.

Despois de que o Concelleiro de Facenda tomara parte activa durante todos estes meses no conflito, encamiñada a minimizar as reivindicacións das traballadoras, non atendendo as denuncias no primeiro momento, negando a súa veracidade no inicio da folga, protexendo e dando prazos á empresa para evitar a apertura do expediente, aportando medios e material propio do Concello, a vez que deseñou unha campaña de información incorrecta aos medios e en redes sociais mediante vídeos gravados coa intención de desprestixiar as reivindicacións das traballadoras... despois de todo isto, o pasado 28 de outubro presentou proposta de urxencia ao Pleno Municipal para abrir expediente por incumprimento do contrato á empresa adxudicataria do servizo do SAF, con imposición de penalidades, que foi aprobado polo Goberno e que apenas vaille supoñer á empresa unha simple incomodidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta o Goberno da Xunta de Galiza a realizar a inspección solicitada polas representantes sindicais das traballadoras/es do SAF do Concello de Ponteareas, coa finalidade de comprobar os incumprimentos contratuais, así como a situación laboral das traballadoras/es.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2025 17:34:58

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2025 17:35:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 17:37:22
Nº Rexistro: 38140
Data envío: 04/11/2025 17:37:22.743

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 17:37:22
Nº Rexistro: 38140
Data envío: 04/11/2025 17:37:22.743

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 17:37:23

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García Fernández, Julio García Comesaña, Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago é unha das rutas de peregrinación máis importantes e recoñecidas a nivel mundial, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. O seu percorrido atrae cada ano a miles de peregrinos e turistas, quen busca non só a experiencia espiritual da peregrinación, senón tamén a posibilidade de descubrir o patrimonio cultural, histórico e natural das diferentes localidades que atravesa.

Vigo é a única cidade europea sen sinalización oficial do Camiño de Santiago pola cerrazón do seu alcalde. A Xunta, os Hostaleiros, o Partido Popular de Vigo e toda a cidade reclama a súa instalación pero o alcalde négase a dar permiso para que a Xunta o sinalice.

A cidade de Vigo, como punto de paso do Camiño Portugués, presenta unha oportunidade única para potenciar o turismo e a visibilidade do patrimonio local. Con todo, actualmente a sinalización do camiño nesta cidade é insuficiente, o que pode dificultar a orientación dos peregrinos e restar atractivo á experiencia de percorrer esta ruta.

A falta de sinalización non só afecta os peregrinos, senón que tamén priva a Vigo dos beneficios económicos e culturais que leva o turismo asociado ao Camiño.

A Xunta tivo que recorrer á Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra para instalar a sinalización homologada do Camiño de Santiago en locais hostaleiros de Vigo que se sitúen na ruta do Camiño Portugués da Costa.

A posibilidade de que a Xunta de Galicia instale a sinalización foi rexeitada innumerables veces polo alcalde de Vigo, quen realizou declaracións desafortunadas que minimizan a importancia desta tura e as súas repercusións para a cidade.

Asinado o día 04/11/2025 ás
19:22
Por Alberto Pazos Couñago





Os datos reflicten que o Camiño Portugués da Costa bate todos os récords con case 75.000 peregrinos en 2024 e máis de 32.000 persoas aloxadas no albergue de Vigo desde 2021.

Unha correcta sinalización do Camiño de Santiago non só facilitaría o tránsito dos peregrinos, senón que tamén contribuiría á promoción do turismo, beneficiando aos comercios locais, a hostalería e a cultura da cidade.

En resumen, é fundamental que o Concello de Vigo tome medidas para recoñecer e apoiar esta ruta histórica, permitindo a sinalización oficial que facilitará o tránsito dos peregrinos e fomentará o turismo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Concello de Vigo para:

1. Permitir a sinalización oficial do Camiño de Santiago ao seu paso pola cidade, coordinándose coa Xunta de Galicia para a instalación de indicadores claros e visibles en puntos estratéxicos.
2. Revisar a postura do alcalde sobre o Camiño de Santiago, promovendo unha comprensión máis ampla dos beneficios culturais e económicos que este ruta achega a Vigo.
3. Fomentar a colaboración entre o Concello, a Xunta de Galicia e as asociacións de hostaleiros e de peregrinos para desenvolver unha estratexia de promoción do Camiño de Santiago en Vigo”

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/11/2025 19:22:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38149
Data envío: 04/11/2025 19:24:33,603

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 19:24:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38149
Data envío: 04/11/2025 19:24:33,603

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 05/11/25
09:22
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema, Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de convocar axudas para acometer reformas nas instalacións deportivas municipais da Costa da Morte.

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:21
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas das instalacións deportivas da costa da morte se atopan nun estado lamentable, debido á falla dun sistema de financiación local, que segue sen actualizarse dende hai máis de vinte anos, e que provoca que os concellos teñan que recorrer ás axudas doutras administracións, por non poder facer fronte a reformas das súas instalacións deportivas, xa que contan con moi poucos recursos propios para facer obras de investimento, e namentres, seguen mantendo as competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Unha das instalacións deportivas máis utilizadas na costa da morte son os campos de fútbol, e cada ano fan uso deles máis xente, tanto equipos de fútbol da categoría masculino como feminino, e nalgúns deles teñen instalacións para practicar outras disciplinas deportivas como por exemplo o atletismo. Existen varios campos de fútbol como de As Lombans, en Carnota, o Cubeleiro en Corcubión, o Arasolis de Fisterra, o Vicente Carril de Camariñas ou o campo da Arliña en Muxía que precisan reformas dos vestiarios, por atoparse en mal estado. Pero tamén é necesario renovar o céspede en moito deles, ou adecentar ou ampliar os aparcamentos ou os accesos a ditas

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:21
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións, custes que na maioría dos casos non se poden realizar con fondos propios dos concellos.

Dende o ano 2023 a Consellería non volveu a convocar as axudas a entidades locais para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable. Este ano tivo que ser a Deputación da Coruña, a que financiara tanto as obras de renovación e remodelación do complexo municipal de Cee, o San Paio de refoxos con case 500.000€ como o novo campo municipal de Vimianzo “os irmandiños”, cun importe similar. No caso do campo municipal “Platas Reinoso”, o concello de Baio tivo que facer un esforzo e tirar de remanente para financiarlo con fondos propios, dado que ningunha outra administración prestouse a axudar a este concello.

Á vista deste panorama de parálise total, é necesario convocar canto antes as axudas para que os concellos da costa da morte que non dispoñen de fondos propios, e de toda Galiza en xeral, poidan acometer as reformas necesarias nas instalacións deportivas municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a convocar este ano a liña de axudas a entidades locais para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 9:21:51

Iago Suárez Fernández na data 05/11/2025 9:21:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/11/2025 9:22:04

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 9:22:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 9:24:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38152
Data envío: 05/11/2025 09:24:09.116

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:13:59
Nº Rexistro: 38167
Data envío: 05/11/2025 11:13:59,287

Asinado o día 05/11/25
11:10
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Rosana Pérez Fernández, Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización administrativa do parque eólico Ruña III, e o modelo eólico da Galiza.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:10
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise da recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización administrativa do parque eólico Ruña III, e a urxente necesidade de reformar a normativa galega relativa ao aproveitamento eólico, de modo que garanta verdadeira protección ambiental, participación cidadá efectiva e retorno social e económico para o país.

Nas últimas dúas décadas, Galiza consolidouse como un dos territorios onde a produción de enerxía eólica ten un protagonismo singular. O rural galego, foi testemuña dunha auténtica revolución tecnolóxica, con centos de parques eólicos instalados e proxectos en permanente tramitación. Non obstante, esta integración no territorio non sempre se realizou exenta de conflitos: afeccións ambientais, presións sobre hábitats sensibles, afectación ao patrimonio cultural, ausencia de consensos veciñais e unha escasa repercusión económica para a poboación local e para as administracións galegas.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:10
Por José Manuel Golpe Acuña

Nos últimos anos, vemos dúcias de proxectos que chegan ao territorio sen orde nin concerto, mesmamente superpoñéndose uns a outros dentro dunha mesma localización.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A sentenza do TSXG sobre Ruña III pon de manifesto prácticas que se teñen xeneralizado no sector: fragmentación artificial dos proxectos; en tódalas súas vertentes, ben separando o parque e a súa evacuación eléctrica, ben fraccionando o proxecto en varios para non superar o límite de potencia que obriga á tramitación estatal. Tamén o emprego de avaliacións ambientais incompletas, participación pública limitada a procedementos formais e retorno económico insuficiente para Galiza.

A fragmentación dos proxectos eólicos, tal e como se recolle na sentenza da Ruña III, supón separar legalmente a tramitación do parque e das infraestruturas eléctricas asociadas, como as liñas de evacuación ou subestacións colectoras. Esta práctica, como denuncia a sentenza, impide unha avaliación ambiental integral dos impactos: considéranse só as afeccións locais de cada proxecto por separado, excluindo efectos sinérxicos ou acumulativos sobre territorio, biodiversidade e paisaxe.

Diversas sentenzas da xurisdición estatal e europea confirman que esta separación artificial é contraria ao espírito das Directivas europeas sobre impacto ambiental e á propia lexislación do sector eléctrico e galego, que exigen valorar conxuntamente todas as infraestruturas necesarias para o funcionamento dos parques eólicos. O Tribunal advirte que isto pode derivar en fraudes de lei e supón un menoscabo das esixencias medioambientais, facilitando autorizacións en lugares sensibles da Rede Natura 2000 ou espazos de alto valor ecolóxico polo simple feito de "trocear" os impactos.

A sentenza evidencia que a declaración de impacto ambiental formulada para Ruña III foi insuficiente: non valorou as afeccións directas e indirectas sobre especies protexidas, humedais, regatos, Red Natura 2000, nin analizou os efectos acumulativos cos parques próximos nin coas infraestruturas compartidas.

Ademais, reconécese que a lexislación actual permite modificar proxectos sen esixir necesariamente nova información pública ou consultas á cidadanía, a menos que se xulgue que existen "efectos significativos" diferentes dos previstos. Esta



discrecionalidade administrativa facilita que as modificacións non sexan debidamente sometidas a control social nin ambiental. Como resultado, licéncianse proxectos con impactos non avaliados e en condicións que desatenden obxectivos de protección do territorio, da paisaxe e da biodiversidade.

Un dos déficits máis graves subliñados polo Tribunal reside na participación pública efectiva. Aínda que se realiza formalmente a exposición de proxectos e avaliacións ambientais, numerosos cidadáns e colectivos denuncian dificultades reais para acceder á documentación, presentar alegacións e obter respostas motivadas. O propio proceso de información pública acostuma ser complexo e pouco accesible, con prazos reducidos, publicacións dispersas e falta de información nos casos de modificacións sobre proxectos en tramitación.

A sentenza recolle incluso vulneracións de directivas europeas sobre o dereito de acceso á información ambiental e á participación pública. En resumen, na práctica actual, a cidadanía é relegada a un papel secundario fronte aos intereses das promotoras e a aparente urxencia administrativa por "despachar" proxectos.

Galiza, a pesar de ser un dos territorios que máis enerxía achega á produción eólica do Estado, apenas percibe retorno económico directo: o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental resultan insuficientes para cubrir custos ambientais, sociais e de infraestruturas municipais. As comunidades afectadas non participan realmente na toma de decisións nin reciben compensación xusta polo papel estratéxico que desempeñan na transición enerxética. Os parques instálanse fundamentalmente no rural, quedando moitas veces como meros soportes industriais, sen que os beneficios enerxéticos e económicos repercutan na dinamización local nin na xestión do patrimonio xerado.

O tribunal chama a atención sobre a ausencia de coherencia da política eólica galega cos obxectivos da Rede Natura 2000, a protección de hábitats e especies





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

prioritarias e a salvagarda do patrimonio natural e cultural. Licenzas concedidas sen valorar completamente as afeccións ao medio, impactos sobre zonas de paso de especies migratorias ou proximidade a espazos catalogados vulneran o principio de sustentabilidade que debería rexer toda política enerxética e territorial.

A sentenza sobre Ruña III marca un punto de inflexión: amosa que o modelo actual non cumpre nin co rigor ambiental, nin cos principios de equidade territorial, nin coas demandas da cidadanía galega. Galiza precisa unha nova política eólica que asegure a sostibilidade, o progreso e a xustiza, sen converter o rural nun mero soporte industrial, sen hipotecar o futuro e garantindo que a transición enerxética reverta verdadeiramente no país.

Á vista destes antecedentes, resulta imprescindible acometer unha profunda reforma da lexislación galega sobre parques eólicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a redactar un novo marco garantista, que poña o territorio e as persoas no centro da planificación, esixindo avaliacións ambientais únicas e integrais, valorando todos os impactos conxuntos e acumulativos. Este marco lexislativo basearase nos seguintes principios:

- Participación pública real: facilitar acceso á información, ampliar prazos de alegación, crear mecanismos de consulta social e sectorial e participación activa dos concellos e comunidades afectadas.

- Retorno económico xusto para Galiza: modificando o canon eólico, promovendo a participación pública nos beneficios, facilitando proxectos cooperativos e comunitarios,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

e asegurando inversións directas en infraestruturas locais e en biodiversidade. Creación dunha empresa pública de enerxía galega como vehículo para a participación e fiscalización destes proxectos.

- Protección efectiva da paisaxe, do patrimonio e da biodiversidade, prohibindo proxectos en zonas sensibles e impulsando restauración e monitorización dos espazos afectados. Derrogación de tanta disposición legal permita o avance de instalacións eólicas diante da protección social, ambiental e patrimonial.

Estes principios serán os que rexan o desenvolvemento do plan eólico de Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:10:25

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2025 11:10:35

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:10:42

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:10:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:13:59
Nº Rexistro: 38167
Data envío: 05/11/2025 11:13:59,287



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:13:59
Nº Rexistro: 38167
Data envío: 05/11/2025 11:13:59,287

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:13:59

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:11
Nº Rexistro: 38173
Data envío: 05/11/2025 11:27:11.593

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:23
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Luis Bará Torres** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ás modificacións introducidas no canon eólico e a incidencia neste das repotenciacións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O canon eólico foi creado pola Lei 8/2009 coa finalidade de repercutir parte da riqueza xerada pola actividade eólica na sociedade galega, compensando o impacto ambiental que sofre o territorio. Desde a súa implantación, e malia as sucesivas modificacións, o seu funcionamento ten demostrado importantes eivas: o retorno para os municipios afectados é moi insuficiente, xa que reciben menos do 30% do recadado polos aeroxeradores no seu territorio, mentres o resto se reparte por vía competitiva entre todos os concellos ou se destina a investimentos da Xunta noutras áreas que non gardan relación directa co impacto do sector eólico.

A recente reforma do canon, que grava agora a altura dos aeroxeradores en vez do seu número, supón unha perda alarmante da recadación para concellos afectados polas repotenciacións e para as administracións locais. De feito, as estimacións indican que os municipios deixarán de percibir arredor dun 82% das achegas nesta nova etapa, agravando a escasa compensación polo impacto ambiental e territorial das instalacións eólicas.

Pola contra, os parques non sometidos a repotenciación, coas novas máquinas de maior altura e potencia, quedarán suxeitos a unha carga impositiva diferente, pero sen garantir que ese incremento repercuta realmente nas facendas locais.

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:23
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:22
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación evidencia un modelo de reparto que non responde nin a criterios xustos nin á lóxica compensatoria que debería presidir toda política tributaria ambiental. Ademais, o canon eólico non ten en conta os ingresos reais que os promotores obteñen do vento galego, nin promove que as comunidades locais participen no negocio ou na toma de decisións sobre o aproveitamento destes recursos naturais. O modelo actual dificulta o investimento social, a xestión racional dos recursos e a equidade territorial, e perpetúa debilidades históricas do sector, mesmo dende a reforma estatal de 2013 que penalizou Galiza cun incremento da tarifa eléctrica polo suplemento territorial.

Por todo isto, resulta imprescindible abordar unha reforma profunda do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental, que garanta beneficio directo, equidade e retorno social para os territorios afectados, poñendo fin ao actual sistema deseñado de xeito unilateral polo Executivo galego e pouco eficiente para a sociedade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Modificar o canon eólico co obxectivo de garantir que o montante recadado polas instalacións de cada municipio se destine directamente ao concello afectado, restablecendo así a xustiza compensatoria fronte ao impacto ambiental e territorial das instalacións.

2. Ampliar os destinos posibles dos fondos do Fondo de Compensación Ambiental, permitindo que os concellos poidan dedicar estes recursos a políticas de emprego, apoio á economía circular, desenvolvemento rural, transición enerxética e fortalecemento dos servizos básicos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Establecer mecanismos de transparencia e rendición de contas sobre o uso, distribución e impacto dos fondos do canon eólico, garantindo información pública completa e accesible para todas as comunidades locais.

4. Promover a participación pública e comunitaria na xestión e aproveitamento dos recursos eólicos, facilitando a entrada dos concellos, Pemes e colectivos sociais na titularidade dos proxectos eólicos, como prevé a Lei 2/2024.

5. Impulsar, de maneira urxente, unha reforma do modelo de reparto do canon eólico para asegurar a equidade territorial, a xustiza social e o auténtico retorno para Galicia do aproveitamento dos seus recursos naturais”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:22:41

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:23:01

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:23:15

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 11:23:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:27:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:11
Nº Rexistro: 38173
Data envío: 05/11/2025 11:27:11.593

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:34:09
Nº Rexistro: 38179
Data envío: 05/11/2025 11:34:09.058

Asinado o día 05/11/25
11:32
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as declaracións realizadas o 23 de outubro de 2025 pola Secretaria Xeral do PP en Galiza sobre o uso de unidades didácticas polo profesorado galego que fomentan a protección do medio ambiente ou a educación para a paz no ensino público.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:32
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 23 de outubro na Coruña, a Secretaria Xeral do PP na Galiza, Paula Prado, realizou unhas declaracións impresentables, partidistas e baseadas nun presunto envío por parte do sindicato maioritario do ensino galego, a CIG-Ensino, dunha carta aos centros educativos, cuestión totalmente falseada.

Nesas presuntas cartas, segundo Prado, a CIG propuña aos centros educativos materiais que buscaban “adotrar ao alumnado nas aulas” para “provocar unha conflitividade social” e que o seu partido non ía consentir que sindicato e BNG o fixeran.

A realidade era ben distinta da descrita pola Secretaria Xeral do PP, xa que os materiais foron difundidos pola propia CIG-Ensino a través da súa páxina web, onde xa explica que as propostas didácticas están a disposición do profesorado para “traballar co alumnado a situación do medioambiente galego”. Material que foi realizado polo

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:32
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivo Profesorado Diverxente que plantexan diferentes tarefas baixo os títulos de “Altri, as novas Encrobas?” e “Lumes, nunca máis”.

De feito, é unha das peticións reiteradas polo profesorado dende a pandemia a de dispoñer dunha plataforma habilitada pola Consellería de Educación para que os e as docentes galegas poidan subir unidades didácticas elaboradas por eles mesmos para utilizar por todo profesorado que o precise en calquera centro educativo.

Como debера coñecer a Sra. Prado, nesta ocasión é o sindicato maioritario o que está a exercer o seu papel de fornecer de materiais didácticos que fomenten a protección do medio ambiente e a educación para a paz no ensino público. Malia isto a Secretaria Xeral do PP tentou poñer ás familias en contra do profesorado que está a utilizar os materiais, o que demostra unha gran irresponsabilidade, voltando a censurar ao persoal docente, faltándolles ao respecto, coartando a súa liberdade e cuestionando a súa profesionalidade e prestixio.

De feito, a CIG o que fixo foi enviar un correo ao profesorado ofrecendo o uso dos materiais didácticos nas aulas para abordar temas de actualidade que pretenden fomentar a perspectiva crítica do profesorado cun carácter didáctico, embuídos plenamente dentro dos contidos curriculares e forman parte dos obxectivos marcados pola actual Lei Educativa LOMLOE.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Rectificar as declaracións realizadas pola Secretaria Xeral do PP na Galiza, Paula Prado, pedindo desculpas publicamente pola súa falsidade e ao profesorado galego, a quen pretendía enfrontar coas familias.

2.- Respetar o sentido crítico do persoal docente galego para utilizar os materiais postos a súa disposición polo sindicato maioritario do ensino no País, CIG-Ensino, dentro do marco legal da Lei Educativa LOMLOE, que fomenta unha maior participación dos movementos sociais atendendo ao desenvolvemento sostible de acordo co establecido na Axenda 2030.

3.- Garantir a liberdade dentro dos centros de ensino, así como a do profesorado, coa finalidade de impartir un ensino integral que fomente no alumnado o pensamento crítico, o debate democrático, a creatividade, a solidariedade, a diversidade, a igualdade, a inclusión, etc.

4.- Retirar as medidas amordazantes de “control ideolóxico” incluídas nas instrucións da Consellería de Educación para o desenvolvemento do curso escolar reclamado por toda a comunidade educativa dende a súa publicación.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/11/2025 11:32:20

Daniel Castro García na data 05/11/2025 11:32:27

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 11:32:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:34:09
Nº Rexistro: 38179
Data envío: 05/11/2025 11:34:09.058

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:34:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:34:09
Nº Rexistro: 38179
Data envío: 05/11/2025 11:34:09.058

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 05/11/2025 ás 12:05
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ás medidas oportunas a tomar ante os graves e reiterados incumprimentos no servizo público de transporte por estrada.

Asinado o día 05/11/2025 ás 12:05
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Lonxe de dar un servizo que responda ás necesidades de mobilidade e vertebración do noso país, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes concesionarias do transporte público en detrimento dos usuarios e usuarias, dos traballadores e das traballadoras destas grandes concesión e das pequenas e medianas empresas do sector.

Estamos pois ante un servizo onde os incumprimentos por parte das grandes concesionarias son norma.

Asinado o día 05/11/2025 ás 12:05
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se estudamos o proceso de deseño, adxudicación e execución do Plan de Transporte levado a cabo pola Xunta de Galiza nos últimos anos, podemos advertir un deseño totalmente desastroso no relativo aos diferentes proxectos de explotación das diferentes licitacións do servizo, así pois, nas propias ofertas das empresas concesionarias se advirte a baixa calidade destes proxectos, con moitas paradas mal localizadas ou percorridos, itinerarios e horarios irreais ou irrealizábeis. A todo isto debemos engadir a desastrosa planificación en termos de cálculos económicos que están a provocar o rescate de varios contratos nos últimos tempos.

Se pasamos á parte da adxudicación debemos facer referencia á utilización perversa das fórmulas de UTE utilizadas por algunhas grandes empresas concesionarias co fin de acaparar o mercado co consentimento da Xunta de Galiza, ou o xa tratado caso de colusión entre Alsa e Monbus co fin de repartirse o mercado.

Se falamos da fase de execución do Plan de Transporte debemos falar dos notábeis incumprimentos que tiveron e teñen lugar desde a posta en marcha dos novos contratos de transporte. Incumprimentos en horarios, itinerarios, número de vehículos, repetición de matrículas, falta de persoal condutor, irregularidades na acreditación de bases operativas e un incumprimento moi elevado dos quilómetros a realizar por parte das empresas marcados nos diferentes contratos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno Galego a:

1. Cumprir e facer cumprir a totalidade das obrigas nos diferentes contratos licitados no servizo público de transporte por estrada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Trasladar ao Parlamento Galego a totalidade da documentación referida aos contratos licitados no servizo de transporte público por estrada, en termos de incumprimentos detectados, sancións impostas, quilometraxe básica e ofertada a maiores por contrato e o número efectivo de quilómetros efectuados por cada concesionaria en cada un dos contratos que compoñen o Plan de Transporte.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2025 12:05:28

Daniel Castro García na data 05/11/2025 12:05:35

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 12:05:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 38188
Data envío: 05/11/2025 12:07:32.993

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:07:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 38188
Data envío: 05/11/2025 12:07:32.993

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á transferencia da xestión e titularidade aeroportuaria a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os aeroportos son unha infraestrutura esencial para contribuír ao desenvolvemento económico e social dun territorio. A súa importancia vai alén de facilitar a mobilidade con conexións áxiles entre lugares remotos, dado que un uso eficaz e integrador con outras infraestruturas de transporte permite establecer sinerxias entre diversos sectores económicos e dinamizar as economías do seu contorno.

O modelo aeroportuario do Estado español, no que se insire Galiza, está baseado nunha concepción centralizada que resta autonomía na xestión dos aeroportos. Porén, existen outros modelos de éxito que, partindo da vinculación co territorio que teñen estas infraestruturas e polo tanto da súa condición como axentes económicos, implantaron modelos de xestión aeroportuaria con maior descentralización para unha maior asociación cos intereses económicos do territorio onde se asentan.

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:26
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:26
Por Paulo Ríos Santomé



Estes modelos, baseados na proximidade e conciliación entre as operacións de enlaces aéreos e as actividades terrestres vinculadas a esa mobilidade que facilita e promove o transporte áereo, requiren dunha coordinación e vinculación coas políticas económicas propias de cada territorio e para iso deben contar unha presenza, representación e capacidade de decisión relevantes das institucións propias.

O Estado español permanece alleo a esta tendencia de dotar de autonomía aos aeroportos para establecer políticas de xestión diferenciada que permitan establecer estratexias que non se centren exclusivamente na implementación dunha rede de enlaces aéreos en prol de intereses centralistas que se afanan en afortalar a creación de varios polos de transporte aéreos de referencia -moi dependentes das grandes cidades ou zonas con maior actividade turística- deixando nun papel secundario a maior parte das infraestruturas aeroportuarias.

No caso de Galiza, esta visión política execútase na actualidade por AENA, e implica que a xestión aeroportuaria estea afastada da realidade territorial e dos intereses económicos galegos. Os tres aeroportos galegos non contan cunha estratexia coordinada, definida e clara para poder tecer unha rede de enlaces aéreos que responda aos intereses e prioridades reais de Galiza, senón que están sometidos a unha planificación que prima o fortalecemento de grandes aeroportos aos cales se subordina a actividade dos restantes.

Isto resta de xeito evidente a capacidade de aproveitar todo o potencial das infraestruturas aeroportuarias en Galiza e mesmo implica que se vexan sometidas a incertidumes derivadas de mudanzas na programación das compañías aéreas. Segundo os datos de AENA os tres aeroportos de Galiza pecharon 2024 cunha



cifra próxima aos 5,93 millóns de persoas usuarias que, sendo unha cifra similar aos que empregaron ditas instalacións no ano anterior á irrupción da pandemia da COVID, aínda fica a case tres millóns de persoas pasaxeiras do seu límite operativo.

Este déficit á hora de procurar un aproveitamento do potencial óptimo dos aeroportos galegos non se vai corrixir de seguir mantendo unha xestión baixo os parámetros do modelo actual, porque as prioridades do mesmo non se establecen en función de procurar obxectivos integradores coa economía do territorio onde se asentan senón en función de potenciar unha rede de enlaces que favoreza a rendibilidade dos operadores aéreos.

E tampouco semella que se obtiveran resultados positivos desde a regulación legal (a través do Real decreto-Lei 20/2012) e constitución formal (en 2014) dos denominados Comités de Coordinación Aeroportuaria, vinculados a AENA, que soamente permiten unha participación testemuñal e parcialmente colaborativa de institucións autonómicas e locais, mais que limitan claramente que se poidan establecer estratexias propias e acaídas en función dos intereses, no noso caso, de Galiza que se aparten das directrices centralizadoras xerais que establece AENA.

A importancia do tráfico aeroportuario en Galiza é cada vez máis relevante, non só polo aumento de persoas viaxeiras e mercadorías que se rexistra cada ano, senón porque é preciso considerar aos aeroportos non simplemente como a instalación que facilita enlaces de transporte aéreo senón como un axente económico que tamén opera para fortalecer e desenvolver outros sectores do tecido económico de Galiza. Por iso, é unha necesidade urxente que as propias



institucións de autogoberno de Galiza poidan asumir as competencias en materia de aeroportos de interese xeral a fin de deseñar unha política propia que ademais é oportuna tendo en conta a peculiar ubicación xeográfica galega, coa competencia próxima doutros aeroportos internacionais.

O vixente artigo do Estatuto de Autonomía contempla unicamente a competencia exclusiva nos aeroportos e heliportos non clasificados de interese xeral (artigo 27.9).

Porén, a marxe das previsións estatutarias, o artigo 150.2 da Constitución habilita ao Estado para transferir ou delegar ás Comunidades Autónomas, mediante Lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación.

Así, a vía legal habilitada polo citado artigo 150.2, constitúe unha técnica de intervención extraordinaria do lexislador orgánico para trasladar o exercicio de facultades competenciais de titularidade estatal ás Comunidades Autónomas. Ao tempo de permitir modificar a repartición competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas deducido da Constitución, flexibiliza os límites que a Constitución impón a esa repartición de maneira indefinida, co fin de ampliar o teito competencial das Comunidades Autónomas a medida que se van asentado, tanto xurídica como socialmente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a impulsar un proceso negociador co estado español para acadar a transferencia da xestión e titularidade aeroportuaria a Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2025 12:26:49

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 12:26:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:27:56
Nº Rexistro: 38194
Data envío: 05/11/2025 12:27:56.849

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:27:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:27:56
Nº Rexistro: 38194
Data envío: 05/11/2025 12:27:56.849

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 16:55:33
Nº Rexistro: 38201
Data envío: 05/11/2025 16:55:33,939

Asinado o día 05/11/2025 ás 16:54
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas a acordar para protexer o patrimonio industrial na antiga baleeira de Caneliñas, no municipio de Cee.

Asinado o día 05/11/2025 ás 16:54
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Caneliñas (parroquia da Ameixenda en Cee) estivo a maior factoría de procesamento de baleas da Península Ibérica, a de maior duración de España e a última en pechar de toda Europa. Unha factoría que tivo actividade nunha primeira etapa de 1924 a 1927, baixo a Compañía Baleeira Española, creada con capital Noruegués, que se instalou nun lugar espazo ocupado por unha salgadura. A segunda etapa arrincou no ano 1951 cunha nova empresa, a Industria Baleeira Sociedade Anónima (IBSA) ampliándose as instalacións e mellorando os métodos de aproveitamento das baleas. Co tempo, ademais de aceite obtivéronse fariñas, fertilizantes e en contadas ocasións pezas de ámbar gris, que ás veces podía atoparse nos intestinos dos cachalotes, e era moi cotizado pola industria cosmética. Xa na década de 1970 a orientación da factoría cambiou progresivamente ao encamiñar a súa produción cara a venda de carne ao mercado xaponés.

Asinado o día 05/11/2025 ás 16:54
Por Oscar Insua Lema

O fin de Caneliñas chegaría no ano 1985. Nesa época, a presión do movemento ecoloxista contra a caza de baleas e a moratoria imposta ás capturas pola Comisión Baleeira Internacional derivaron no peche da planta. A última balea cazada e procesada nas instalacións foi unha femia de rorcual común de 17,7 metros morta o 21 de outubro de 1985.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Na actualidade aínda se conservan boa parte das instalacións tanto dos primeiros tempos, como da época de IBSA, como o peirao para atracada das embarcacións; un almacén para os refugalloos transformados en fariñas e fertilizantes; un gran edificio que foi usado primeiro como vivenda e posteriormente como oficinas; a rampla de izado das baleas, a zona de despezamento, alxibes, e depósitos de aceite entre outros.

O complexo industrial coa baleeira e coas construcións dedicadas ás salgadasuras de mediados do século XX, foi incluído no catálogo de bens de valor cultural no litoral, publicado recentemente no DOG do 28 de outubro deste mesmo ano. Na descrición da factoría baleeira afirmase que esta se atopa nun avanzado estado de deterioro, nos que só quedan os muros, algúns de cahotería e con varias perdas da cuberta de fibrocemento, oxidación estrutural e fisuras nos muros de carga.

A ningún se lle escapa que todo este conxunto de naves industriais teñen un marcado valor dende o punto de vista do patrimonio industrial do noso país, e nese sentido tan só nunha das catro fichas do catálogo se propón a restauración priorizando a interpretación histórica e a posta en valor didáctica. Nas outras tres se propón a conservación, consolidacións e restauracións dos bens, sen vinculalos propiamente a ese valor histórico e industrial que deba prevalecer, de aí que sexa necesario que a Dirección Xeral do Patrimonio vaia máis alá e realice un estudo pormenorizado das instalacións para preservalas de futuras actuacións que puidieran prexudicalas de forma irreversible.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Realizar un estudio exhaustivo do patrimonio industrial no conxunto da factoría baleeira de Caneliñas no concello de Cee.

2- Acordar, no seu caso e de forma urxente, medidas para protexer e conservar as estruturas, para previr a seguridade das persoas e dos bens e medidas para poñer en valor dito patrimonio”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 16:54:16

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2025 16:54:23

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 16:54:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 16:55:33
Nº Rexistro: 38201
Data envío: 05/11/2025 16:55:33,939

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 16:55:33
Nº Rexistro: 38201
Data envío: 05/11/2025 16:55:33,939

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 16:55:34

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do Benestar e un dereito recoñecido no artigo 43 da Constitución Española. Garantir unha atención sanitaria universal, gratuíta e de calidade é unha obriga das administracións públicas, e especialmente da Xunta de Galicia, como responsable da xestión do sistema sanitario galego.

A atención primaria constitúe a porta de entrada ao sistema e o nivel asistencial máis próximo á cidadanía. É o espazo onde se prevén enfermidades, se atenden os primeiros síntomas e se realiza o seguimento das patoloxías crónicas. Cando a atención primaria falla, todo o sistema sanitario se resinte: medran as urxencias hospitalarias, agrávanse os problemas de saúde e aumenta a desigualdade no acceso á asistencia.

Porén, a realidade actual amosa que o Goberno galego leva anos desatendendo este nivel asistencial, sen planificación nin investimento suficiente. A falta de profesionais, a precariedade laboral e a escasa reposición de prazas están a provocar unha situación de colapso en moitos centros de saúde de Galicia.

O caso do Centro de Saúde de Cariño é unha mostra especialmente grave desta situación. As veciñas e veciños do municipio están a sufrir demoras de máis de



13 días para poder acceder a unha cita coa médica ou médico de cabeceira. Esta espera, absolutamente inasumible, supón unha vulneración do dereito á atención sanitaria en tempo e forma, e pon en risco a saúde das persoas que precisan atención urxente ou seguimento continuado.

A situación é particularmente preocupante nun concello como Cariño, onde moitos pacientes son persoas maiores con enfermidades crónicas e con dificultades de mobilidade. A ausencia dunha resposta inmediata pola parte da Xunta de Galicia supón unha discriminación territorial evidente e unha mostra máis do deterioro progresivo da atención primaria en todo o país.

É imprescindible que o Goberno galego actúe de maneira inmediata, reforzando o cadro de persoal médico e de enfermaría, mellorando a organización interna e garantindo que ningunha persoa teña que agardar máis de 48 horas para ser atendida pola súa médica ou médico de cabeceira. A saúde non pode esperar, e a igualdade de acceso aos servizos públicos tampouco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar con carácter inmediato as medidas necesarias para garantir que as persoas usuarias do Centro de Saúde de Cariño poidan acceder a unha cita coa súa médica ou médico de cabeceira nun prazo máximo de 48 horas, conforme ás recomendacións da OMS e aos estándares de calidade asistencial.
2. Reforzar de maneira urxente o cadro de persoal médico e de enfermaría do devandito centro, asegurando a cobertura de todas as prazas estruturais e substitucións.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:02:00
Nº Rexistro: 38210
Data envío: 05/11/2025 18:02:00.478

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

133735

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/11/2025 18:00:50

Elena Espinosa Mangana na data 05/11/2025 18:00:57

Silvia Longueira Castro na data 05/11/2025 18:01:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/11/2025 18:01:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:02:00
Nº Rexistro: 38210
Data envío: 05/11/2025 18:02:00,478

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 18:02:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:02:00
Nº Rexistro: 38210
Data envío: 05/11/2025 18:02:00,478

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 09:40:10
Nº Rexistro: 38229
Data envío: 06/11/2025 09:40:10.068

Asinado o día 06/11/2025 ás 09:39
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a falta de cobertura telefónica e sinal de TDT nas zonas rurais de Muxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio de 2024 o BNG de Muxía xa denunciara que o repetidor de televisión do Seixo, sito no monte máis alto da aldea do mesmo nome, que daba servizo á parroquia de Frixe, fallaba moi a miúdo, especialmente con meteoroloxía adversa e tamén de que na mesma parroquia había zonas de “sombra” que facían que a calidade da imaxe televisiva fora moi baixa polo que só se ofrecía parte das canles de TDT, non a programación completa. Esta situación segue sen se solucionar a día de hoxe.

O mesmo sucede co sinal telefónico en amplas áreas do concello e, nomeadamente, na parroquia de San Martiño (Quintáns, Castelo, Agranzón, etc.). O sinal telefónico é hoxe en día case imprescindible en calquera fogar. Hoxe en día incrementase a poboación de avanzada idade nas nosas aldeas. Do sinal telefónico dependen xestións tan relevantes como recibir información de citas médicas ou doutros trámites coa administración. Tamén hai que tomar en conta que na zona existen establecementos hostaleiros e vivendas e apartamentos turísticos que teñen problemas para conectarse cos potenciais clientes ou para que os clientes os localicen unha vez que chegan á zona e non dan atopado os establecementos.

Asinado o día 06/11/2025 ás 09:39
Por Daniel Castro García

Asinado o día 06/11/2025 ás 09:38
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ante esta situación, cremos que é relevante e urxente que se acometan as actuacións necesarias para que todo o concello de Muxía teña un sinal de TDT e cobertura telefónica apropiada. É preciso que todas as parroquias do concello contén con servizos de calidade que faciliten o día a día da nosa veciñanza. Neste sentido non hai dúbida que é necesario insistir en rachar a brecha dixital existente entre as zonas rurais e urbanas, polo que hai que acometer e dotar as zonas rurais con infraestruturas axustadas á realidade de cada municipio.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza, AMTEGA é unha entidade pública instrumental adscrita á Presidencia da Xunta de Galiza que entre outros obxectivos ten o de implantar unha rede de infraestruturas moderna e sostible que garanta a integración de Galiza na sociedade da información, e entre as súas competencias está a de contribuír a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galiza, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que dificulten a expansión e o uso da tecnoloxía.

Namentres, a Oficina Técnica da TDT realiza o control das emisións de TDT en lugares específicos para analizar o funcionamento de centros microreemisores, estuda incidencias ou comproba as coberturas reais acadadas. O persoal desta Oficina presta o seu apoio técnico á Secretaría Xeral de Medios, e realiza as labores de coordinación e atención aos diferentes axentes implicados (concesionarios, concellos, outras administracións, televisións, ...)

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Executar as medidas necesarias no repetidor do Seixo para que retransmitan correctamente o sinal de TDT, e para aumentar este sinal televisivo nas zonas consideradas escuras, así como a revisar o funcionamento do resto de instalacións similares no municipio de Muxía.

2- Realizar os estudos pertinentes para analizar a cobertura móbil nas zonas rurais e adoptar as medidas oportunas no caso de ter que instalar antenas para dar cobertura ás zonas nas que non exista ningún tipo de sinal de telefonía móbil, todo elo en coordinación co concello de Muxía”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 9:38:57

Daniel Castro García na data 06/11/2025 9:39:07

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2025 9:39:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 09:40:10
Nº Rexistro: 38229
Data envío: 06/11/2025 09:40:10.068

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 9:40:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 09:40:10
Nº Rexistro: 38229
Data envío: 06/11/2025 09:40:10.068

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar polo goberno galego diante das verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre finais do pasado mes de setembro e primeiros do mes de outubro producíronse verteduras durante varios días entre a praia dos Raposiños e o porto, na Pobra do Caramiñal.

Os vertidos foron detectados polo propio sector marisqueiro, quen manifestou publicamente que se viñan realizando de noite e que sospeita que puideran proceder da limpeza de instalacións industriais adicadas á transformación de alimentos.

A administración galega é a competente en materia de vertidos á ría de Arousa e, lamentablemente, estes episodios veñen sendo recorrentes sen que sexa capaz de poñerlles freo e actuar coa determinación que requiren casos desta índole.

Non é a primeira vez que, incluso diante de calquera denuncia, non fai seguemento ou non sanciona, tal e como o fixo constar a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña, nunha denuncia presentada no Xulgado de Instrución de Ribeira no ano 2021, por mor das verteduras reiteradas á ría dunha empresa conserveira do concello de Boiro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais da falta de seguimento ou de sancións, a Xunta de Galiza practica a este respecto o arquivo continuado de denuncias, tamén constatado nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, de febreiro de 2024 sobre vertidos da mesma empresa, ou non abre os correspondentes expedientes de investigación.

O Goberno galego ten a obriga de protexer rigorosamente ao medio e ás persoas diante deste tipo de prácticas, de controlar exhaustivamente os vertidos ás rías que neste caso ademais poderían afectar gravemente ao sector marisqueiro, xa moi prexudicado pola incesante perda de produtividade nos seus bancos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a

. Atender sen demora a denuncia realizada polo colectivo de traballadores e traballadoras do mar sobre as verteduras producidas entre finais de setembro e primeiros de outubro deste ano na Pobra do Caramiñal.

. Levar a cabo as investigacións necesarias para determinar a orixe dos vertidos, as súas consecuencias no medio mariño e nos bancos marisqueiros da praia dos Raposiños, e proceder contra os responsábeis dos mesmos.

. Actuar rigorosamente no exercicio da potestade sancionadora, neste e noutro caso que se produza, e establecer as medidas cautelares que contempla a normativa vixente para evitar que as actuacións irregulares e/ou ilegais se sigan a producir mentres non haxa resolución dos expedientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Atender con inmediatez todas as queixas e/denuncias, sen dilación de prazos, que se produzan relativas a vertidos, nomeadamente industriais, ás rías galegas e en particular á ría de Arousa.

. Intensificar a vixilancia e os controis de vertidos ás rías galegas, sinaladamente os vertidos industriais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2025 10:13:52

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 10:14:01

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 10:14:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:16:34
Nº Rexistro: 38233
Data envío: 06/11/2025 10:16:34.541

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:16:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:16:34
Nº Rexistro: 38233
Data envío: 06/11/2025 10:16:34.541

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

En outubro de 2024 aprobábase definitivamente a Lei ELA (*Lei 3/2024, do 30 de outubro, para mellorar a calidade de vida de persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible*).

Naquel momento este texto acadou o apoio de todas as forzas políticas pero, logo de tres anos de tramitación e 40 solicitudes de aprazamento por parte do Congreso dos Deputados , demostrando dende o primeiro momento unha enorme falta de empatía por parte do goberno de Pedro Sánchez.

Os enfermos e as súas familias definían ese 30 de outubro como un día histórico pero, unha vez máis, a lei estatal non estaba dotada de orzamento, e pasaban os meses sen que a lei se traducise nunha soa medida efectiva a favor destes enfermos, polo que a esperanza transformábase en tristeza e indignación.

Hai uns días, xusto cando se cumpría o aniversario da aprobación deste texto legal, un tempo no que preto de 1.000 enfermos quedaron xa polo camiño, o Goberno de España avanzaba o Real Decreto Lei 11/2025 que, por fin, desenvolvía as primeiras medidas.

E unha vez máis a esperanza dos primeiros momentos converteuse en frustración, porque tal como recolle a norma as axudas chegarán só ao 5% dos enfermos.

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:34
Por Alberto Pazos Couñago





De feito, o real decreto lei citado establece que os apoios económicos derivados da lei ELA só estarán destinados aos enfermos que obteñan o grado III de dependencia extrema, reservado para as persoas que se atopan nun estado moi avanzado da enfermidade.

Por unha decisión firme, explícita, insensible do Executivo que preside Pedro Sánchez, quedan fóra todos aqueles enfermos que se atopan en fases iniciais e intermedias da enfermidade que, sen embargo, necesitan de moita axuda para seguir mantendo calidade de vida ou adaptándose ás limitacións físicas provocados por esta enfermidade.

Este desleixo contrasta coa actitude da Xunta de Galicia. A nosa comunidade foi a primeira comunidade, vai xa para 4 anos, en dar unha axuda directa anual de 12.000 euros aos enfermos de ELA. E nos orzamentos de 2026 contémpase a exención fiscal para estas axudas.

Tamén Galicia foi pioneira, en 2018, en crear o proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao amparo deste procedemento de actuación búscase axilizar a atención establecendo vías preferentes:

1. A nivel sanitario para axilizar o diagnóstico
2. A nivel social para a tramitación da dependencia e a discapacidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que modifique, con carácter urxente, o Real Decreto Lei 11/2025, de xeito que todas as persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica (ELA) independentemente do grao no que se atopen, teñan acceso ás axudas comprometidas polo Executivo central e previstas na lexislación vixente”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:34:54
Nº Rexistro: 38238
Data envío: 06/11/2025 10:34:54.864

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 10:34:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:34:54
Nº Rexistro: 38238
Data envío: 06/11/2025 10:34:54.864

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:34:54
Nº Rexistro: 38238
Data envío: 06/11/2025 10:34:54.864

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:34:55

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 06/11/2025 10:36:33

Nº Rexistro: 38241

Data envío: 06/11/2025 10:36:33.563

Asinado o día 06/11/2025 ás 10:30
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás accións a desenvolver polo goberno galego para evitar unha grave afectación á frota pesqueira galega polos previsíbeis recortes de TACs e cotas para 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada ano, a Comisión Europea deu a coñecer recentemente a súa proposta de Totais Admisíbeis de Captura (TAC) e cotas pesqueiras, neste caso para 2026. A negociación das cotas pesqueiras é un momento de grande importancia para a frota de pesca galega que leva anos padecendo recortes e vedas por parte da UE que fan insostíbel o mantemento da actividade pesqueira, con cada vez máis limitacións e con custos que superan aos ingresos.

A proposta da Comisión Europea ten a ver, entre outras, coas posibilidades de pesca de distintas poboacións pesqueiras no Atlántico en augas ibéricas, nas zonas IXa, de Fisterra ao Golfo de Cádiz, e VIIIc, de Fisterra para o norte, que afectan a Galiza, e que se decidirán na cimeira do Consello de ministros de Pesca da UE, a celebrar os días 11 e 12 do vindeiro mes de decembro.

En principio, o organismo europeo propón manter a cota de pesca en augas ibéricas. Para o rapante indica unha suba do 12% e para o peixe sapo un recorte do 2%, cando neste ano experimentaron incrementos na cota do 22,8% e do 16,8% respectivamente.

Asinado o día 06/11/2025 ás 10:30
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 06/11/2025 ás 10:30
Por Rosana Pérez Fernández



Para o xurelo prevén unha redución da cota do 5% na zona que vai de Fisterra ata o Golfo de Cádiz e preocupan ao sector pesqueiro galego as previsións de recorte do 26% na cota de abadexo e a rebaixa nun 28% da cota de linguado, dúas especies de moito interese para as frotas galegas.

Quedando aínda pendentes por coñecer as cotas de pesca de especies en augas compartidas co Reino Unido, nomeadamente no Gran Sol, a maior inquietude para a frota galega, nomeadamente a do cerco, vén da man da proposta do ICES respecto do recorte do 70% na cota da xarda e do 41% na do lirio, que afectaría principalmente ao arrastre de litoral.

Con carácter xeral, hai que sinalar que a escaseza de cotas nas principais especies para a frota galega dos últimos anos non se vai mellorar para o 2026. Moi ao contrario, os recortes que se prognostican para o abadexo, o linguado, a xarda ou o lirio, supoñerían un durísimo golpe para o sector pesqueiro galego.

As perspectivas pois volven ser alarmantes de cara ao vindeiro ano para a frota galega que con esta proposta volve ver comprometida a súa viabilidade futura. Por un lado, as vedas nas 87 zonas que poden incluso aumentar, e por outro, o mesmo guión ou aínda peor para a distribución dos TACs para o 2026, non ofrecen garantías de futuro ao sector da pesca de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1 – Reclamar do Goberno do Estado que, diante do Consello de Ministros de Pesca da UE do vindeiro mes de decembro,

. Manteña un posicionamento que asegure a viabilidade e a sostibilidade da actividade e da frota pesqueira galega.



. Reclame o cumprimento do dictado pola sentenza do Tribunal de Xustiza da UE do 11 de xaneiro de 2024, na que se reconece a importancia de atender as cuestións sociais e económicas e non só as medioambientais á hora da fixación das cotas nas distintas especies.

. Vete calquera redución de cotas que non vaia na liña da sentenza do TXUE mencionada ou que afecten gravemente á frota pesqueira galega, nomeadamente á de baixura.

. Que avance nas medidas de cobertura económica da frota que se vexa afectada pola posíbel redución de cotas.

. Que inste á UE a tomar medidas dunha vez por todas para impedir a entrada no mercado europeo de xarda e xurelo procedente dos países do norte de Europa que se autoasignan cotas desas especies.

. Que leve a cabo unha xestión interna das cotas que correspondan en cada caso que impida a distorsión que se dá na actualidade entre as distintas zonas do Estado e que non sexa causa da especulación das posibilidades de pesca e da discriminación que se vén producindo ata o de agora

2 – Que, en previsión de novos recortes pola escaseza de cotas para 2026 que provoquen paros na nosa frota pesqueira, planifique o seu propio plan de axudas económicas para o sector afectado polas posíbeis decisións do Consello de decembro, como complemento ás que puidera convocar o Goberno do Estado”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2025 10:30:13

Carmela González Iglesias na data 06/11/2025 10:30:19

Daniel Castro García na data 06/11/2025 10:30:26

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 10:30:33

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2025 10:30:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:33
Nº Rexistro: 38241
Data envío: 06/11/2025 10:36:33,563



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:33
Nº Rexistro: 38241
Data envío: 06/11/2025 10:36:33,563

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:36:34

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A liberdade é un dos piares fundamentais de toda sociedade democrática e o principio que garante a convivencia, o respecto e o progreso común. A educación e a formación da xuventude deben basearse neses mesmos valores, fomentando o espírito crítico, a autonomía persoal e a capacidade de análise fronte a calquera forma de imposición ideolóxica.

As institucións públicas teñen o deber de asegurar que o proceso educativo se desenvolva en condicións de neutralidade e pluralidade, garantindo que o alumnado reciba unha educación libre de calquera intento de manipulación ou adoutramento. A escola debe ser un espazo de encontro, diálogo e liberdade, no que todas as ideas poidan expresarse con respecto e sen imposicións.

A xuventude galega constitúe o alicerce do futuro da nosa sociedade. Por iso, é imprescindible protexer o seu dereito a formarse de maneira libre, obxectiva e crítica, e a desenvolver unha conciencia propia baseada na información obxectiva, na diversidade e no respecto polas opinións.

Entendemos que a defensa da liberdade e da neutralidade ideolóxica no ámbito educativo e xuvenil é esencial para o fortalecemento da democracia e da sociedade en xeral. Ningunha organización, entidade nin persoa debe interferir no dereito da xuventude a pensar por si mesma, a decidir con autonomía e a construír o seu propio criterio libremente.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:43:20
Nº Rexistro: 38248
Data envío: 06/11/2025 10:43:20.239

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





“O Parlamento de Galicia manifesta:

- 1.- O seu rexeitamento ante calquera intento de adoutramento político, ideolóxico ou partidista que poida producirse nos ámbitos educativos, culturais ou sociais, especialmente aqueles que afecten á xuventude galega.
- 2.- O seu apoio firme á liberdade individual, á liberdade de pensamento e á formación crítica da xuventude, como base indispensable para o progreso, a convivencia e o fortalecemento da democracia.
- 3.- O seu compromiso coa neutralidade institucional e coa pluralidade, principios que deben guiar a acción de todas as administracións públicas, garantindo que o proceso educativo da mocidade se desenvolva nun clima de respecto, pluralidade e liberdade”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 10:43:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:43:20
Nº Rexistro: 38248
Data envío: 06/11/2025 10:43:20.239

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:43:20
Nº Rexistro: 38248
Data envío: 06/11/2025 10:43:20.239

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:43:20

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

As parellas de feito, na actualidade, son unha forma de convivencia recoñecida pola lexislación en distintos países, incluíndo España. Os que deciden acollerse a esta figura xurídica, na maior parte dos casos, aspiran a formalizar unha unión estable con recoñecemento legal sen necesidade de pasar polo matrimonio.

As parellas de feito deben inscribirse nun rexistro de unións de feito, que varía segundo a comunidade autónoma na que residan. A normativa aplicable e os trámites administrativos poden diferir xa que cada comunidade ten a súa propia normativa ao respecto.

En contraste, o matrimonio é unha institución legal que se celebra mediante unha cerimonia pública e que aparece regulado nunha normativa común a nivel estatal. A inscrición no rexistro civil é un procedemento estándar no conxunto de España.

No que respecta a dereitos e obrigacións, as parellas de feito teñen algúns efectos xurídicos similares aos do matrimonio, pero tamén notables diferencias, por exemplo, a efectos económicos ou familiares.

No caso particular da nosa Comunidade, o texto vixente da Lei de dereito civil de Galicia, sinala no seu artigo 2 que terán a condición de parellas de feito “as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:59
Por Alberto Pazos Couñago





que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio”.

Ata tal punto ese é obxectivo perseguido pola normativa galega, que para que esta unión teña efectos xurídicos similares ao matrimonio é necesario que ambas persoas dean testemuña expresa a súa “vontade de equiparación ao matrimonio no momento da inscrición no rexistro autonómico”.

Con todo, cómpre seguir avanzando na equiparación fiscal destas dúas figuras xurídicas que, por exemplo, en Galicia xa están igualadas á hora de aplicar algúns efectos de relevancia económica como é o caso do Imposto sobre Sucesións e Doazóns e no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados ou o acceso ao dereito a pensión de viuvez, entre outros.

A pesar disto, en termos do Imposto da Renda das Persoas Físicas, (IRPF) as parellas de feito sen vínculo matrimonial non poden formar unidade familiar. É mais, dáse o paradoxo de que unha parella de feito con fillos, un dos membros poderá facer unidade familiar cos fillos e o outro membro deberá declarar de forma individual.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a demandar ao Goberno de España que impulse os trámites precisos no senso de equiparar, en termos do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) ás parellas de feito legalmente constituídas cos matrimonios”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 10:59:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:00:13
Nº Rexistro: 38254
Data envío: 06/11/2025 11:00:13.015

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 11:00:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:00:13
Nº Rexistro: 38254
Data envío: 06/11/2025 11:00:13.015

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818

Asinado o día 06/11/25
11:58
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as previsión para a mellora da policía dependente da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galiza prevé, no seu art.27.25 a creación dun corpo de policía propio, previsión que non se chegou a efectivizar, malia que en 2007 chegouse aprobar a Lei de Policía de Galiza, pendente de desenvolvemento pola contumaz negativa do actual Partido Popular de permitir que Galiza conte cun corpo de policía propio, e que sexa a Xunta quen poda determinar a organización, estrutura e medios dunha forza de seguridade e protección dos dereitos fundamentais en Galiza.

No canto de contar co corpo de policía propio previsto no Estatuto, Galiza dispón dunha sección da policía do estado, que organicamente segue a depender do ministerio do interior, e que funcionalmente está adscrita á Xunta de Galiza.

A Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia foi creada mediante Orde do Ministerio do Interior de 19 de xuño de 1991, tras un acordo administrativo entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galiza en outubro de 1990 no que se determinaban, p.e. as condicións e recursos cos que contaría a unidade. Este Convenio foi puntualmente renovado cada tres anos, agás o subscrito o día 17 de outubro de 2005 que vencido ao final do 2008 a Xunta de Galiza non foi quen de acordar

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:58
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:57
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

un novo Acordo que permita actualizar as condicións da Unidade de Policía Adscrita a Galiza.

A falla de vontade do PP de dotar a Galiza cun corpo de policía propio, e a incapacidade para durante 17 anos chegar a acordos co goberno do estado -de diferente cor política, tanto do PSOE, como do propio PP- están a provocar unha grave deterioro da UPA, que ve como mingua o seu cadro de persoal dende 2013, sen que sequera en ningún momento da súa historia chegara a cubrir as previsións do seu catálogo, hoxe obsoleto.

Nas últimas semanas o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, con competencias tamén en materia de interior, ven ameazando coa privatización da seguridade en edificios públicos, que deixaría de ser atendida por da UPA e pasaría a ser prestado por empresas de seguridade privada. Novamente o Partido Popular aposta pola privatización da atención en servizos esenciais para a poboación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Creación efectiva do Corpo de Policía Galega previsto na Lei 8/2007 de 13 de xuño.

2º.- En tanto non se fai efectivo o acordado no parágrafo anterior e de acordo co Goberno do Estado realizar as actuacións necesarias para:

a) A sinatura dun novo Acordo Administrativo de Colaboración co Ministerio do Interior do Goberno do Estado en materia policial, que substitúa ao asinado en outubro de 2005, vencido no ano 2008.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

b) A actualización do catálogo de postos de traballo da Unidade do denominado Corpo Nacional de Policía adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A cobertura da totalidade dos postos de traballo contemplados no catálogo.

d) A convocatoria dun concurso específico de méritos para a provisión da totalidade das prazas vacantes baseado exclusivamente en criterios obxectivos, excluindo a valoración de probas subxectivas e discrecionais como a entrevista persoal.

3º.- Comprometerse a non privatización e externalización dos servizos públicos de seguridade que actualmente prestan efectivos da UPA”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/11/2025 11:57:56

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 11:58:02

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 11:58:09

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2025 11:58:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:00:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Miguel A. Santalices Vieira, Víctor Baladrón Lamas, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Miguel A. Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O vindeiro ano 2026 cumpriranse cincuenta anos do pasamento de Don Ramón Otero Pedrayo (1888– 1976), figura esencial das letras, do pensamento e da identidade galega contemporánea, así como o centenario da publicación dunha das súas grandes obras, a *“Guía de Galicia”*.

Profesor, ensaísta, xeógrafo, novelista, político e membro destacado das Irmandades da Fala e máis tarde do Partido Galeguista, Otero Pedrayo foi un dos piares do florecemento cultural e intelectual de Galicia, representante dunha xeración que soubo vincular o galeguismo coa defensa da cultura universal e co compromiso coa nosa terra.

A súa obra literaria e científica —que abrangue a narrativa, o ensaio, a historia, a xeografía, a filosofía e o pensamento político— segue a ser un referente de estudo e inspiración. O seu exemplo de dedicación a Galicia, á lingua e á cultura galega merece, neste marco conmemorativo, un recoñecemento institucional amplo e transversal.

Dende o seu prolífico labor non deixou xénero literario sen cultivar, o que lle valeu a designación como “Patriarca das Letras Galegas” desde o ensaio á novela, desde a poesía ao teatro; o artigo xornalístico ou o traballo científico, tanto histórico

Asinado o día 06/11/2025 ás
12:30
Por Alberto Pazos Couñago





como xeográfico, constitúen o inmenso, case inabarcable mundo literario de Don Ramón, ao que hai que engadir a parte máis sobresaínte da súa figura intelectual, por ter sido un dos máis grandes oradores da historia de Galicia.

Formouse no galeguismo da man de Antón Losada Diéguez, xunto con Risco e Cuevillas formando parte do Ateneo Ourense en 1914 e tamén do Grupo NÓS cos intelectuais máis sobranceiros daquel tempo, con todo o que significou este grupo no mundo cultural galego. A Real Academia Galega, nomeouno membro de número en 1929.

Foi tamén un reputado mestre de vocación pois accede xa a cátedra de instituto no ano 1919 ao tempo que tamén inicia a súa implicación na vida política galega, empezando en 1918 pola participación na candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea, membro das Irmandades da Fala de Compostela e, tres anos máis tarde, viaxa a Vigo, en abril de 1921, con Vicente Risco e Nogueira para participar na asemblea anual das Irmandades.

Coa chegada da República, Otero con outros galeguistas ven a posibilidade de acadar a autonomía de Galicia, polo que comeza en 1930 a percorrer a provincia de Ourense dando mitins de carácter nacionalista e fundando o Partido Nazionalista Republicán de Ourense do que foi seu presidente, defendendo a cooficialidade das linguas e a autonomía de Galicia. Acada entón a acta de Deputado, xunto con Castelao e Suárez Picallo, e en decembro de 1931 participa na fundación do Partido Galeguista, de cuxo Consello Executivo formou parte.

Nunca abandonou o Partido Galeguista, aínda que polo seu profundo catolicismo e pensamento político de corte liberal e conservador disentiu en ocasións das súas propostas. Participou moi activamente na campaña do plebiscito do Estatuto de Galicia, compartindo coma todos os galeguistas a ledicia polo triunfo do 28 de xuño de 1936. Este percorrido político fixo que fose vítima de represión unha vez sobrevido o levantamento militar que trunca todas as súas ilusións, e no ano 1937 foi destituído e apartado do ensino, ao que non volverá a incorporarse ata 1948. En 1950 opoñe á cátedra da xeografía da Universidade de Santiago, converténdose no primeiro catedrático desta materia na USC.





Entregado a unha actividade intelectual intensa, representou naquel momento a resistencia do galeguismo histórico levando a cabo os primeiros discursos públicos en galego, foi o derradeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, participando logo na fundación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento no que traballou en infinidade de proxectos e investigacións.



Nesa época colabora con estudantes mozos inquedados e desexosos de escoitalo cada tarde no Café Español que popularizaron os seus poemas polo grupo Brais Pinto (Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Bautista Álvarez, Ramón Lorenzo, Raimundo Patiño, Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro,) do libro *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*.

Hoxe a Fundación Otero Pedrayo ubicada en Trasalba – Amoeiro vela pola proxección da súa figura e obra, que están presentes na produción editorial , cultural e docente por todo o país.

Por todo isto, e considerando a transcendencia da súa figura na construción da Galicia moderna, propónse que a Xunta de Galicia declare o ano 2026 como Ano Oteriano, promovendo actividades de investigación, difusión e posta en valor da súa vida e obra en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Declarar o ano 2026 como Ano Oteriano, con motivo do cincuenta aniversario do pasamento de Don Ramón Otero Pedrayo así como do centenario da publicación da súa histórica obra *“Guía de Galicia”*, un libro fundamental para coñecer os nosos aspectos xeográficos, históricos, económicos, artísticos e culturais.
2. Promover, en colaboración coas institucións culturais, educativas e científicas galegas, un programa de actividades conmemorativas, divulgativas e académicas que contribúan a difundir o seu legado.
3. Fomentar a participación dos concellos, deputacións e entidades culturais galegas na conmemoración, favorecendo a celebración das actividades por todo o territorio galego”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:30:17
Nº Rexistro: 38300
Data envío: 06/11/2025 12:30:17.235

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 12:30:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:30:17
Nº Rexistro: 38300
Data envío: 06/11/2025 12:30:17.235

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:30:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:30:17
Nº Rexistro: 38300
Data envío: 06/11/2025 12:30:17.235

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O traballo no mar ten unhas características propias que o fan dificilmente comparable con calquera outro, por iso non, se entende que o Goberno de España se empeñe en querer aplicar as mesmas regras que a calquera outra actividade máis convencional.

O mariñeiro non sabe a que hora pode aparecer o peixe, nin canto poden durar as manobras de captura, nin prever con seguridade o estado do mar, nin as posibles avarías.

Porén, o Ministerio de Traballo e Economía Social pretende implantar o fichaxe dixital en todos os sectores, coma se un mariñeiro en alta mar fose un oficinista ou un empregado de banca, por poñer dous simples exemplos.

Descoñecer estas evidencias é tanto como ignorar que a implantación deste sistema será inviable no mundo do mar.

Ninguén cuestiona que tamén na pesca deben cumprirse as horas de traballo e de descanso, este requisito non só é imperativo, senón tamén necesario para unha maior seguridade na navegación.

Os descansos mínimos están teoricamente establecidos no Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo (OIT), que constitúe a referencia das xornadas laborais e que na frota española se rexistran en papel.





Agora o Ministerio de Traballo e Economía Social pretende implantar o fichaxe dixital en todos os sectores, o que non só parece un despropósito, senón que os propios representantes do sector o consideran inviable.

É necesario garantir a adecuación das medidas á realidade operativa dos buques e ás condicións laborais dos seus traballadores. Mesmo o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) ten recoñecido nalgunha ocasión a excepción da pesca polo seu carácter singular e complexo.

Para reforzar esta posición abonda con lembrar que o Convenio 180 da OIT, sobre as xornadas laborais da mariña mercante, permite estender as súas disposicións ao sector pesqueiro se se considera factible e sempre escoitando ás asociacións máis representativas do sector.

O sector sinala exemplos de regulación dos horarios da frota de maneira absolutamente pragmática, como o Reino Unido, onde en lugar de rexistrar cada xornada, só se documentan as desviacións ou incumprimentos dos límites de descanso; cando se compensan, o patrón e o mariñeiro asinan o informe de excepcións.

Así mesmo, países como Noruega non recorren ao fichaxe individual, senón que o fan por días ou mareas e contabilízanse a través dos diarios de bordo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que exclúa ao sector pesqueiro da obriga xeral do rexistro dixital da xornada laboral, que prepara o Ministerio de Traballo e Economía Social, en recoñecemento á singularidade desta actividade, e a continuar aplicando o previsto no Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo para o ámbito da pesca”.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:47:54
Nº Rexistro: 38303
Data envío: 06/11/2025 12:47:54.451

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 12:47:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:47:54
Nº Rexistro: 38303
Data envío: 06/11/2025 12:47:54.451

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:47:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:47:54
Nº Rexistro: 38303
Data envío: 06/11/2025 12:47:54.451

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 13:51:54
Nº Rexistro: 38308
Data envío: 06/11/2025 13:51:54.024

Asinado o día 06/11/25
13:46
Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Montserrat Prado Cores, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa a que Augas de Galiza incorpore solucións baseadas na natureza en todas as novas actuacións.

Asinado o día 06/11/2025 ás
13:46
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza vive un ciclo recorrente de inundacións que afectan significativamente a poboación rural e urbana. Os episodios de crecidas extraordinarias nos ríos Umia, Bispo, Lagares e noutros cursos fluviais deixan perdas económicas importantes, danos en infraestruturas e, en ocasións, risco para a vida das persoas. A Xunta de Galiza ten obriga de implementar estratexias de mitigación eficaces e duradeiras.

Fronte a isto, o modelo tradicional de xestión hidrolóxica en Galiza segue ancorado nas chamadas infraestruturas grises: represas, canalizacións, muros de contención e obras de formigón que pretenden "domesticar" os ríos mediante intervencións estruturais. Ese enfoque concentra a inmensa maioría dos recursos públicos e persiste malia o consenso internacional sobre as súas limitacións técnicas e ambientais. As represas teñen ciclo de vida limitado, requiren mantemento constante, alteran permanentemente os ecosistemas fluviais e non resoven o problema de fondo: a restauración da capacidade natural dos ríos de absorber e regular caudais.

Asinado o día 06/11/2025 ás
13:46
Por Montserrat Valcárcel Armesto





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Augas de Galiza, organismo autónomo da Xunta con competencias en xestión de recursos hídricos, anunciou publicamente un cambio de paradigma cara a "solucións verdes" e "corredores ecolóxicos" para a xestión do risco de inundacións. Esa declaración de intencións é benvida; porén, a realidade orzamentaria e executiva amosa un desacoplamento alarmante entre o discurso político e a acción real. As solucións verdes seguen sendo investimentos residuais, mentres que as obras de canalización e as infraestruturas convencionais continúan a recibir a maioría dos fondos.

Análise da situación actual.

A restauración fluvial, elemento central das solucións baseadas na natureza, apenas ocupa un lugar periférico nos orzamentos de Augas de Galiza. O exemplo máis emblemático é o río Umia: a restauración do bosque de ribeira, fundamental para manter a estabilidade do cauce, regular os caudais e proporcionar servizos ecolóxicos, dispón unicamente de 150.000 euros. Esa cantidade é completamente desproporcionada fronte a varios millóns de euros que se dedican a obras de canalización e consolidación de marxes mediante formigón. A biodiversidade fluvial, os hábitats de fauna e flora, e a calidade ecolóxica dos ríos quedan relegadas a un segundo plano.

As chamadas áreas de inundación controlada representan outro exemplo ilustrativo. Augas de Galiza anunciou un programa con investimento de 5 millóns de euros en catro localizacións: Ponteceso, Río Bispo, Lagares e Vilagarcía. Esas zonas húmidas de infiltración son ferramentas comprobadas para reducir a velocidade das avenidas, retardar os caudais de punta e permitir a infiltración natural da auga no terreo. Son, en definitiva, solucións verdes de primeira orde. Non obstante, eses 5 millóns de euros corresponden maioritariamente a estudos técnicos e proxectos de enxeñeira, non a execución real. Meses despois do anuncio, esas áreas de inundación controlada permanecen sobre o papel, sen intervención real no territorio.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Paralelamente, a restauración de corredores fluviais —especialmente mediante reforestación con especies autóctonas— segue recibindo financiación anecdótica. Os bosques de ribeira son infraestruturas verdes de máxima importancia: reducen a erosión das marxes, estabilizan o leito fluvial, retardan os caudais de avenida, facilitan a infiltración e, fundamentalmente, mantén os caudais ecolóxicos que son vitais para a vida das comunidades bióticas fluviais. A súa restauración non é un capricho ambiental, senón unha medida estrutural de xestión do risco.

O contraste coas solucións baseadas na natureza.

A ciencia hidrolóxica e a experiencia internacional demostran que as solucións baseadas na natureza ofrecen resultados moito máis duradeiros, resilientes e de menor impacto ambiental que as infraestruturas grises. Os bosques de ribeira, as zonas húmidas, os prados inundables e a restauración de cauce actúan simultaneamente como infraestruturas de protección fronte a inundacións e como rehábítats que recuperan a biodiversidade acuática e terrestre. A inversión en natureza é, ademais, máis económica a longo prazo: o mantemento dunha zona húmida restaurada é infinitamente máis baixo que o da manutención e reparación de obras de formigón sometidas a sete anos de estrés hídrico.

Galiza dispón de amplas oportunidades de implementación: ríos cunha vexetación ribeirá degradada, antigos bosques de ribeira que desapareceron por aproveitamentos forestais intensivos, e zonas potencialmente inundables que poderían actuar como amortecedores naturais de crecidas. A restauración deses espazos non require apenas máis diñeiro, senón, fundamentalmente, vontade política de priorizar a natureza fronte ao cemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Comprometerse cun cronograma claro e vinculante para a execución —non a fase de estudos— das zonas húmidas de infiltración anunciadas nas catro localizacións de Ponteceso, Río Bispo, Lagares e Vilagarcía, con financiamento efectivo e calendario de traballo verificable antes do final do exercicio 2026.

2. Incrementar substancialmente as partidas orzamentarias destinadas á restauración e protección dos bosques de ribeira, considerándoas actuacións prioritarias dentro da planificación hidrolóxica. A restauración de corredores fluviais debe deixar de ser unha medida residual para converterse nunha estratexia central de prevención fronte a inundacións.

3. Aplicar criterios de solucións baseadas na natureza en todas as novas actuacións de Augas de Galiza, reducindo progresivamente a dependencia de obras de canalización e infraestruturas grises. Os estudos de impacto ambiental de futuros proxectos deben incluír, obrigatoriamente, unha análise comparativa coas alternativas de restauración fluvial.

4. Elaborar un plan integrado de xestión hídrica que estableza as prioridades investidoras entre infraestruturas grises e solucións verdes, establecendo metas anuais de hectáreas restauradas, orzamento dedicado a natureza, e indicadores de éxito ecolóxico mesurables.

5. Garantir a participación de comunidades locais e organizacións ambientais no deseño e implementación das solucións verdes, xa que o coñecemento territorial e a acción colectiva son imprescindibles para o éxito dunha transición real cara a un modelo de xestión hídrica máis natural e resiliente”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/11/2025 13:46:41

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 13:46:48

Carmela González Iglesias na data 06/11/2025 13:46:54

Alexandra Fernández Gómez na data 06/11/2025 13:47:04

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 13:47:15

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/11/2025 13:47:22

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 13:47:31

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2025 13:47:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 13:51:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 13:51:54
Nº Rexistro: 38308
Data envío: 06/11/2025 13:51:54.024

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38314
Data envío: 06/11/2025 16:28:14.938

Asinado o día 06/11/25
16:27
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa a Escola Infantil Galiña Azul de Arzúa.

Asinado o día 06/11/2025 ás
16:27
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola Infantil Galiña Azul de Arzúa conta, segundo consta no RUEPSS, con 56 prazas de escolarización en xornada completa de crianzas que non chegan aos 3 anos. Mais este centro, moi ben valorado polas familias, está a ser froito de preocupación no concello nos últimos días por mor da deficitaria xestión dos servizos públicos que fai o Partido Popular desde a Xunta de Galiza.

O centro conta cun horario de apertura de 8h a 17.30h da tarde, mais após a redución de xornada de dúas traballadoras, este horario está comprometido, pois quedaría unha quenda na última franxa da xornada cunha única traballadora, o que non respectaría as rateos de profesionais/alumnado establecidas na lexislación. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é quen ten que garantir o persoal suficiente para prestar os servizos que ten asignados este centro, mais o certo é que moitos días non se realiza esta cobertura, polo que as demais profesionais do centro, de xeito altruísta, prolongaron a súa xornada laboral para garantir a atención ao alumnado. Mais esta situación na que son as traballadoras do centro de motu propio as que asumen unha sobrecarga no seu horario que non lles corresponde por mor da actuación negligente do Consorcio non pode prolongarse.

Asinado o día 06/11/2025 ás
16:27
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

As familias arzuás están preocupadas ante esta situación, tanto pola falta de garantía de que o Consorcio non cumpra as rateos de profesionais ás que está obrigado, coma tamén polo feito de que a Escola non garanta o horario que ten establecido e figura no propio RUEPSS. Neste senso, o Concello de Arzúa tamén se dirixiu formalmente ao Consorcio para garantir o bo funcionamento desta escola infantil.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as contratacións oportunas, de xeito estábel e coa antelación suficiente, de xeito que se garanta o horario de funcionamento da escola infantil Galiña Azul de Arzúa respectando ademais os dereitos laborais de todas as traballadoras do centro.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 06/11/2025 16:27:00

Ariadna Fernández González na data 06/11/2025 16:27:07

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2025 16:27:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38314
Data envío: 06/11/2025 16:28:14.938

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 16:28:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38314
Data envío: 06/11/2025 16:28:14.938

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O acceso de Galicia aos recursos dispoñibles no Fondo Social polo Clima (FSC) está en risco pola mala xestión do Goberno de Pedro Sánchez. Trátase dunha mostra máis da incoherencia do Executivo de coalición entre o PSOE e SUMAR, que di favorecer unha axenda verde, pero logo chega con atraso cando se trata de axudar aos fogares vulnerables e ás empresas no proceso de transición enerxética.

En concreto, vén de coñecerse que o Goberno de España incumpriu o prazo para enviar ás autoridades comunitarias o Plan Social para o Clima, que era o documento no que se debían recoller as propostas españolas -e, entre elas, as galegas- a financiar con cargo a esta iniciativa europea. O prazo remataba o pasado 30 de xuño e, tal e como confirmou por carta a directora de Mercados de Carbono e Mobilidade Sostible da Comisión Europea, Beatriz Yordi, o Goberno central aínda non presento o devandito plan, o que pode derivar na perda de 6.800 millóns de euros asignados a España ao abeiro do FSC e que se complementarían co 25%, uns 2.000 millóns, que debería aportar o Estado.

En total, España podería dispoñer dun total de 9.000 millóns de euros para avanzar cara a unha transición enerxética máis xusta para os sectores máis vulnerables da sociedade a través de axudas temporais e directas á renda e de investimentos que permitan reducir a dependencia dos combustibles fósiles no eido do transporte, as microempresas e os fogares vulnerables.

Ademais do atraso na presentación do Plan nacional que debe presentar o Goberno de España á Comisión Europea para acceder a estes fondos, tamén está pendente de transposición, desde o 30 de xuño de 2024, a Directiva ETS2. Isto é especialmente relevante, xa que, ao abeiro do disposto na Guía para a implementación do Plan Social polo Clima, a Comisión non pode avaliar os plans nacionais se o Estado membro non traspoñe previamente dita directiva.





A deixades de funcións do Executivo central no cumprimento do Dereito europeo está a converterse nun auténtico tapón entre Europa e Galicia, unha barreira que impide que a nosa Comunidade acceda a uns fondos tan importantes para os galegos.

Por outra banda esta falta de interese do Executivo Sánchez demostra que é un erro persistir na idea de centralizar toda a xestión dos programas europeos nos gobernos estatais. Mentres Galicia xa fixo os deberes e presentou ante o Goberno central máis de 60 proxectos por importe de preto de 2.000 millóns de euros para obter financiamento do FSC, o Goberno de Sánchez non só entorpece e pon atrancos ás comunidades, senón que ademais pode deixar a Galicia sen opción a recursos millonarios que beneficiarían directamente ás familias e ao sector da construción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, logo de trasladar á Unión Europea os proxectos galegos que optan a financiamento do Fondo Social polo Clima, e ante o deixamento de funcións do Goberno central, dar conta á Cámara galega de toda a información que reciba das autoridades comunitarias e estatais en relación con esta iniciativa.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 16:57:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:57:55
Nº Rexistro: 38320
Data envío: 06/11/2025 16:57:55,486

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 16:57:55
Nº Rexistro: 38320
Data envío: 06/11/2025 16:57:55,486

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 16:57:56

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

O Máster Universitario en Formación do Profesorado é unha titulación habilitante e imprescindible para o exercicio da docencia nos niveis de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Trátase dun programa académico que garante que os futuros docentes adquiren as competencias pedagóxicas, didácticas e profesionais necesarias para desenvolver con solvencia a súa labor educativa.

Nos últimos anos, a demanda deste máster aumentou de maneira notable, especialmente as modalidade a distancia, debido ás vantaxes que ofrecen en termos de conciliación laboral e familiar, así como ao avance da dixitalización, que facilita un acceso máis amplo e descentralizado á formación superior.

Sen embargo, este incremento da demanda non sempre viu acompasado cun aumento suficiente da oferta de prazas por parte das universidades públicas, especialmente na modalidade a distancia.

No caso de Galicia, o Goberno galego colabora desde hai anos coa UNED para ofertar estas ensinanzas a distancia. Recentemente, o conselleiro de Educación reuniuse co reitor da UNED en Madrid para trasladarlle unha proposta concreta de ampliación de prazas nesta modalidade na nosa comunidade.

Ademais, a Xunta mantén un diálogo permanente coas tres universidades públicas galegas co obxectivo de acordar un incremento da oferta de prazas, especialmente nas áreas de maior demanda, garantindo así unha formación accesible, de calidade e adaptada ás necesidades actuais do sistema educativo galego.

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:10
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Reforzar os lazos de colaboración coa UNED para incrementar a oferta de prazas a distancia do máster de profesorado que, actualmente, ofrece esta institución en Galicia.
2. Solicitar, en diálogo coas tres universidades galegas, o aumento equilibrado no número de prazas públicas do máster de profesorado.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 17:10:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:10:51
Nº Rexistro: 38323
Data envío: 06/11/2025 17:10:51.099

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:10:51
Nº Rexistro: 38323
Data envío: 06/11/2025 17:10:51.099

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:10:51

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza das parroquias ferrolás de Covas e Esmelle leva tempo denunciando as constantes deficiencias na cobertura de televisión e telefonía, tanto fixa como móbil. Tal e como recollen os medios de comunicación locais e así vén denunciando o Partido Socialista na cidade, a situación é especialmente grave nos últimos meses, con interrupcións frecuentes, cortes prolongados e unha calidade do servizo claramente insuficiente.

Estas deficiencias afectan á vida cotiá das persoas residentes, dificultan o acceso á información, limitan as comunicacións e mesmo condicionan o funcionamento de pequenos negocios e servizos esenciais. Non se trata dun feito illado, senón dun síntoma da fenda dixital que persiste en moitas zonas do rural galego, onde a cobertura de telecomunicacións continúa sendo deficiente malia os anuncios reiterados da Xunta de Galicia.

A situación é especialmente preocupante tendo en conta que Covas e Esmelle son parroquias con actividade económica e social significativa, que combinan poboación residente todo o ano con unha importante presenza estacional vinculada ao turismo e ás segundas residencias. A falta de cobertura axeitada prexudica tanto á veciñanza como aos servizos públicos, que dependen cada vez máis das novas tecnoloxías para ofrecer unha atención eficaz.



Cómpre lembrar que o acceso universal á comunicación e á información é hoxe un dereito básico e unha condición imprescindible para o desenvolvemento económico, a igualdade de oportunidades e a fixación de poboación no territorio. Non pode haber cohesión territorial nin verdadeira igualdade entre o rural e o urbano se persisten zonas sen cobertura de televisión, telefonía ou internet.

A Xunta de Galicia ten a obriga de garantir unha planificación e coordinación axeitadas coas operadoras para asegurar a cobertura integral do territorio galego, especialmente nas parroquias e núcleos periféricos das cidades. Resulta inaceptable que no ano 2025 sigan existindo zonas sen servizos de telecomunicacións dignos, o que supón unha discriminación para os seus habitantes e un freo ao desenvolvemento local.

Por todo o anterior, considérase urxente que o Goberno galego interveña de inmediato para garantir a cobertura de telecomunicacións en Covas e Esmelle, adoptando as medidas técnicas e administrativas necesarias para resolver a situación e evitar que se repita no futuro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para restablecer un servizo adecuado e estable de televisión e telefonía, fixa e móbil, nas parroquias de Covas e Esmelle na cidade de Ferrol.
2. Elaborar no prazo de 3 meses un plan de supervisión e control da cobertura de telecomunicacións no conxunto do municipio de Ferrol e, nomeadamente,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:15:46
Nº Rexistro: 38329
Data envío: 06/11/2025 17:15:46,999

nas zonas rurais da cidade, co fin de garantir o acceso efectivo da cidadanía a estes servizos básicos.

3. Dar conta perante o Parlamento galego das actuacións realizadas e do calendario previsto para a resolución definitiva dos problemas detectados.

Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

133804

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/11/2025 17:12:02

Paloma Castro Rey na data 06/11/2025 17:12:11

Patricia Iglesias Rey na data 06/11/2025 17:12:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/11/2025 17:12:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:15:46
Nº Rexistro: 38329
Data envío: 06/11/2025 17:15:46,999

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:15:46
Nº Rexistro: 38329
Data envío: 06/11/2025 17:15:46,999

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:15:47

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:44
Nº Rexistro: 38338
Data envío: 06/11/2025 17:40:44.058

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:36
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

No verán de 2025, Galicia sufriu o maior incendio forestal da súa historia recente, que devastou amplas zonas da comarca de Valdeorras, na provincia de Ourense.

As lapas afectaron a máis de 30.000 hectáreas, espallándose polos concellos do Barco, A Rúa, Vilamartín, Petín, Rubiá, Carballada de Valdeorras, Larouco e A Veiga, e deixando tras de si un territorio profundamente alterado, tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Durante días, os veciños e veciñas viviron situacións de extremo perigo, con aldeas rodeadas polo lume e perdas ambientais irreparables. Mais a traxedia non rematou co lume: tras o incendio chegou a segunda destrución, a das augas contaminadas e os solos desfeitos.

As primeiras chuvias de outono provocaron arrastres masivos de cinza, terra e lodo dende os montes queimados cara aos ríos, regatos e depósitos de captación de auga, ocasionando turbidez, contaminación e interrupcións nos sistemas de abastecemento municipal.

Fontes municipais informaron de restricións no consumo humano en varios lugares, así como da presenza visible de cinza nas traídas e depósitos.

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:36
Por Lara Méndez López

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:36
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133807

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:44
Nº Rexistro: 38338
Data envío: 06/11/2025 17:40:44.058

Os medios de comunicación cualificaron a situación como “o chapapote de monte”, en alusión ao estado dos ríos Sil, Cigüeño e Bibeí, cubertos por lodos e sedimentos escuros que fan imposible o tratamento da auga. Houbo aldeas enteiras do Barco, A Rúa, Vilamartín e Petín que quedaron sen auga potable durante días, mentres outros concellos como Rubiá, Carballeda, Larouco e A Veiga rexistraron captacións alteradas e risco de contaminación.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil, organismo dependente do Goberno de España, actuou de inmediato enviando 17 brigadas de cinco compoñentes cada unha (un total de 85 profesionais), das que 12 operan en Ourense e 3 en Lugo, dedicadas á estabilización de solos, á limpeza de ribeiras e á protección de mananciais e captacións.

Grazas a estas intervencións, púidose reducir parcialmente o impacto, mais a situación segue a ser delicada e con risco de novos episodios de contaminación se volven as choivas intensas.

Pola contra, a Xunta de Galicia non adoptou medidas de urxencia nin elaborou un plan integral de restauración posterior aos lumes. Limitouse a escusarse en cuestións competenciais e a derivar a responsabilidade cara á Confederación Hidrográfica, mentres os concellos —de todas as cores políticas— advertían da gravidade da situación e pedían axuda.

A Xunta de Galicia non pode permanecer impasible nin limitarse a comunicados.

Ten a obriga de liderar, financiar e coordinar as actuacións necesarias para restaurar o solo, rexenerar os montes, protexer os recursos hídricos e garantir o dereito á auga limpa dos veciños e veciñas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133808

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:44
Nº Rexistro: 38338
Data envío: 06/11/2025 17:40:44.058

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia, logo de oír as explicacións do Goberno galego, acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e poñer en marcha, con carácter urxente, un plan integral de restauración hidrolóxico-forestal da comarca de Valdeorras, e cos concellos afectados, que inclúa:

- a) Actuacións inmediatas de estabilización de solos e control da erosión.
- b) Protección e recuperación das captacións e mananciais de auga.
- c) Creación de barreiras naturais e filtros vexetais para frear o arrastre de cinzas e lodos.
- d) Restauración da vexetación autóctona e recuperación dos hábitats fluviais.
- e) Axudas directas aos concellos para limpeza, reparación e mellora das infraestruturas hidráulicas danadas.

2. Poñer en marcha un sistema permanente de seguimento ambiental e sanitario, con publicación transparente dos resultados das análises de auga e informes periódicos sobre a evolución dos solos queimados.

3. Habilitar unha liña de financiamento plurianual específica para a comarca de Valdeorras, destinada á restauración ambiental, á mellora dos sistemas de abastecemento e á prevención de riscos asociados á erosión e contaminación de augas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133809

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:44
Nº Rexistro: 38338
Data envío: 06/11/2025 17:40:44.058

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133810

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/11/2025 17:36:38

Lara Méndez López na data 06/11/2025 17:36:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/11/2025 17:36:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:44
Nº Rexistro: 38338
Data envío: 06/11/2025 17:40:44.058

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:44
Nº Rexistro: 38338
Data envío: 06/11/2025 17:40:44.058

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:40:44

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

O PERTE Nova Economía da Lingua foi presentado polo Goberno central como unha oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais en áreas como a intelixencia artificial, a tradución, a aprendizaxe, a divulgación cultural, a produción audiovisual, a investigación e a ciencia. Para iso, anunciouse un orzamento de 1.100 millóns de euros de investimento público, co obxectivo de mobilizar outros 1.000 millóns de investimento privado.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, puxo en marcha o Proxecto Nós, unha iniciativa presentada aos Fondos Next Generation, cun orzamento de 15 millóns de euros e coa previsión de mobilizar máis de 45 millóns de euros.

Da cantidade solicitada, o Goberno central tan só achegou a día de hoxe 3,5 millóns de euros, unha cantidade absolutamente insuficiente para un proxecto que aspira a situar o galego na sociedade e na economía dixital.

Dada esta situación e ante o remate en 2026 do Programa ALIA, que financia o devandito proxecto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central a transferencia da totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 17:46:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:47
Nº Rexistro: 38344
Data envío: 06/11/2025 17:46:47,495

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:46:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:47
Nº Rexistro: 38344
Data envío: 06/11/2025 17:46:47,495

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o Pacto de Vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 chega ao seu fin, sen que lograra mellorar a situación no acceso á vivenda. Tratábase dun Pacto de Vivenda que nacía morto por carecer de análise e de obxectivos concretos e por reducirse a un panfleto xeralista con declaracións de intencións vagas.

Os informes de seguimento deste pacto tampouco aportaron claridade sobre a evolución e os resultados obtidos, por seren excesivamente ambiguos en aspectos centrais.

En 2026 debería entrar en vigor o vindeiro Plan de Vivenda galego sen que se teña presentado por parte do goberno galego ningunha conclusión do anterior, ningunha análise da situación actual e dos retos e obxectivos inmediatos, nin tampouco ningún avance nin borrador público.

Resulta especialmente chamativo que mentres se produce a tramitación dos vindeiros orzamentos 2026 non exista nin unha soa referencia nos mesmos ao vindeiro plan galego de vivenda. Semella que a Xunta de Galiza carece de toda visión estratéxica en cuanto á súa política de vivenda.

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:58
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:58
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O problema de acceso á vivenda e a planificación do parque inmobiliario debe abordarse atendendo a múltiples factores. Igualmente a solución pasa por combinar de forma adecuada respostas múltiples. Porén a Xunta de Galiza neste momento non ten análise e reduce as súas propostas a unhas poucas promesas vagas, que nin tan sequera sabemos cando e como pretende executar.

Tendo en conta a inminente caducidade do actual plan de vivenda, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

- Presentar un informe de execución do actual Plan de Vivenda 2021-2025 no prazo máximo dun mes.
- Abrir un proceso de participación previo á aprobación do vindeiro Plan de Vivenda de Galiza en que se someta o seu borrador a exposición pública e a debate no Parlamento de Galiza antes de que finalice o ano.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/11/2025 17:58:33

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 17:58:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 18:00:07
Nº Rexistro: 38346
Data envío: 06/11/2025 18:00:07.109

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 18:00:07
Nº Rexistro: 38346
Data envío: 06/11/2025 18:00:07.109

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 18:00:07

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 10:38:22
Nº Rexistro: 38366
Data envío: 07/11/2025 10:38:22.100

Asinado o día 07/11/2025 ás 10:33
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do presidente da Xunta de Galiza** para dar conta da situación na que se atopan as residencias de maiores en Galiza e das actuacións do seu goberno fronte ás irregularidades detectadas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asinado o día 07/11/2025 ás 10:33
Por Daniel Castro García

Asinado o día 07/11/2025 ás 10:33
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 10:33:30
Daniel Castro García na data 07/11/2025 10:33:36
Luis Bará Torres na data 07/11/2025 10:33:42
Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2025 10:33:48
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/11/2025 10:33:55
Paulo Ríos Santomé na data 07/11/2025 10:34:03
Rosana Pérez Fernández na data 07/11/2025 10:34:11
Ariadna Fernández González na data 07/11/2025 10:34:20
Iria Carreira Pazos na data 07/11/2025 10:34:28
José Manuel Golpe Acuña na data 07/11/2025 10:34:40
Secundino Fernández Fernández na data 07/11/2025 10:34:50
Carmela González Iglesias na data 07/11/2025 10:35:01
Sonia Vidal Lamas na data 07/11/2025 10:35:14
Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/11/2025 10:35:20
Saleta Chao Rivas na data 07/11/2025 10:35:28
Óscar Insua Lema na data 07/11/2025 10:35:38
María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2025 10:35:45
Ramón Fernández Alfonso na data 07/11/2025 10:35:55
Alexandra Fernández Gómez na data 07/11/2025 10:36:12
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/11/2025 10:36:26
Mercedes Queixas Zas na data 07/11/2025 10:36:33
Cristina Fernández Davila na data 07/11/2025 10:36:39
Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2025 10:36:45
Iago Suárez Fernández na data 07/11/2025 10:36:51
Iria Taiibo Corsanego na data 07/11/2025 10:36:56



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 10:38:22
Nº Rexistro: 38366
Data envío: 07/11/2025 10:38:22.100

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 10:38:24

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira de Política Social e Igualdade, para informar sobre **"o avance na igualdade e a loita contra a violencia de xénero en Galicia."**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:19:43
Nº Rexistro: 38265
Data envío: 06/11/2025 11:19:43,937

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 11:19:43

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Solicitud de comparecencia en Comisión

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica, por petición propia, para **informar sobre a implantación da Garantía Infantil Europea en Galicia e o seu impacto na loita contra a pobreza infantil.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/a. presidente/a da Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 11:19:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:19:49
Nº Rexistro: 38266
Data envío: 06/11/2025 11:19:49.528

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 17:22:57
Nº Rexistro: 38073
Data envío: 03/11/2025 17:22:57.336

Asinado o día 03/11/2025 ás 17:21
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a entrega de diñeiro público por parte de Dirección Xeral para o Deporte ao festival ‘Ouren Sound Fest’.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O festival coñecido como Ouren Sound Fest celebrou a súa edición número dez este 2025 durante o mes de maio. Un festival receptor de diñeiro público que ten lugar na comarca de Ourense (concretamente no complexo de Monterrei, no municipio do Pereiro de Aguiar). Entre as institucións que achegaron financiamento a este evento están a Deputación de Ourense e a Xunta de Galiza, esta última a través de varias vías.

Unha destas vías mediante as cales a Xunta de Galiza entregou diñeiro público a este evento chama poderosamente a atención. Trátase da Secretaría Xeral para o Deporte, que segundo se puido saber, entregou unha cantidade importante de diñeiro para a celebración deste festival. Desde o Grupo Parlamentar do BNG non criticamos a entrega de diñeiro público a este evento, nin tampouco para a organización doutros festivais ou eventos culturais, só incidimos na importancia da transparencia nestas axudas económicas e de que sexan os departamentos pertinentes do Goberno galego os que acheguen este diñeiro.

Non comprendemos, por tanto, esa achega de cartos públicos por parte dun departamento da Xunta como é a Secretaría Xeral para o Deporte. O deporte galego adoece de problemas serios que requiren a actuación tanto económica como lexislativa do Executivo galego á maior celeridade posíbel. O tecido deportivo do noso país precisa

Asinado o día 03/11/2025 ás 17:21
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 03/11/2025 ás 17:21
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 17:22:57
Nº Rexistro: 38073
Data envío: 03/11/2025 17:22:57.336

a axuda a administración e é por ese motivo que pensamos que non ten sentido que en lugar de se dedicar a atender as demandas e necesidades deste, o máximo departamento da Xunta dedicado ao deporte, entregue diñeiro a un festival.

Exiximos polas razóns expostas previamente transparencia e explicacións á Secretaría Xeral para o Deporte e, por tanto, á Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes do Goberno galego.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte interpelación:

- Non considera o Goberno galego que o deporte no noso país precisa de máis axuda económica por parte do Executivo?

- En caso afirmativo, cal é a razón de non axudar máis economicamente o tecido deportivo do noso país?

- Cal é o motivo de a Secretaría Xeral para o Deporte entregar diñeiro público para a celebración do Ouren Sound Fest?

- Como xustifica a Xunta de Galiza este gasto?

- Ten pensado a Secretaría Xeral para o deporte repetir este tipo de entregas de diñeiro público no futuro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 03/11/2025 17:21:38

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2025 17:21:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/11/2025 17:21:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 17:22:57
Nº Rexistro: 38073
Data envío: 03/11/2025 17:22:57,336

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/11/2025 17:22:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2025 17:22:57
Nº Rexistro: 38073
Data envío: 03/11/2025 17:22:57,336

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A estrada AC-455 constitúe unha vía de comunicación esencial para a veciñanza de Val do Dubra e para o conxunto da comarca, conectando diversos núcleos de poboación e servindo de acceso a servizos básicos e áreas de actividade económica.

Porén, o seu estado de conservación e seguridade presenta importantes deficiencias que preocupan á cidadanía e aos concellos afectados. En particular, o tramo da ponte situada sobre o río Dubra atópase nun estado de evidente deterioro: a estrutura amosa gretas visibles en varios puntos, carece dun mantemento axeitado, como se pode comprobar ante acumulación de maleza e restos vexetais.

Esta situación supón un risco potencial tanto para o tráfico rodado como para o propio estado estrutural da infraestrutura, polo que resulta imprescindible que o Goberno galego actúe con dilixencia e priorice a súa reparación e avaliación técnica.

A seguridade viaria é unha competencia fundamental da Xunta de Galicia e debe ser tratada como unha cuestión de prevención e de responsabilidade pública. A conservación adecuada das infraestruturas non só garante a seguridade das persoas usuarias, senón que tamén contribúe á cohesión territorial e á mellora da calidade de vida no rural galego.

Asinado o día 04/11/2025 ás
13:46
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/11/2025 ás
13:45
Por Aitor Bouza Manso



As actuacións sobre a ponte deben considerarse de carácter urxente, tanto pola súa relevancia para a seguridade viaria como pola necesidade de garantir a continuidade das comunicacións na zona. Con todo, cómpre dar un paso máis e analizar de maneira planificada a posibilidade dun novo trazado alternativo da estrada AC-455 que permita desviar o tráfico máis intenso por unha zona con mellores condicións técnicas, reducindo a presión sobre a ponte actual e mellorando a mobilidade e a seguridade de conxunto.

Por todo o exposto e en atención ás demandas da veciñanza e do concello de Val do Dubra, considérase urxente que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para garantir o mantemento, a seguridade e a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455, incluíndo as actuacións que resulten precisas para a súa posta a punto e avaliación técnica.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera o Goberno galego prioritario acometer actuacións de mantemento, conservación e revisión estrutural da ponte situada na AC-455 en Val do Dubra?

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/11/2025 13:45:53

Carlos López Font na data 04/11/2025 13:46:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:57:11
Nº Rexistro: 38104
Data envío: 04/11/2025 13:57:11.577

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 13:57:11
Nº Rexistro: 38104
Data envío: 04/11/2025 13:57:11.577

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 13:57:12

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:48:12
Nº Rexistro: 38127
Data envío: 04/11/2025 16:48:12.040

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno de España aprobou en maio de 2025 unha nova folia de ruta do biogas, que actualiza os obxectivos de produción de enerxía renovable de orixe biolóxica e establece medidas para impulsar a valorización enerxética dos residuos orgánicos, a redución das emisións e o aproveitamento circular dos subprodutos gandeiros e agroindustriais.

Esta estratexia estatal promove o desenvolvemento de proxectos de biogas e biometano sostibles, vinculados ao territorio e orientados á xestión eficiente dos residuos gandeiros, en especial nas zonas de elevada carga intensiva como A Limia, Terra Chá, Deza, Xallas ou Arzúa-Ulloa.

Así mesmo, insta as comunidades autónomas a aprobar plans territoriais específicos que avalíen a capacidade de carga agraria, a dispoñibilidade de solo e a compatibilidade ambiental e social destes proxectos.

Porén, en Galicia non se coñece a existencia dun plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, nin dunha normativa autonómica específica que regule con claridade os criterios de localización, capacidade máxima das instalacións, distancias mínimas a núcleos de poboación ou medidas de control sobre o transporte e a xestión do dixestato xerado.

En distintas comarcas, especialmente na Limia, estanse a promover proxectos de grandes dimensións, moitos deles impulsados por capitais alleos ao sector

Asinado o día 04/11/2025 ás
16:45
Por Lara Méndez López

Asinado o día 04/11/2025 ás
16:45
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133835

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:48:12
Nº Rexistro: 38127
Data envío: 04/11/2025 16:48:12.040

agrogandeiro galego, xerando preocupación social e ambiental polo posible incremento da presión sobre o solo e as augas subterráneas, así como polo tránsito intensivo de camións e o impacto sobre a calidade de vida no medio rural.

Neste contexto, cómpre coñecer cal é a posición da Xunta de Galicia respecto da Folla de Ruta estatal e as medidas que prevé adoptar para garantir que o desenvolvemento do biogas en Galicia sexa ordenado, sostible e compatible co equilibrio territorial e ambiental.

En particular, resulta oportuno aclarar:

- Se ten previsto o Goberno galego elaborar e aprobar un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, en coherencia coa folla de ruta estatal.
- Se incluírá medidas específicas para o tratamento integral do purín na comarca da Limia, atendendo á súa elevada carga gandeira e ao risco de declaración como Zona Vulnerable a Nitratos (ZVN).
- Se o Goberno galego dispón dunha normativa autonómica específica sobre as plantas de biogas e biometano, e se contempla establecer limitacións de capacidade, distancias mínimas a vivendas e núcleos rurais, e restricións ao transporte pesado asociado.
- Se se vai regular de forma específica a xestión do dixestato resultante do proceso de biometanización.
- E finalmente, que coordinación mantén o Goberno galego co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) para a execución da folla de ruta estatal e o aproveitamento dos fondos europeos destinados ao desenvolvemento do biogas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133836

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:48:12
Nº Rexistro: 38127
Data envío: 04/11/2025 16:48:12.040

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego aprobar o plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, tal e como se propón nesta iniciativa, e en que prazos prevé facelo?
2. Vai a Xunta incorporar medidas específicas para a comarca da Limia, integrando o biogas como ferramenta de tratamento sostible dos puríns e de prevención da contaminación por nitratos?
3. Prevé o Executivo autonómico elaborar unha regulación normativa das plantas de biogas e biometano, que estableza límites de capacidade, distancias mínimas e criterios ambientais adaptados á realidade galega?
4. Cal é o papel das sociedades público-privadas Rede de Galicia e Impulsa Galicia na planificación e financiamento de proxectos de biogas, e que mecanismos existen para garantir transparencia e rendición de contas no uso dos fondos públicos?
5. Que medidas de participación social e de consulta co territorio ten previsto habilitar a Xunta para garantir consenso e aceptación cidadá?

Santiago de Compostela, a 3 de novembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133837

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/11/2025 16:45:46

Lara Méndez López na data 04/11/2025 16:45:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:48:12
Nº Rexistro: 38127
Data envío: 04/11/2025 16:48:12.040

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 16:48:12
Nº Rexistro: 38127
Data envío: 04/11/2025 16:48:12.040

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 16:48:12

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:21
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema, Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de convocar axudas para acometer reformas nas instalacións deportivas municipais da Costa da Morte.

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:21
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas das instalacións deportivas da costa da morte se atopan nun estado lamentable, debido á falla dun sistema de financiación local, que segue sen actualizarse dende hai máis de vinte anos, e que provoca que os concellos teñan que recorrer ás axudas doutras administracións, por non poder facer fronte a reformas das súas instalacións deportivas, xa que contan con moi poucos recursos propios para facer obras de investimento, e namentres, seguen mantendo as competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Unha das instalacións deportivas máis utilizadas na costa da morte son os campos de fútbol, e cada ano fan uso deles máis xente, tanto equipas de fútbol da categoría masculino como feminino, e nalgúns deles teñen instalacións para practicar outras disciplinas deportivas como por exemplo o atletismo. Existen varios campos de fútbol como de As Lombans, en Carnota, o Cubeleiro en Corcubión, o Arasolis de Fisterra, o Vicente Carril de Camariñas ou o campo da Arliña en Muxía que precisan reformas dos vestiarios, por atoparse en mal estado. Pero tamén é necesario renovar o céspede en moito deles, ou adecentar ou ampliar os aparcamentos ou os accesos a ditas

Asinado o día 05/11/2025 ás
09:21
Por Óscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións, custes que na maioría dos casos non se poden realizar con fondos propios dos concellos.

Dende o ano 2023 a Consellería non volveu a convocar as axudas a entidades locais para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable. Este ano tivo que ser a Deputación da Coruña, a que financiara tanto as obras de renovación e remodelación do complexo municipal de Cee, o San Paio de refoxos con case 500.000€ como o novo campo municipal de Vimianzo “os irmandiños”, cun importe similar. No caso do campo municipal “Platas Reinoso”, o concello de Baio tivo que facer un esforzo e tirar de remanente para financiarlo con fondos propios, dado que ningunha outra administración prestouse a axudar a este concello.

Á vista deste panorama de parálise total, é necesario convocar canto antes as axudas para que os concellos da costa da morte que non dispoñen de fondos propios, e de toda Galiza en xeral, poidan acometer as reformas necesarias nas instalacións deportivas municipais.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Vai convocar este ano a Secretaría Xeral para o Deporte a liña de axudas a entidades locais para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal? cando vai a facelo?

- Cales foron os motivos polos que levamos dous anos sen convocar esta liña de axudas?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Coñece a Secretaría xeral a situación na que se atopan as infraestruturas deportivas da Costa da Morte?

- Cantos convenios asinou a Consellería cos concellos da comarca de Fisterra e Soneira, na Costa da Morte, para realizar obras de mellora ou reforma das instalacións municipais?

- Con cantos concellos asinou convenios a Consellería para reformar instalacións municipais no ano 2024? e no 2025?

- Que previsións ten a Consellería para buscar unha solución e poder axudar a todos estes concellos que maioritariamente contan con menos de 5.000 habitantes e teñen problemas de financiación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 9:21:28

Iago Suárez Fernández na data 05/11/2025 9:21:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/11/2025 9:21:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38151
Data envío: 05/11/2025 09:23:52.629

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 9:23:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38151
Data envío: 05/11/2025 09:23:52.629

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:51:43
Nº Rexistro: 38161
Data envío: 05/11/2025 09:51:43,619

Asinado o día 05/11/2025 ás 09:49
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de a Xunta dar conta nesta cámara da aplicación do programa 151A Fomento da Lingua Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2026 apenas se achega ao 40% do orzamento de 2009 e volve confirmar a aposta do goberno da Xunta pola rutina, o inmovilismo e a renuncia a pór en andamento un plan de actuacións encamiñadas a reverter a emerxencia lingüística na que se encontra o galego.

Non se percibe ningún cambio no deseño do programa 151A Fomento da Lingua Galega que faga pensar na vontade de iniciar o PP o necesario cambio de rumbo na súa política lingüística a favor da nosa lingua que lle está a demandar a sociedade galega e as institucións do país.

Malia se incrementar a partida centrada no deseño de “Campañas de normalización lingüística” até os 3 millóns de euros, a indefinición deste goberno en xeral, e do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude en particular, na comparecencia de orzamentos, impide coñecer que campañas se van realizar, a quen se van dirixir, con que obxectivos, etc., o que fai dubidar do destino das accións normalizadoras, así como dos criterios empregados.

Unha desconfianza avalada pola falta de explicacións a respecto do destino e da eficacia normalizadora dunha partida semellante de 2 millóns no orzamento de 2025 e

Asinado o día 05/11/2025 ás 09:49
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 05/11/2025 ás 09:49
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non permite concretar como se vai realizar a implementación das accións resultantes do proceso de actualización do PXNLG actualmente en curso.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que avaliación fai o goberno galego do impulso á normalización lingüística ao abeiro do programa 151A Fomento da Lingua Galega en 2025?
- Como vai impulsar a normalización lingüística o goberno da Xunta ao abeiro do programa 151A Fomento da Lingua Galega en 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2025 9:49:36

Iria Taibo Corsanego na data 05/11/2025 9:49:41

Daniel Castro García na data 05/11/2025 9:49:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:51:43
Nº Rexistro: 38161
Data envío: 05/11/2025 09:51:43,619

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 9:51:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:51:43
Nº Rexistro: 38161
Data envío: 05/11/2025 09:51:43,619

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:14:59
Nº Rexistro: 38171
Data envío: 05/11/2025 11:14:59.222

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:12
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Rosana Pérez Fernández, Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización administrativa do parque eólico Ruña III, e o modelo eólico da Galiza.

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:12
Por Óscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise da recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que anula a autorización administrativa do parque eólico Ruña III, e a urxente necesidade de reformar a normativa galega relativa ao aproveitamento eólico, de modo que garanta verdadeira protección ambiental, participación cidadá efectiva e retorno social e económico para o país.

Nas últimas dúas décadas, Galiza consolidouse como un dos territorios onde a produción de enerxía eólica ten un protagonismo singular. O rural galego, foi testemuña dunha auténtica revolución tecnolóxica, con centos de parques eólicos instalados e proxectos en permanente tramitación. Non obstante, esta integración no territorio non sempre se realizou exenta de conflitos: afeccións ambientais, presións sobre hábitats sensibles, afectación ao patrimonio cultural, ausencia de consensos veciñais e unha escasa repercusión económica para a poboación local e para as administracións galegas.

Nos últimos anos, vemos dúcias de proxectos que chegan ao territorio sen orde nin concerto, mesmamente superpoñéndose uns a outros dentro dunha mesma localización.

A sentenza do TSXG sobre Ruña III pon de manifesto prácticas que se teñen xeneralizado no sector: fragmentación artificial dos proxectos; en tódalas súas vertentes,

Asinado o día 05/11/2025 ás 11:12
Por José Manuel Golpe Acuña



ben separando o parque e a súa evacuación eléctrica, ben fraccionando o proxecto en varios para non superar o límite de potencia que obriga á tramitación estatal. Tamén o emprego de avaliacións ambientais incompletas, participación pública limitada a procedementos formais e retorno económico insuficiente para Galiza.

A fragmentación dos proxectos eólicos, tal e como se recolle na sentenza da Ruña III, supón separar legalmente a tramitación do parque e das infraestruturas eléctricas asociadas, como as liñas de evacuación ou subestacións colectoras. Esta práctica, como denuncia a sentenza, impide unha avaliación ambiental integral dos impactos: considéranse só as afeccións locais de cada proxecto por separado, excluindo efectos sinérxicos ou acumulativos sobre territorio, biodiversidade e paisaxe.

Diversas sentenzas da xurisdición estatal e europea confirman que esta separación artificial é contraria ao espírito das Directivas europeas sobre impacto ambiental e á propia lexislación do sector eléctrico e galego, que exixen valorar conxuntamente todas as infraestruturas necesarias para o funcionamento dos parques eólicos. O Tribunal advirte que isto pode derivar en fraudes de lei e supón un menoscabo das esixencias medioambientais, facilitando autorizacións en lugares sensibles da Rede Natura 2000 ou espazos de alto valor ecolóxico polo simple feito de "trocear" os impactos.

A sentenza evidencia que a declaración de impacto ambiental formulada para Ruña III foi insuficiente: non valorou as afeccións directas e indirectas sobre especies protexidas, humedais, regatos, Red Natura 2000, nin analizou os efectos acumulativos cos parques próximos nin coas infraestruturas compartidas.

Ademais, reconécese que a lexislación actual permite modificar proxectos sen esixir necesariamente nova información pública ou consultas á cidadanía, a menos que se xulgue que existen "efectos significativos" diferentes dos previstos. Esta discrecionalidade administrativa facilita que as modificacións non sexan debidamente sometidas a control social nin ambiental. Como resultado, licéncianse proxectos con





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:14:59
Nº Rexistro: 38171
Data envío: 05/11/2025 11:14:59.222

impactos non avaliados e en condicións que desatenden obxectivos de protección do territorio, da paisaxe e da biodiversidade.

Un dos déficits máis graves subliñados polo Tribunal reside na participación pública efectiva. Aínda que se realiza formalmente a exposición de proxectos e avaliacións ambientais, numerosos cidadáns e colectivos denuncian dificultades reais para acceder á documentación, presentar alegacións e obter respostas motivadas. O propio proceso de información pública acostuma ser complexo e pouco accesible, con prazos reducidos, publicacións dispersas e falta de información nos casos de modificacións sobre proxectos en tramitación.

A sentenza recolle incluso vulneracións de directivas europeas sobre o dereito de acceso á información ambiental e á participación pública. En resúmen, na práctica actual, a cidadanía é relegada a un papel secundario fronte aos intereses das promotoras e a aparente urxencia administrativa por "despachar" proxectos.

Galiza, a pesar de ser un dos territorios que máis enerxía achega á produción eólica do Estado, apenas percibe retorno económico directo: o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental resultan insuficientes para cubrir custos ambientais, sociais e de infraestruturas municipais. As comunidades afectadas non participan realmente na toma de decisións nin reciben compensación xusta polo papel estratéxico que desempeñan na transición enerxética. Os parques instálanse fundamentalmente no rural, quedando moitas veces como meros soportes industriais, sen que os beneficios enerxéticos e económicos repercutan na dinamización local nin na xestión do patrimonio xerado.

O tribunal chama a atención sobre a ausencia de coherencia da política eólica galega cos obxectivos da Rede Natura 2000, a protección de hábitats e especies prioritarias e a salvagarda do patrimonio natural e cultural. Licenzas concedidas sen valorar completamente as afeccións ao medio, impactos sobre zonas de paso de especies





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:14:59
Nº Rexistro: 38171
Data envío: 05/11/2025 11:14:59.222

migratorias ou proximidade a espazos catalogados vulneran o principio de sustentabilidade que debería rexer toda política enerxética e territorial.

A sentenza sobre Ruña III marca un punto de inflexión: amosa que o modelo actual non cumpre nin co rigor ambiental, nin cos principios de equidade territorial, nin coas demandas da cidadanía galega. Galiza precisa unha nova política eólica que asegure a sostibilidade, o progreso e a xustiza, sen converter o rural nun mero soporte industrial, sen hipotecar o futuro e garantindo que a transición enerxética reverta verdadeiramente no país.

Á vista destes antecedentes, resulta imprescindible acometer unha profunda reforma da lexislación galega sobre parques eólicos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Considera a Xunta mudar os criterios legais que rexen a autorización de parques eólicos no país?

Como valora a Xunta de Galiza a sentenza que anula a autorización do parque eólico Ruña III?

Ten pensado a Xunta demandar do Estado eliminar a barreira dos 50 MW que impide tramitar instalacións de potencia superior?

Considera a xunta que esta sentenza pode sentar un precedente para os máis de 90 parques eólicos paralizados xudicialmente?

Está disposta a Xunta a mudar a política eólica galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:12:33

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:12:41

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2025 11:12:48

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:12:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:14:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:14:59
Nº Rexistro: 38171
Data envío: 05/11/2025 11:14:59.222

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás modificacións introducidas no canon eólico e a incidencia neste das repotenciacións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O canon eólico foi creado pola Lei 8/2009 coa finalidade de repercutir parte da riqueza xerada pola actividade eólica na sociedade galega, compensando o impacto ambiental que sofre o territorio. Desde a súa implantación, e malia as sucesivas modificacións, o seu funcionamento ten demostrado importantes eivas: o retorno para os municipios afectados é moi insuficiente, xa que reciben menos do 30% do recadado polos aeroxeradores no seu territorio, mentres o resto se reparte por vía competitiva entre todos os concellos ou se destina a investimentos da Xunta noutras áreas que non gardan relación directa co impacto do sector eólico.

A recente reforma do canon, que grava agora a altura dos aeroxeradores en vez do seu número, supón unha perda alarmante da recadación para concellos afectados polas repotenciacións e para as administracións locais. De feito, as estimacións indican que os municipios deixarán de percibir arredor dun 82% das achegas nesta nova etapa, agravando a escasa compensación polo impacto ambiental e territorial das instalacións eólicas.

Pola contra, os parques non sometidos a repotenciación, coas novas máquinas de maior altura e potencia, quedarán suxeitos a unha carga impositiva diferente, pero sen garantir que ese incremento repercuta realmente nas facendas locais.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación evidencia un modelo de reparto que non responde nin a criterios xustos nin á lóxica compensatoria que debería presidir toda política tributaria ambiental. Ademais, o canon eólico non ten en conta os ingresos reais que os promotores obteñen do vento galego, nin promove que as comunidades locais participen no negocio ou na toma de decisións sobre o aproveitamento destes recursos naturais. O modelo actual dificulta o investimento social, a xestión racional dos recursos e a equidade territorial, e perpetúa debilidades históricas do sector, mesmo dende a reforma estatal de 2013 que penalizou Galiza cun incremento da tarifa eléctrica polo suplemento territorial.

Por todo isto, resulta imprescindible abordar unha reforma profunda do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental, que garanta beneficio directo, equidade e retorno social para os territorios afectados, poñendo fin ao actual sistema deseñado de xeito unilateral polo Executivo galego e pouco eficiente para a sociedade galega.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Analizou a Xunta como vai repercutir o novo canon eólico na recadación de parques eólicos existentes?
2. Analizou a Xunta como vai repercutir o novo canon eólico na recadación de parques eólicos repotenciados?
3. Considera a Xunta reformar o canon despois destas análises?
4. Ten intención a Xunta de deseñar un sistema impositivo para a enerxía eólica axeitado para o país?
5. Considera a Xunta modificar as inversións permitidas no fondo de compensación ambiental?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6. Como considera a Xunta que debería de repercutir a lei de beneficios nos concellos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:21:56

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:22:02

Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:22:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:26:50
Nº Rexistro: 38172
Data envío: 05/11/2025 11:26:50.972

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:26:50
Nº Rexistro: 38172
Data envío: 05/11/2025 11:26:50,972

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:26:51

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o desenvolvemento da Lei de cultura inclusiva e accesíbel e o incumprimento da Xunta a respecto da creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En consonancia cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesíbel, en agosto do 2024, antes de a lei ser aprobada no Parlamento, o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou nun acto público que “a Xunta terá lista despois do verán a orde de creación da Rede Adival de dinamización cultural no rural de Galicia, un proxecto que chegará a todo o territorio e no que ninguén quedará fóra deste círculo, independentemente do seu lugar de residencia ou idade”.

Esta Rede Adival anunciábase como un “importante impacto cultural” para os habitantes do rural teren acceso a este tipo de programacións co compromiso de garantir o acceso universal á cultura.

Segundo recolle a propia páxina da Consellería, para alén do achegamento dunha oferta diversificada de propostas culturais a todo o territorio, a creación da Rede Adival tamén recollería “as subvencións ás que terán acceso os integrantes, así como un servizo de asesoramento e un plan de formación”, así como “a elaboración dun programa de mediación que axude aos participantes na Rede na composición das súas actividades, tendo en conta os seus recursos e públicos”.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:59
Por Daniel Castro García

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:58
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis dun ano despois nada se soubo deste reiterado anuncio publicitario do Conselleiro, cando era presentado precisamente como un adianto da concreción da Lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza, aprobada en decembro de 2024 cos votos do PP.

Asemade, un ano despois da aprobación da lei, a Xunta aínda non foi quen de pór en marcha o Observatorio da cultura inclusiva e accesíbel, malia ter anunciado publicamente que estaría creado no primeiro semestre do ano en curso e de estar orzado con 60.000 euros no orzamento de 2025, nin tampouco do Plan de accesibilidade e de inclusión cultural.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cando vai comezar o goberno da Xunta a desenvolver a Lei de cultura inclusiva e accesíbel?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2025 11:58:51

Daniel Castro García na data 05/11/2025 11:59:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:00:13
Nº Rexistro: 38183
Data envío: 05/11/2025 12:00:13.497

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:00:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:00:13
Nº Rexistro: 38183
Data envío: 05/11/2025 12:00:13.497

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:08:24
Nº Rexistro: 38192
Data envío: 05/11/2025 12:08:24.664

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas oportunas a tomar ante os graves e reiterados incumprimentos no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Lonxe de dar un servizo que responda ás necesidades de mobilidade e vertebración do noso país, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes concesionarias do transporte público en detrimento dos usuarios e usuarias, dos traballadores e das traballadoras destas grandes concesión e das pequenas e medianas empresas do sector.

Estamos pois ante un servizo onde os incumprimentos por parte das grandes concesionarias son norma.

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:06
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:06
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:08:24
Nº Rexistro: 38192
Data envío: 05/11/2025 12:08:24.664

Se estudamos o proceso de deseño, adxudicación e execución do Plan de Transporte levado a cabo pola Xunta de Galiza nos últimos anos, podemos advertir un deseño totalmente desastroso no relativo aos diferentes proxectos de explotación das diferentes licitacións do servizo, así pois, nas propias ofertas das empresas concesionarias se advirte a baixa calidade destes proxectos, con moitas paradas mal localizadas ou percorridos, itinerarios e horarios irrealizábeis. A todo isto debemos engadir a desastrosa planificación en termos de cálculos económicos que están a provocar o rescate de varios contratos nos últimos tempos.

Se pasamos á parte da adxudicación debemos facer referencia á utilización perversa das fórmulas de UTE utilizadas por algunhas grandes empresas concesionarias co fin de acaparar o mercado co consentimento da Xunta de Galiza, ou o xa tratado caso de colusión entre Alsa e Monbus co fin de repartirse o mercado.

Se falamos da fase de execución do Plan de Transporte debemos falar dos notábeis incumprimentos que tiveron e teñen lugar desde a posta en marcha dos novos contratos de transporte. Incumprimentos en horarios, itinerarios, número de vehículos, repetición de matrículas, falta de persoal condutor, irregularidades na acreditación de bases operativas e un incumprimento moi elevado dos quilómetros a realizar por parte das empresas marcados nos diferentes contratos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai a Xunta de Galiza en relación ao grao de cumprimento dos contratos do servizo público de transporte de Galiza por parte das empresas concesionarias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2025 12:06:40

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 12:06:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:08:24
Nº Rexistro: 38192
Data envío: 05/11/2025 12:08:24.664

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:08:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:08:24
Nº Rexistro: 38192
Data envío: 05/11/2025 12:08:24.664

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á transferencia da xestión e titularidade aeroportuaria a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os aeroportos son unha infraestrutura esencial para contribuír ao desenvolvemento económico e social dun territorio. A súa importancia vai alén de facilitar a mobilidade con conexións áxiles entre lugares remotos, dado que un uso eficaz e integrador con outras infraestruturas de transporte permite establecer sinerxias entre diversos sectores económicos e dinamizar as economías do seu contorno.

O modelo aeroportuario do Estado español, no que se insire Galiza, está baseado nunha concepción centralizada que resta autonomía na xestión dos aeroportos. Porén, existen outros modelos de éxito que, partindo da vinculación co territorio que teñen estas infraestruturas e polo tanto da súa condición como axentes económicos, implantaron modelos de xestión aeroportuaria con maior descentralización para unha maior asociación cos intereses económicos do territorio onde se asentan.

Estes modelos, baseados na proximidade e conciliación entre as operacións de enlaces aéreos e as actividades terrestres vinculadas a esa mobilidade que facilita e promove o transporte aéreo, requiren dunha coordinación e vinculación coas políticas económicas propias de cada territorio e para iso deben contar unha presenza, representación e capacidade de decisión relevantes das institucións propias.

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:26
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/11/2025 ás
12:26
Por Paulo Ríos Santomé



O Estado español permanece alleo a esta tendencia de dotar de autonomía aos aeroportos para establecer políticas de xestión diferenciada que permitan establecer estratexias que non se centren exclusivamente na implementación dunha rede de enlaces aéreos en prol de intereses centralistas que se afanan en afortalar a creación de varios polos de transporte aéreos de referencia -moi dependentes das grandes cidades ou zonas con maior actividade turística- deixando nun papel secundario a maior parte das infraestruturas aeroportuarias.

No caso de Galiza, esta visión política execútase na actualidade por AENA, e implica que a xestión aeroportuaria estea afastada da realidade territorial e dos intereses económicos galegos. Os tres aeroportos galegos non contan cunha estratexia coordinada, definida e clara para poder tecer unha rede de enlaces aéreos que responda aos intereses e prioridades reais de Galiza, senón que están sometidos a unha planificación que prima o fortalecemento de grandes aeroportos aos cales se subordina a actividade dos restantes.

Isto resta de xeito evidente a capacidade de aproveitar todo o potencial das infraestruturas aeroportuarias en Galiza e mesmo implica que se vexan sometidas a incertidumes derivadas de mudanzas na programación das compañías aéreas. Segundo os datos de AENA os tres aeroportos de Galiza pecharon 2024 cunha cifra próxima aos 5,93 millóns de persoas usuarias que, sendo unha cifra similar aos que empregaron ditas instalacións no ano anterior á irrupción da pandemia da COVID, aínda fica a case tres millóns de persoas pasaxeiras do seu límite operativo.

Este déficit á hora de procurar un aproveitamento do potencial óptimo dos aeroportos galegos non se vai corrixir de seguir mantendo unha xestión baixo os parámetros do modelo actual, porque as prioridades do mesmo non se establecen en función de procurar obxectivos integradores coa economía do territorio onde se asentan



senón en función de potenciar unha rede de enlaces que favoreza a rendibilidade dos operadores aéreos.

E tampouco semella que se obtiveran resultados positivos desde a regulación legal (a través do Real decreto-Lei 20/2012) e constitución formal (en 2014) dos denominados Comités de Coordinación Aeroportuaria, vinculados a AENA, que soamente permiten unha participación testemuñal e parcialmente colaborativa de institucións autonómicas e locais, mais que limitan claramente que se poidan establecer estratexias propias e acaídas en función dos intereses, no noso caso, de Galiza que se aparten das directrices centralizadoras xerais que establece AENA.

A importancia do tráfico aeroportuario en Galiza é cada vez máis relevante, non só polo aumento de persoas viaxeiras e mercadorías que se rexistra cada ano, senón porque é preciso considerar aos aeroportos non simplemente como a instalación que facilita enlaces de transporte aéreo senón como un axente económico que tamén opera para fortalecer e desenvolver outros sectores do tecido económico de Galiza. Por iso, é unha necesidade urxente que as propias institucións de autogoberno de Galiza poidan asumir as competencias en materia de aeroportos de interese xeral a fin de deseñar unha política propia que ademais é oportuna tendo en conta a peculiar ubicación xeográfica galega, coa competencia próxima doutros aeroportos internacionais.

O vixente artigo do Estatuto de Autonomía contempla unicamente a competencia exclusiva nos aeroportos e heliportos non clasificados de interese xeral (artigo 27.9).

Porén, a marxe das previsións estatutarias, o artigo 150.2 da Constitución habilita ao Estado para transferir ou delegar ás Comunidades Autónomas, mediante Lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a vía legal habilitada polo citado artigo 150.2, constitúe unha técnica de intervención extraordinaria do lexislador orgánico para trasladar o exercicio de facultades competenciais de titularidade estatal ás Comunidades Autónomas. Ao tempo de permitir modificar a repartición competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas deducido da Constitución, flexibiliza os límites que a Constitución impón a esa repartición de maneira indefinida, co fin de ampliar o teito competencial das Comunidades Autónomas a medida que se van asentado, tanto xurídica como socialmente.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar o goberno galego para demandar do estado español a transferencia da xestión e titularidade aeroportuaria a Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2025 12:26:33

Luis Bará Torres na data 05/11/2025 12:26:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:27:42
Nº Rexistro: 38193
Data envío: 05/11/2025 12:27:42.988

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 12:27:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 12:27:42
Nº Rexistro: 38193
Data envío: 05/11/2025 12:27:42.988

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:02:15
Nº Rexistro: 38211
Data envío: 05/11/2025 18:02:15.779

Asinado o día 05/11/2025 ás 17:36
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do Benestar e un dereito recoñecido no artigo 43 da Constitución Española. Garantir unha atención sanitaria universal, gratuíta e de calidade é unha obriga das administracións públicas, e especialmente da Xunta de Galicia, como responsable da xestión do sistema sanitario galego.

A atención primaria constitúe a porta de entrada ao sistema e o nivel asistencial máis próximo á cidadanía. É o espazo onde se prevén enfermidades, se atenden os primeiros síntomas e se realiza o seguimento das patoloxías crónicas. Cando a atención primaria falla, todo o sistema sanitario se resinte: medran as urxencias hospitalarias, agrávanse os problemas de saúde e aumenta a desigualdade no acceso á asistencia.

Porén, a realidade actual amosa que o Goberno galego leva anos desatendendo este nivel asistencial, sen planificación nin investimento suficiente. A falta de profesionais, a precariedade laboral e a escasa reposición de prazas están a provocar unha situación de colapso en moitos centros de saúde de Galicia.

O caso do Centro de Saúde de Cariño é unha mostra especialmente grave desta situación. As veciñas e veciños do municipio están a sufrir demoras de máis de 13 días para poder acceder a unha cita coa médica ou médico de cabeceira. Esta espera, absolutamente inasumible, supón unha vulneración do dereito á atención sanitaria en tempo e forma, e pon en risco a saúde das persoas que precisan atención urxente ou seguimento continuado.

Asinado o día 05/11/2025 ás 17:36
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 05/11/2025 ás 17:35
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

133874



A situación é particularmente preocupante nun concello como Cariño, onde moitos pacientes son persoas maiores con enfermidades crónicas e con dificultades de mobilidade. A ausencia dunha resposta inmediata pola parte da Xunta de Galicia supón unha discriminación territorial evidente e unha mostra máis do deterioro progresivo da atención primaria en todo o país.

É imprescindible que o Goberno galego actúe de maneira inmediata, reforzando o cadro de persoal médico e de enfermaría, mellorando a organización interna e garantindo que ningunha persoa teña que agardar máis de 48 horas para ser atendida pola súa médica ou médico de cabeceira. A saúde non pode esperar, e a igualdade de acceso aos servizos públicos tampouco.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para reducir de maneira inmediata os tempos de espera no Centro de Saúde de Cariño?

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/11/2025 17:35:54

Elena Espinosa Mangana na data 05/11/2025 17:36:01

Silvia Longueira Castro na data 05/11/2025 17:36:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:02:15
Nº Rexistro: 38211
Data envío: 05/11/2025 18:02:15.779

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 18:02:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 18:02:15
Nº Rexistro: 38211
Data envío: 05/11/2025 18:02:15.779

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:17:29
Nº Rexistro: 38237
Data envío: 06/11/2025 10:17:29.102

Asinado o día 06/11/25
10:15
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** relativa ás medidas a tomar polo goberno galego diante das verteduras producidas recentemente entre a praia dos Raposiños e o porto da Pobra do Caramiñal.

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:15
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre finais do pasado mes de setembro e primeiros do mes de outubro producíronse verteduras durante varios días entre a praia dos Raposiños e o porto, na Pobra do Caramiñal.

Os vertidos foron detectados polo propio sector marisqueiro, quen manifestou publicamente que se viñan realizando de noite e que sospeita que puideran proceder da limpeza de instalacións industriais adicadas á transformación de alimentos.

A administración galega é a competente en materia de vertidos á ría de Arousa e, lamentablemente, estes episodios veñen sendo recorrentes sen que sexa capaz de poñerlles freo e actuar coa determinación que requiren casos desta índole.

Non é a primeira vez que, incluso diante de calquera denuncia, non fai seguimento ou non sanciona, tal e como o fixo constar a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña, nunha denuncia presentada no Xulgado de Instrución de Ribeira no ano 2021, por mor das verteduras reiteradas á ría dunha empresa conserveira do concello de Boiro.

Ademais da falta de seguimento ou de sancións, a Xunta de Galiza practica a este respecto o arquivo continuado de denuncias, tamén constatado nunha sentenza do

Asinado o día 06/11/2025 ás
10:15
Por Rosana Pérez Fernández



Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, de febreiro de 2024 sobre vertidos da mesma empresa, ou non abre os correspondentes expedientes de investigación.

O Goberno galego ten a obriga de protexer rigorosamente ao medio e ás persoas diante deste tipo de prácticas, de controlar exhaustivamente os vertidos ás rías que neste caso ademais poderían afectar gravemente ao sector marisqueiro, xa moi prexudicado pola incesante perda de produtividade nos seus bancos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza da calidade das augas e dos datos de vertidos á ría de Arousa?
- . Que medidas está a tomar para reducir eses vertidos en xeral e os de procedencia industrial en particular?
- . Que actuacións está a levar a cabo diante das verteduras producidas entre finais do mes de setembro e primeiros de outubro na zona da praia dos Raposiños e do porto da Pobra do Caramiñal?
- . Sinaladamente, que actuacións está a desenvolver para determinar a orixe, a composición, a carga contaminante e as consecuencias deses vertidos?
- . Ten aberto algún expediente en aras á aplicación das sancións correspondentes aos infractores? De non ser así, por que razón?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2025 10:15:33

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 10:15:43

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 10:15:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:17:29
Nº Rexistro: 38237
Data envío: 06/11/2025 10:17:29.102

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:17:29
Nº Rexistro: 38237
Data envío: 06/11/2025 10:17:29.102

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:17:29

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/11/2025 ás 10:29
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás accións a desenvolver polo goberno galego para evitar unha grave afectación á frota pesqueira galega polos previsíbeis recortes de TACs e cotas para 2026.

Asinado o día 06/11/2025 ás 10:28
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada ano, a Comisión Europea deu a coñecer recentemente a súa proposta de Totais Admisíbeis de Captura (TAC) e cotas pesqueiras, neste caso para 2026. A negociación das cotas pesqueiras é un momento de grande importancia para a frota de pesca galega que leva anos padecendo recortes e vedas por parte da UE que fan insostíbel o mantemento da actividade pesqueira, con cada vez máis limitacións e con custos que superan aos ingresos.

A proposta da Comisión Europea ten a ver, entre outras, coas posibilidades de pesca de distintas poboacións pesqueiras no Atlántico en augas ibéricas, nas zonas IXa, de Fisterra ao Golfo de Cádiz, e VIIIc, de Fisterra para o norte, que afectan a Galiza, e que se decidirán na cimeira do Consello de ministros de Pesca da UE, a celebrar os días 11 e 12 do vindeiro mes de decembro.

En principio, o organismo europeo propón manter a cota de pescada en augas ibéricas. Para o rapante indica unha suba do 12% e para o peixe sapo un recorte do 2%, cando neste ano experimentaron incrementos na cota do 22,8% e do 16,8% respectivamente.

Asinado o día 06/11/2025 ás 10:28
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o xurelo prevén unha redución da cota do 5% na zona que vai de Fisterra ata o Golfo de Cádiz e preocupan ao sector pesqueiro galego as previsións de recorte do 26% na cota de abadexo e a rebaixa nun 28% da cota de linguado, dúas especies de moito interese para as frotas galegas.

Quedando aínda pendentes por coñecer as cotas de pesca de especies en augas compartidas co Reino Unido, nomeadamente no Gran Sol, a maior intranquilidade para a frota galega, nomeadamente a do cerco, vén da man da proposta do ICES respecto do recorte do 70% na cota da xarda e do 41% na do lirio, que afectaría principalmente ao arrastre de litoral.

Con carácter xeral, hai que sinalar que a escaseza de cotas nas principais especies para a frota galega dos últimos anos non se vai mellorar para o 2026. Moi ao contrario, os recortes que se prognostican para o abadexo, o linguado, a xarda ou o lirio, supoñerían un durísimo golpe para o sector pesqueiro galego.

As perspectivas pois volven ser alarmantes de cara ao vindeiro ano para a frota galega que con esta proposta volve ver comprometida a súa viabilidade futura. Por un lado, as vedas nas 87 zonas que poden incluso aumentar, e por outro, o mesmo guión ou aínda peor para a distribución dos TACs para o 2026, non ofrecen garantías de futuro ao sector da pesca de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación que está a vivir a frota pesqueira galega diante dos continuados recortes de TACs e cotas de especies principais para a súa subsistencia nos últimos anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai das propostas da recente reunión da Comisión Europea sobre as posibilidades de pesca para 2026 das augas que xestiona en exclusiva?

. Que valoración fai sobre o impacto social e económico que poderían ter esas propostas sobre a frota galega e sobre o conxunto da economía do noso país?

. Que accións está a levar a cabo para defender as variábeis económicas e sociais que contempla a PPC para a recomendación de capturas e agora ratificada pola sentenza do TXUE do 11 de xaneiro?

. Que medidas vai levar a cabo para paliar os posíbeis efectos dun acordo do Consello de Ministros da UE desfavorábel de novo para a frota pesqueira galega?

. Prevé a convocatoria de axudas propias que complementen as de outras Administracións para cubrir novos paros biolóxicos? De non ser así, por que razón?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/11/2025 10:28:47

Carmela González Iglesias na data 06/11/2025 10:28:57

Daniel Castro García na data 06/11/2025 10:29:04

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 10:29:18

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2025 10:29:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:11
Nº Rexistro: 38240
Data envío: 06/11/2025 10:36:11.248



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 10:36:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 10:36:11
Nº Rexistro: 38240
Data envío: 06/11/2025 10:36:11.248

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:02
Nº Rexistro: 38290
Data envío: 06/11/2025 12:00:02.706

Asinado o día 06/11/25
11:57
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Montserrat Prado Cores, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as previsión para a mellora da policía dependente da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galiza prevé, no seu art.27.25 a creación dun corpo de policía propio, previsión que non se chegou a efectivizar, malia que en 2007 chegouse aprobar a Lei de Policía de Galiza, pendente de desenvolvemento pola contumaz negativa do actual Partido Popular de permitir que Galiza conte cun corpo de policía propio, e que sexa a Xunta quen poda determinar a organización, estrutura e medios dunha forza de seguridade e protección dos dereitos fundamentais en Galiza.

No canto de contar co corpo de policía propio previsto no Estatuto, Galiza dispón dunha sección da policía do estado, que organicamente segue a depender do ministerio do interior, e que funcionalmente está adscrita á Xunta de Galiza.

A Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia foi creada mediante Orde do Ministerio do Interior de 19 de xuño de 1991, tras un acordo administrativo entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galiza en outubro de 1990 no que se determinaban, p.e. as condicións e recursos cos que contaría a unidade. Este Convenio foi puntualmente renovado cada tres anos, agás o subscrito o día 17 de outubro de 2005 que vencido ao final do 2008 a Xunta de Galiza non foi quen de acordar un novo Acordo que permita actualizar as condicións da Unidade de Policía Adscrita a Galiza.

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:57
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:57
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A falla de vontade do PP de dotar a Galiza cun corpo de policía propio, e a incapacidade para durante 17 anos chegar a acordos co goberno do estado -de diferente cor política, tanto do PSOE, como do propio PP- están a provocar unha grave deterioro da UPA, que ve como mingua o seu cadro de persoal dende 2013, sen que sequera en ningún momento da súa historia chegara a cubrir as previsións do seu catálogo, hoxe obsoleto.

Nas últimas semanas o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, con competencias tamén en materia de interior, ven ameazando coa privatización da seguridade en edificios públicos, que deixaría de ser atendida por da UPA e pasaría a ser prestado por empresas de seguridade privada. Novamente o Partido Popular aposta pola privatización da atención en servizos esenciais para a poboación.

Por todo o exposto fórmase a seguinte Interpelación:

Que xestións realizou a Xunta de Galiza co Goberno do Estado para a renovación do Acordo Administrativo de colaboración para a adscrición a Galiza dunha unidade da policía, vencido en outubro de 2008?

Ten previsto a Xunta de Galiza ordenar que a Unidade de Policía Adscrita deixe de presentar o servizo de seguridade en institucións e edificios públicos como o Parlamento, San Caetano ou na residencia oficial do Presidente da Xunta?

No seu caso, ese servizo deixaría de prestarse ou pasaría a ser realizado por empresas de seguridade privada?

Informouse ao Presidente do Parlamento ou as organizacións sindicais da vontade de suprimir a seguridade pública en edificios públicos?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En canto estima a Xunta o custe da prestación por empresas privadas dos servizos de seguridade no Parlamento de Galiza, en San Caetano ou na residencia oficial da Xunta de Galiza?

Cal é o importe exacto das cantidades satisfeitas pola Xunta de Galiza, e sector público autonómico, en cada exercicio dos últimos 5 anos a empresas de seguridade privada?

Solicitou a Xunta de Galiza actualización do catálogo de efectivos da UPA?

Considera que as circunstancias, condicións e funcións tidas en conta para a elaboración do vixente catálogo son as mesmas que as actuais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/11/2025 11:57:26

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 11:57:35

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 11:57:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:02
Nº Rexistro: 38290
Data envío: 06/11/2025 12:00:02.706

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:00:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:02
Nº Rexistro: 38290
Data envío: 06/11/2025 12:00:02.706

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

 Asinado o día 06/11/25
 13:45
 Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Montserrat Prado Cores, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a que Augas de Galiza incorpore solucións baseadas na natureza en todas as novas actuacións.

 Asinado o día 06/11/2025 ás
 13:44
 Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza vive un ciclo recorrente de inundacións que afectan significativamente a poboación rural e urbana. Os episodios de crecidas extraordinarias nos ríos Umia, Bispo, Lagares e noutros cursos fluviais deixan perdas económicas importantes, danos en infraestruturas e, en ocasións, risco para a vida das persoas. A Xunta de Galiza ten obriga de implementar estratexias de mitigación eficaces e duradeiras.

Fronte a isto, o modelo tradicional de xestión hidrolóxica en Galiza segue ancorado nas chamadas infraestruturas grises: represas, canalizacións, muros de contención e obras de formigón que pretenden "domesticar" os ríos mediante intervencións estruturais. Ese enfoque concentra a inmensa maioría dos recursos públicos e persiste malia o consenso internacional sobre as súas limitacións técnicas e ambientais. As represas teñen ciclo de vida limitado, requiren mantemento constante, alteran permanentemente os ecosistemas fluviais e non resollen o problema de fondo: a restauración da capacidade natural dos ríos de absorber e regular caudais.

 Asinado o día 06/11/2025 ás
 13:44
 Por Montserrat Valcárcel Armesto




BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Augas de Galiza, organismo autónomo da Xunta con competencias en xestión de recursos hídricos, anunciou publicamente un cambio de paradigma cara a "solucións verdes" e "corredores ecolóxicos" para a xestión do risco de inundacións. Esa declaración de intencións é benvida; porén, a realidade orzamentaria e executiva amosa un desacoplamento alarmante entre o discurso político e a acción real. As solucións verdes seguen sendo investimentos residuais, mentres que as obras de canalización e as infraestruturas convencionais continúan a recibir a maioría dos fondos.

Análise da situación actual.

A restauración fluvial, elemento central das solucións baseadas na natureza, apenas ocupa un lugar periférico nos orzamentos de Augas de Galiza. O exemplo máis emblemático é o río Umia: a restauración do bosque de ribeira, fundamental para manter a estabilidade do cauce, regular os caudais e proporcionar servizos ecolóxicos, dispón unicamente de 150.000 euros. Esa cantidade é completamente desproporcionada fronte a varios millóns de euros que se dedican a obras de canalización e consolidación de marxes mediante formigón. A biodiversidade fluvial, os hábitats de fauna e flora, e a calidade ecolóxica dos ríos quedan relegadas a un segundo plano.

As chamadas áreas de inundación controlada representan outro exemplo ilustrativo. Augas de Galiza anunciou un programa con investimento de 5 millóns de euros en catro localizacións: Ponteceso, Río Bispo, Lagares e Vilagarcía. Esas zonas húmidas de infiltración son ferramentas comprobadas para reducir a velocidade das avenidas, retardar os caudais de punta e permitir a infiltración natural da auga no terreo. Son, en definitiva, solucións verdes de primeira orde. Non obstante, eses 5 millóns de euros corresponden maioritariamente a estudos técnicos e proxectos de enxeñeira, non a execución real. Meses despois do anuncio, esas áreas de inundación controlada permanecen sobre o papel, sen intervención real no territorio.



Paralelamente, a restauración de corredores fluviais —especialmente mediante reforestación con especies autóctonas— segue recibindo financiación anecdótica. Os bosques de ribeira son infraestruturas verdes de máxima importancia: reducen a erosión das marxes, estabilizan o leito fluvial, retardan os caudais de avenida, facilitan a infiltración e, fundamentalmente, mantén os caudais ecolóxicos que son vitais para a vida das comunidades bióticas fluviais. A súa restauración non é un capricho ambiental, senón unha medida estrutural de xestión do risco.

O contraste coas solucións baseadas na natureza.

A ciencia hidrolóxica e a experiencia internacional demostran que as solucións baseadas na natureza ofrecen resultados moito máis duradeiros, resilientes e de menor impacto ambiental que as infraestruturas grises. Os bosques de ribeira, as zonas húmidas, os prados inundables e a restauración de cauce actúan simultaneamente como infraestruturas de protección fronte a inundacións e como rehábítats que recuperan a biodiversidade acuática e terrestre. A inversión en natureza é, ademais, máis económica a longo prazo: o mantemento dunha zona húmida restaurada é infinitamente máis baixo que o da manutención e reparación de obras de formigón sometidas a sete anos de estrés hídrico.

Galiza dispón de amplas oportunidades de implementación: ríos cunha vexetación ribeirá degradada, antigos bosques de ribeira que desapareceron por aproveitamentos forestais intensivos, e zonas potencialmente inundables que poderían actuar como amortecedores naturais de crecidas. A restauración deses espazos non require apenas máis diñeiro, senón, fundamentalmente, vontade política de priorizar a natureza fronte ao cemento.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dispón Augas de Galiza de estudos comparativos de custo-beneficio a longo prazo entre infraestruturas grises e solucións baseadas na natureza que fundamenten que se priorice o formigón fronte a restauración?

2. Cando ten previsto Augas de Galiza pasar da fase de estudos técnicos á execución real das zonas húmidas de infiltración anunciadas en Ponteceso, Río Bispo, Lagares e Vilagarcía?

3. Por que motivos a restauración de bosques de ribeira no río Umia dispón unicamente de 150.000 euros, fronte aos millóns dedicados a canalizacións, sendo a restauración fluvial una medida estrutural de mitigación de inundacións?

4. Que porcentaxe do orzamento de Augas de Galiza se dedica a solucións verdes (restauración fluvial, zonas húmidas, reforestación ribeirá) fronte a infraestruturas grises (represas, canalizacións, muros), e cales son os obxectivos de redistribución orzamentaria nos próximos catro anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/11/2025 13:44:50

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 13:44:59

Carmela González Iglesias na data 06/11/2025 13:45:07

Alexandra Fernández Gómez na data 06/11/2025 13:45:18

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 13:45:31

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/11/2025 13:45:38

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 13:45:44

Paulo Ríos Santomé na data 06/11/2025 13:45:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 13:51:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 13:51:34
Nº Rexistro: 38307
Data envío: 06/11/2025 13:51:34.312

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:06
Nº Rexistro: 38337
Data envío: 06/11/2025 17:40:06.902

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

No verán de 2025, Galicia sufriu o maior incendio forestal da súa historia recente, que devastou amplas zonas da comarca de Valdeorras, na provincia de Ourense.

As lapas afectaron a máis de 30.000 hectáreas, espallándose polos concellos do Barco, A Rúa, Vilamartín, Petín, Rubiá, Carballada de Valdeorras, Larouco e A Veiga, e deixando tras de si un territorio profundamente alterado, tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Durante días, os veciños e veciñas viviron situacións de extremo perigo, con aldeas rodeadas polo lume e perdas ambientais irreparables. Mais a traxedia non rematou co lume: tras o incendio chegou a segunda destrución, a das augas contaminadas e os solos desfeitos.

As primeiras chuvias de outono provocaron arrastres masivos de cinza, terra e lodo dende os montes queimados cara aos ríos, regatos e depósitos de captación de auga, ocasionando turbidez, contaminación e interrupcións nos sistemas de abastecemento municipal.

Fontes municipais informaron de restricións no consumo humano en varios lugares, así como da presenza visible de cinza nas traídas e depósitos.

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:36
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:36
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133898

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ftTuVurL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:06
Nº Rexistro: 38337
Data envío: 06/11/2025 17:40:06.902

Os medios de comunicación cualificaron a situación como “o chapapote de monte”, en alusión ao estado dos ríos Sil, Cigüeño e Bibeí, cubertos por lodos e sedimentos escuros que fan imposible o tratamento da auga. Houbo aldeas enteiras do Barco, A Rúa, Vilamartín e Petín que quedaron sen auga potable durante días, mentres outros concellos como Rubiá, Carballeda, Larouco e A Veiga rexistraron captacións alteradas e risco de contaminación.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil, organismo dependente do Goberno de España, actuou de inmediato enviando 17 brigadas de cinco compoñentes cada unha (un total de 85 profesionais), das que 12 operan en Ourense e 3 en Lugo, dedicadas á estabilización de solos, á limpeza de ribeiras e á protección de mananciais e captacións.

Grazas a estas intervencións, púidose reducir parcialmente o impacto, mais a situación segue a ser delicada e con risco de novos episodios de contaminación se volven as choivas intensas.

Pola contra, a Xunta de Galicia non adoptou medidas de urxencia nin elaborou un plan integral de restauración posterior aos lumes. Limitouse a escusarse en cuestións competenciais e a derivar a responsabilidade cara á Confederación Hidrográfica, mentres os concellos —de todas as cores políticas— advertían da gravidade da situación e pedían axuda.

A Xunta de Galicia non pode permanecer impasible nin limitarse a comunicados.

Ten a obriga de liderar, financiar e coordinar as actuacións necesarias para restaurar o solo, rexenerar os montes, protexer os recursos hídricos e garantir o dereito á auga limpa dos veciños e veciñas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133899

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:06
Nº Rexistro: 38337
Data envío: 06/11/2025 17:40:06.902

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que actuacións concretas realizou o Goberno galego, desde o mes de agosto de 2025 para evitar a contaminación das captacións de auga nos concellos do Barco, A Rúa, Vilamartín, Petín, Rubiá, Carballeda, Larouco e A Veiga de Valdeorras?
2. Prevé o Goberno galego a elaboración e execución dun plan de restauración hidrolóxico-forestal da comarca de Valdeorras, en coordinación cos concellos afectados?
3. Que axudas económicas e técnicas puxo ou vai poñer o Goberno galego a disposición dos concellos para afrontar a emerxencia ambiental e sanitaria derivada dos arrastres de cinza e lodo nas súas captacións?
4. Ten previsto o Goberno galego realizar analíticas públicas e periódicas da calidade da auga e establecer un sistema de vixilancia permanente nas captacións e mananciais afectados?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133900

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 06/11/2025 17:36:21

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/11/2025 17:36:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:06
Nº Rexistro: 38337
Data envío: 06/11/2025 17:40:06.902

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:40:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:40:06
Nº Rexistro: 38337
Data envío: 06/11/2025 17:40:06.902

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o Pacto de Vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 chega ao seu fin, sen que lograse mellorar a situación no acceso á vivenda. Tratábase dun Pacto de Vivenda que nacía morto por carecer de análise e de obxectivos concretos e por reducirse a un panfleto xeralista con declaracións de intencións vagas.

Os informes de seguimento deste pacto tampouco aportaron claridade sobre a evolución e os resultados obtidos, por seren excesivamente ambiguos en aspectos centrais.

En 2026 debería entrar en vigor o vindeiro Plan de Vivenda galego sen que se teña presentado por parte do goberno galego ningunha conclusión do anterior, ningunha análise da situación actual e dos retos e obxectivos inmediatos, nin tampouco ningún avance nin borrador público.

Resulta especialmente chamativo que mentres se produce a tramitación dos vindeiros orzamentos 2026 non exista nin unha soa referencia nos mesmos ao vindeiro plan galego de vivenda. Semella que a Xunta de Galiza carece de toda visión estratéxica en cuanto á súa política de vivenda.

O problema de acceso á vivenda e a planificación do parque inmobiliario debe abordarse atendendo a múltiples factores. Igualmente a solución pasa por combinar de

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:59
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 06/11/2025 ás
17:59
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

forma adecuada respostas múltiples. Porén a Xunta de Galiza neste momento non ten análise e reduce as súas propostas a unhas poucas promesas vagas, que nin tan sequera sabemos cando e como pretende executar.

Tendo en conta a inminente caducidade do actual plan de vivenda, formúlanse a seguinte interpelación:

- Cando ten previsto a Xunta de Galiza presentar publicamente o borrador do vindeiro Plan de Vivenda?
- Vai a Xunta de Galiza a realizar un proceso de participación aberto á sociedade en base a ese borrador?
- Vai a Xunta de Galiza a someter a debate o borrador do Plan de vivenda no Parlamento antes da súa aprobación?
- Por que a Xunta de Galiza non presentou aínda ningún avance de dito plan?
- Vai a Xunta a realizar un informe de execución do anterior Plan?
- Vai a Xunta de Galiza a presentar unha análise da situación actual en materia de vivenda?
- Como se van relacionar os resultados do anterior plan cos obxectivos do vindeiro plan?
- Cando ten prevista a súa aprobación definitiva?
- Que obxectivos se marca a Xunta de cara ao vindeiro Plan de Vivenda?
- Cales van ser as liñas estratéxicas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/11/2025 17:59:16

Luis Bará Torres na data 06/11/2025 17:59:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 18:01:01
Nº Rexistro: 38350
Data envío: 06/11/2025 18:01:01.539

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 18:01:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 18:01:01
Nº Rexistro: 38350
Data envío: 06/11/2025 18:01:01.539

CSV: BOPGDSPG-ftTuVturL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

